



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 29

Sesión Plenaria
23 de maio de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa legislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo (doc. núm. 50812, 09/PPLI-000014)

Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG nº 671, do 06.07.2016
Publicación BOPG, nº 93, do 30.03.2017

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, de reforma do Regulamento (doc. núm. 6438, 10/PPLR-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 15.03.2017

Punto 2. Comparecencia

9119 (10/CPP-000021)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar do novo modelo de atención en Atención Primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

Punto 3. Moción

9055 (10/MOC-000031)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos datos referidos á pobreza infantil. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2459, publicada no BOPG nº 36, do 28.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 09.05.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 1245 (10/PNP-000111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e catro deputados/as

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da mellora e clarificación da regulación da publicidade sanitaria, no relativo a centros, establecementos, bens e servizos para evitar anuncios enganosos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

4.2 5577 (10/PNP-000473)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles, e oito deputados/as máis**

Sobre o mantemento e promoción pola Xunta de Galicia das axudas na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago, como mínimo, ata o ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

4.3 8075 (10/PNP-000746)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contratar ou trasladar os seus clientes ao mercado libre da enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

4.4 8157 (10/PNP-000754)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre o traslado pola de Xunta de Galicia ao Congreso dos Deputados da solicitude de constitución dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

4.5 8481 (10/PNP-000796)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio, e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

4.6 8545 (10/PNP-000800)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeadada no viñado, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

4.7 8571 (10/PNP-000803)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e dous deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e, nomeadamente, a das persoas galegas emigrantes nese país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

4.8 8618 (10/PNP-000808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de Estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 7030 (10/INT-000292)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política de urxencias médicas e emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

5.2 8005 (10/INT-000335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel, e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as instrucións ditadas para a realización, no curso 2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

5.3 8666 (10/INT-000369)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis

Sobre a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112, do 10.05.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 9120 (10/POPX-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a venda por Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

6.2 9167 (10/POPX-000035)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en materia de infraestruturas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

6.3 9168 (10/POPX-000036)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre os intereses defendidos polo Goberno galego nas decisións referidas aos temas transcendentales para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 6091 (10/POP-000797)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula, e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións concretas que está a levar a cabo a Unidade de Policía Adscrita no ámbito da protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

7.2 9131 (10/PUP-000082)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel, e dous deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego respecto do requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia en relación co Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.3 7087 (10/POP-000917)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime, e seis deputados/as máis**

Sobre os novos programas postos en marcha ou previstos polo Goberno galego en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97, do 06.04.2017

7.4 7931 (10/POP-001027)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores, e dous deputados/as máis**

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as súas centrais hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106, do 27.04.2017

7.5 3293 (10/POP-000391)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre o asentamento de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

7.6 9170 (10/PUP-000084)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do prazo e da información facilitada aos centros para a realización e preparación no curso escolar 2016-2017 das probas das reválidas en educación primara previstas na LOMCE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.77591 (10/POP-000982)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e Vázquez Verao, Paula**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o desdoblamento e traslado da Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral, no barrio da Residencia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

7.8 9130 (10/PUP-000081)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles resposta ás demandas dos doentes que padecen atrofia muscular espiñal, en especial, no referido á administración do novo fármaco denominado Nusinersen/Spinraza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

7.9 4677 (10/POP-000583)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula, e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns da demora do pagamento dos seus servizos ao persoal que desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no agro galego 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

7.10 9140 (10/PUP-000083)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José, e seis deputados/as máis**

Sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural respecto dos efectos das xeadas da última semana de abril de 2017 no sector vitivinícola galego, así como as medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Antes de entrar na orde do día, o señor presidente convida a Cámara a gardar un minuto de silencio para expresar a condena ao atentado cometido en Manchester e trasladar a solidariedade do pobo galego ás vítimas e ás súas familias.

As señoras e os señores deputados, os membros do Goberno, así como o persoal asistente e o público invitado á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 12.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica un cambio no desenvolvemento da orde do día, que afecta ao debate dunha interpelación e de dúas preguntas. (Páx. 12.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. representante da comisión promotora (Ricón Reguera). (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 16.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 19.), Sr. Cal Ogando (Em) (Páx. 22.) e Sr. Moreira Ferro (P) (Páx. 25.).

Rolda de réplica: Sr. representante da comisión promotora (Ricón Reguera). (Páx. 29.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, de reforma do Regulamento. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 33.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 36.) e *Sra. Prado del Río (P)* (Páx. 39.).

Rolda de réplica: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 43.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a creación do hospital público único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital de Montecelo: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 44.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, de reforma do Regulamento: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 44.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar do novo modelo de atención en Atención Primaria. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. Conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 44.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 52.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 55.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 58.) e *Sr. Núñez Centeno (P)* (Páx. 62.).

Réplica do Goberno: *Sr. Conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 65.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 69.). *Nesta rolda interveñen a Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 69.), *o Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 71.), *a Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 73.), *o Sr. Núñez Centeno (P)* (Páx. 75.) e *o Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)* (Páx. 77.).

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Vero e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos datos referidos á pobreza infantil. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 80.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 85.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)* (Páx. 86.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx.88 .)

Réplica da autora: Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 90.)

O señor presidente propón efectuar a votación desta moción xunto coas votacións das proposicións non de lei para dispoñer de máis tempo para a transacción, proposta que é aceptada polos portavoces. (Páx. 90.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e catro deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da mellora e clarificación da regulación da publicidade sanitaria, no relativo a centros, establecementos, bens e servizos, para evitar anuncios enganosos. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 95.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 96.) e Sra. Santos Queiruga (EM) (Páx. 98.).

A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 101.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre o mantemento e promoción pola Xunta de Galicia das axudas na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago como mínimo ata o ano 2020. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 102.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Antón Vilasánchez (P). (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 105.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 107.), Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 109.).

A señora Antón Vilasánchez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 111.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contratar ou trasladar os seus clientes ao mercado libre da enerxía eléctrica. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 117.) e *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 118.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 121.)

O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 123.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre o traslado pola Xunta de Galicia ao Congreso dos Deputados da solicitude de constitución dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 124.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 128.) e *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 129.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Fernández Prado (P)* (Páx. 131.).

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 133.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política de urxencias médicas e emerxencias. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 135.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 137.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 143.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións concretas que está a levar a cabo a Unidade de Policía Adscrita no ámbito da protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 144.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 145.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 147.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 148.)

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posición do Goberno galego respecto do requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia en relación co Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 149.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 150.)

Réplica do autor: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 151.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 151.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e catro minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

Antes de entrar no desenvolvemento da orde do día, convido a todas as súas señorías e aos nosos invitados a gardar un minuto de silencio para expresar a condena desta Cámara fronte ao atentado rexistrado na pasada noite en Manchester e trasladar a solidariedade do pobo galego ás vítimas e ás súas familias.

(As señoras e os señores deputados, os membros do Goberno, así como o persoal asistente e o público invitado á sesión, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

Moitas grazas.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Entramos xa na orde o día. Comentar que xustificou a inasistencia a este pleno a deputada dona Magdalena Barahona Martín e tamén —como xa foi trasladado aos portavoces— comentar unha alteración na orde do día —que ten que ver co desenvolvemento no día de hoxe—, que é que pola tarde, logo de debater as proposicións non de lei que corresponden, debateríamos a interpelación que figura en primeiro lugar e dúas preguntas tamén dirixidas ao vicepresidente e conselleiro da Administración Pública.

Polo tanto, estas son as alteracións da orde do día, que teño a ben comunicarlles.

E entramos xa, sen máis, no desenvolvemento da orde do día.

O primeiro punto son textos legislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa legislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo

O señor PRESIDENTE: Para presentar a proposición de lei ten a palabra don Manuel Ángel Ricón Reguera, a quen lle rogo que se achegue á tribuna de oradores. Terá un tempo de quince minutos.

Rógolles aos servizos da Cámara que o acompañen ata a tribuna de oradores.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Ricón Reguera): Bo día.

Señor presidente, señorías, señor alcalde de Pontevedra, invitados de SOS Sanidade Pública.

O feito de que hoxe se poida oír a voz da Plataforma SOS Sanidade Pública neste Parlamento é unha gran vitoria do movemento cidadán, deses cidadáns que levan moitos anos loitando polo dereito fundamental a unha sanidade pública e de calidade en Galicia.

A Consellería de Sanidade aceptou recentemente o abandono da idea dun novo hospital en Pontevedra para aceptar o que a nosa plataforma defende dende hai moitos anos: a ampliación do Hospital de Montecelo. Pero a poboación da área sanitaria de Pontevedra vén loitando por un hospital único e público que solucione a fragmentación hospitalaria e as carencias dos recursos que lle afectan dende hai máis de vinte anos.

Na asistencia sanitaria da EOXI Pontevedra-O Salnés existen múltiples problemas, entre eles, e sen ánimo de exhaustividade, poden mencionarse os seguintes: moitos centros de saúde están deteriorados, masificados e mal equipados, o que limita a súa capacidade resolutiva e dificulta o acceso da poboación á asistencia sanitaria. Só temos que pensar en centros como Anafáns, en Poio; Soutelo de Montes como exemplo de desmantelamento da sanidade no rural; San Roque en Vilagarcía, con problemas de illamento e calefacción; Caldas de Reis cunha tremenda falta de espazo; por non falar de zonas lindantes connosco como Arcade, onde a saturación chega ao punto de non permitir a alta de novos veciños no centro de saúde.

Os servizos de saúde mental presentan unha manifesta escaseza de recursos persoais e unhas estruturas asistenciais inadecuadas e mal situadas.

A rede asistencial está escasamente desenvolvida pola paralización do Plan estratéxico de saúde mental que a Xunta de Galicia fixo en 2009. Isto explica por que as ratios de profesionais de saúde mental de Galicia son, señorías, as máis baixas de España.

As unidades de saúde mental de adultos de Mollavao e Lérez, así como as de infantoxuvenil e psioxeriatría, están mal ubicadas e teñen carencias de espazo, por iso se propón o seu traslado ao hospital provincial, cuxa ubicación faría todo moito máis fácil.

A unidade de hospitalización psiquiátrica está actualmente no hospital provincial cun espazo concibido para consultas externas e non para hospitalización, moi afastado do lugar onde están as urxencias, que como todos sabemos é Montecelo.

A falta de camas reflíctese nas 18 dispoñibles, cando se estima que o mínimo para a nosa poboación serían 30 camas.

Os puntos de atención continuada, os PAC, carecen dos recursos diagnósticos necesarios para atender a demanda. Podemos imaxinar como se axilizarían as cousas coa telerradioloxía conectada co CHOP, ou a rapidez que suporía o uso da analítica de química seca. Isto é un factor decisivo na saturación dos servizos de urxencias hospitalarios, nomeadamente o de Montecelo, que sofre colapsos recorrentes e obriga os enfermos a permanecer horas en corredores, cadeiras ou padiolas.

É certo que os colapsos se producen estacionalmente, pero son consecuencia da mala planificación e das carencias. Cando hai máis demanda, queda claro que non hai suficientes

camas nin boxes desdobrables, nin se axiliza a saída de doentes nas ambulancias cara ao provincial ou aos seus fogares. O argumento de que no verán fan falta menos camas agocha a realidade do aumento de poboación foránea que vai axudar aos colapsos. A escaseza de camas de observación en Montecelo é o golpe final a esta esperpéntica situación.

O afastamento dos servizos de referencia, que foron trasladados de Vigo a Santiago, ten importantes repercusións asistenciais e económicas para os usuarios. Señorías, non é difícil imaxinar o que iso significa para miles de familias duramente castigadas pola crise e as políticas de austeridade.

Os recursos de rehabilitación extrahospitalaria son moi limitados e teñen listas de espera que obrigan a derivar pacientes a centros privados de menor calidade que os públicos.

As deficiencias máis importantes son de espazo, o que leva ao amoreamento de pacientes tanto en Montecelo como no provincial.

Hai que engadir que derivan ao centro concertado a pacientes que poderían ser tratados en atención primaria, como moitos dos que son tratados en Montecelo, o cal serviría para desconxestionar e poder atender patoloxías propias de fisioterapia especializada, como a fisio-cardíaca, a auroxinecolóxica, a respiratoria, etc.

Ademais, hai partes da provincia de Pontevedra que carecen de unidades de fisioterapia de atención primaria, onde os pacientes son derivados á privada: Caldas de Reis, Ponte Caldelas, Poio, zonas da propia cidade de Pontevedra.

É necesario crear estas novas unidades e dotalas cos fisioterapeutas necesarios, da mesma maneira que hai que reforzar con máis fisioterapeutas as unidades que xa existen.

O centro de orientación familiar ten sufrido importantes recortes que poñen en cuestión o carácter integral da atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres das áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés. É un centro pequeno, tradicionalmente dotado cun psicólogo — que depende de saúde mental —, unha xinecóloga e unha traballadora social. Nos últimos anos, señoría, suprimiuse a traballadora social, que era unha peza importantísima para realizar unha atención integral.

Os servizos de atención ás drogodependencias están en situación moi deficitaria polos recortes orzamentarios, e é un anacronismo que os doentes que sofren adiccións sexan atendidos en instalacións alleas ao Sergas, en espazos non sanitarios dependentes dos concellos, como é o caso da unidade de drogodependencias de Pontevedra, cunhas instalacións cheas de deficiencias que favorecen a marxinação e estigmatización social dos doentes.

Non se están a cumprir as conclusións e recomendacións da Comisión Mixta Congreso-Senado para o Estudo do Problema das Drogas, onde se indica a necesidade da total integración nas redes de drogas do Sistema Nacional de Saúde e, polo tanto, tamén, nos sistemas sanitarios das comunidades autónomas.

É por iso que propoñemos a reubicación desta unidade no hospital provincial. Sempre que falamos de reubicar algo no hospital provincial, loxicamente estamos pensando no hospital provincial renovado que se faría despois de que se construíra o hospital único de Montecelo.

O funcionamento do Hospital do Salnés resulta pouco funcional ao non estaren ben clarificadas as súas funcións e o seu nivel de autonomía. Respecto do resto das súas estruturas asistenciais das EOXI Pontevedra-O Salnés, non están perfectamente delimitadas. Ademais, e esa é a motivación esencial desta lei, no Complexo Hospitalario de Pontevedra existen outros problemas importantes que están en íntima relación coa necesidade de finalizar unha longa etapa na que a ausencia de investimentos substanciais na principal infraestrutura sanitaria da EOXI Pontevedra-O Salnés é clamorosa.

En primeiro lugar, o Complexo Hospitalario de Pontevedra, o CHOP, segue dividido en dous edificios separados por quilómetros. Esta circunstancia xera problemas no funcionamento dos servizos, obriga a que os profesionais teñen que perder tempo a cotío indo dun hospital ao outro e, sobre todo, ocasiona incomodidade e riscos para doentes e familiares, así como traslados continuos en ambulancias.

En segundo lugar, as actividades de hospitalización de doentes mantéñense nun hospital provincial que non cumpre as condicións mínimas de calidade e confort que debe de ter un hospital de agudos no século XXI, dada a deterioración que sofre polo paso do tempo e a ausencia de investimentos con cuartos e corredores inadecuados, malos cheiros, roedores ou problemas de regulación térmica, que no verán dan lugar a temperaturas altísimas que doentes, persoal e visitantes se ven obrigados a soportar ou intentar paliar con ventiladores e abanos.

Señorías, estas non son cousas propias dunha atención digna e de calidade.

SOS Sanidade Pública considera fundamental que non se volva recorrer ao eufemismo do financiamento público-privado que agocha o camiño á privatización de servizos e á visión da sanidade como un negocio.

Queremos un hospital absolutamente público, cun aparcamento gratuíto, que evite problemas de acceso e que consideramos innegociable.

Nesta situación, a deterioración constitucional a unha sanidade pública universal e de calidade, a necesidade de optimización do uso dos recursos e infraestruturas públicas existentes, a conveniencia dunha calidade asistencial hospitalaria que evite a xeneralización de demoras na planificación sanitaria ou a preservación do novo sistema sanitario público —que é unha referencia internacional— son razóns suficientes para que esta lei se cumpra e se desenvolva o nela establecido.

Por todo o exposto, a Plataforma SOS Sanidade Pública pide o apoio desta Cámara ao seguinte articulado:

<<Artigo 1.- Ampliación do Hospital de Montecelo, construíndo o hospital público e único de Pontevedra.

Punto 1. A Xunta de Galicia porá en marcha, con carácter urxente, os trámites necesarios para a construción do novo hospital de Pontevedra, no cal se integrarán os servizos hospitalarios que xa veñen funcionando nos edificios actuais dos hospitais de Montecelo e provincial, así como aqueloutros novos servizos que sexan precisos crear para atender correctamente a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés.

Punto 2. O novo hospital de Pontevedra é resultado da ampliación do Hospital de Montecelo, que será construído con financiamento plenamente público e a súa xestión será tamén totalmente pública.

Artigo 2.- Mantemento do uso sanitario do edificio do hospital provincial.

Punto 1. O edificio do hospital provincial manterá o uso sanitario unha vez que o novo hospital de Pontevedra entre en funcionamento.

Punto 2. Así, tras as necesarias obras de adaptación, no edificio do hospital provincial situaríanse servizos sanitarios como os seguintes —e dicimos situaríanse porque a lista é longa e pódense escoller diferentes opcións—: servizo de urxencias extrahospitalario, unidade de saúde mental comunitaria, un novo centro de atención primaria, servizo de rehabilitación extrahospitalario, centro de orientación familiar, centro de atención integral a drogodependentes, camas para a atención de enfermos crónicos, hospital de día para persoas dependentes, así como outros de nova creación que sexan precisos para unha atención de calidade.»

Señorías, dende SOS Sanidade Pública pedimos o seu apoio a esta iniciativa lexislativa popular, porque consideramos que Pontevedra precisa dunha infraestrutura sanitaria na que se garanta o seu carácter público. É o que a cidadanía que representan espera de vostedes.

Moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ricón, pode permanecer no seu escano ata finalizar o debate.

Rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Quero, en primeiro lugar, darlle a benvinda e un saúdo fraterno ao voceiro da Plataforma SOS Sanidade Pública que nos acaba de falar, Anxo Ricón; tamén o noso saúdo aos integrantes da plataforma que hoxe nos acompañan na tribuna do público; e aos representantes das institucións e dos colectivos sociais que conseguiron frear o intento do Partido Popular de construír o hospital de Monte Carrasco, que nos libraron dun hospital de construción e xestión privada, como o Cunqueiro de Vigo —que estamos pagando e padecendo todos os galegos e galegas—, que nos libraron, en parte polo menos, da idea de converter os equipamentos sanitarios no gran negocio de construtoras e banca, de empresas amigas e financiadoras, que nos libraron dunha enorme hipoteca para o futuro.

A todos, a gratitude e o recoñecemento do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, porque sodes vós, todos e todas vós, artífices e protagonistas dun logro colectivo (*Aplausos.*), sodes vós os que conseguistes que hoxe esteamos aquí falando do novo hospital de Montecelo —que queremos de construción e xestión pública— e dos usos sanitarios do hospital provincial, que é importante coñecer e lembrar a historia, porque a decisión de desbotar a construción do hospital de Monte Carrasco foi un logro colectivo do pobo de Pontevedra e da súa área urbana (*Aplausos.*). Foi un logro colectivo. Foi grazas á mobilización social de colectivos cidadáns, profesionais da sanidade, sindicatos, asociacións veciñais e concellos, e foi tamén, e hai que lembralo, grazas á postura firme do Goberno municipal de Pontevedra e do seu alcalde, Miguel Fernández Lores, que non cederon ante a chantaxe do Partido Popular (*Aplausos.*)

Hai algúns que agora queren colgarse a medalla, e que foron entusiastas defensores de Monte Carrasco, e agora non lles importa defender todo o contrario.

Señor Moreira, non lle vou lembrar os titulares de prensa coas súas declaracións, porque non quero perder o tempo, teño pouco tempo. Non sei se vostede caeu do cabalo, ou tivo unha aparición mariana, pero agora defende con entusiasmo o novo Montecelo, que agora lle chama gran, o Gran Montecelo, cando antes defendía todo o contrario, exactamente todo o contrario.

Mais o que aconteceu até agora, todo o que aconteceu até agora, non foi un camiño fácil, a decisión caprichosa e irracional do Partido Popular —só entendíbel por beneficiar intereses privados—, e non me quero lembrar agora tampouco de quen foi o principal adaiñ dese proxecto de Monte Carrasco, un señor que acaba de dar un golpe para ser alcalde de Sanxenxo. Esa decisión tivo graves consecuencias e supuxo, para empezar, oito anos perdidos, oito anos perdidos para a sanidade pública, e supuxo o empeoramento da calidade asistencial dunha área que atende 300.000 persoas.

E hai que dicilo así de claro, se o Partido Popular de Feijóo non paralizase en 2009 o proxecto da ampliación de Montecelo, que xa estaba aprobado, que xa estaba conveniado, que xa estaba asinado un convenio co Concello de Pontevedra, hoxe xa teríamos un novo hospital e non estaríamos falando dun hospital para a década dos anos vinte.

E a vostedes, que presumen de ser uns grande xestores, hai que dicírllelo: estragaron máis de 11 millóns de euros nese proxecto de Monte Carrasco. Si, estragaron máis de 11 millóns de euros nese proxecto falido, afortunadamente, de Monte Carrasco. Tamén 1,2 millóns de euros en maquetas, isto ten delito, 1,2 millóns de euros gastáronos vostedes en facer maquetas para presentárllelas aos medios de comunicación nos anos 2010, 2011, 2012, 2013, cos sucesivos pasos que, supostamente, estaban dando para construír o hospital de Monte Carrasco. Primeiro foi o proxecto básico, unha maqueta; despois o proxecto sectorial, outra maqueta; e despois o anteprojecto da obra, outra maqueta. Total, 1,2 millóns de euros, vostedes que presumen de ser eses eficaces xestores dos fondos públicos.

Despois malgastaron vostedes 10,1 millóns de euros en construír un vial, unha estrada que ningún lle pedira, que nin sequera estaba contemplada no Plan MOVE —que aprobaron vostedes

mesmos e que foi unha auténtica desfeita—. Gastaron máis de 10 millóns de euros en construír un vial de pouco máis de 1 quilómetro, que non leva a ningún lado, polo tanto non leva, tampouco, a ese suposto acceso a Monte Carrasco, que era para o que se gastaron eses 10 millóns de euros

E temos que dicirlles, tamén, que con ese diñeiro, con máis de 11 millóns de euros, se poderían construír, polo menos, tres centros de saúde, ou destinar ese diñeiro a mellorar eses centros de saúde, eses PAC que —como xa se dixo aquí— están nunha situación de moita precariedade.

Pois ben, señores e señoras do Partido Popular, o primeiro que terían que facer despois de todo isto é pedir perdón. Deberían pedirllas perdón ao pobo de Pontevedra e á súa área sanitaria por estes oito anos perdidos, por este fracaso da súa política sanitaria destes oito anos para a área de Pontevedra.

Nestes momentos, estamos en maio do ano 2017, podemos dicir que se deu un pequeno paso adiante, que se puxeron por fin as bases grazas a esa loita, grazas a esa resistencia, grazas a esa tenacidade, grazas a esa posición firme do Concello de Pontevedra e da maior parte dos concellos da comarca; deuse un paso e establecéronse as bases para a construción dun novo Montecelo e para un reformado e renovado hospital provincial.

En xullo do ano 2016 asinouse un convenio entre o Sergas, a Consellería de Sanidade e o Concello de Pontevedra que aseguraba a colaboración municipal no proxecto, cunha achega de 4 millóns de euros para a adquisición e urbanización dos terreos, e tamén a colaboración do concello na dotación de equipamentos e infraestruturas, incluíndo espazos para estacionamento público. E tamén contamos —e é un exemplo de cooperación e colaboración institucional a maiores— cun convenio coa deputación provincial para facer un acceso en condicións á rolda leste para Montecelo e Príncipe Felipe.

En fin, déronse pasos, pero, jollo!, temos que ser realistas. De momento temos un anuncio, unha declaración de intencións e pouco máis, está adxudicada a redacción do plan funcional, hai 1,1 millóns de euros no orzamento do ano 2017, que ao ritmo que imos —e con todas esas voltas que se lle está dando ao plan funcional— loxicamente non se van executar e gastar neste ano, e polo tanto aínda estamos nos comezos. Queda un longo camiño por diante, un camiño de anos, e non vai ser un camiño fácil, a pesar de toda esa colaboración que xa dixen que estaba prestando o Concello de Pontevedra.

Polo tanto, cremos firmemente na oportunidade e na necesidade desta iniciativa legislativa popular, na súa admisión a trámite, para, en primeiro lugar, blindar por lei o proxecto de hospital único de Montecelo e os usos do hospital provincial, para que haxa un compromiso firme. A mellor maneira de ter un compromiso firme é plasmalo nunha lei, nunha lei que non estea sometida a cambios e bandazos, como xa temos visto ao longo destes últimos dez anos. Polo tanto, a admisión a trámite significa só o inicio da tramitación dunha lei que despois, en todo caso, podería mesmo ter cambios.

O significado do acordo que temos que tomar hoxe é que é unha garantía para desbotar de vez a sanidade como un gran negocio de empresas amigas; para garantir o uso sanitario que

pode ser complementario co sociosanitario do hospital provincial; para evitar, tamén, a especulación e o negocio, como aconteceu recentemente co Hospital de Galeras, que mediante unha modificación do plan xeral se permitiu a especulación con parte desta edificación. Xa lles anuncio que o Concello de Pontevedra, o actual Goberno municipal de Pontevedra, non vai permitir ese tipo de especulación co hospital provincial.

Por iso a necesidade e a oportunidade desta iniciativa lexislativa popular que o BNG, desde logo, vai apoiar para compensar o tempo perdido; para pagar unha débeda histórica coa área sanitaria de Pontevedra que atende a 300.000 persoas; para garantir unha sanidade universal pública e de calidade; para seguir gañando batallas no combate contra o intento de converter a sanidade e os servizos públicos nun inmenso negocio; para facer realidade un soño polo que tantas persoas e colectivos levan loitando; e porque é de xustiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente. Bo día.

Bo día, deputados e deputadas.

Bo día aos representantes do Concello de Pontevedra, ás forzas políticas do Concello de Pontevedra que están hoxe aquí e aos membros de SOS Sanidade Pública. Bo día, tamén, ao seu portavoz desta ILP, hoxe aquí.

Nós queremos manifestar, en primeiro lugar, o noso apoio incondicional a esta ILP. O noso apoio porque estivemos nesta ILP, porque estamos nesta ILP, porque a asinamos e porque votamos a favor no Concello de Pontevedra. Nós estamos nesta ILP. Confiamos plenamente na resolución que propón, cremos que é a mellor solución e o mellor camiño para o futuro Gran Hospital de Montecelo.

Dado este apoio, queremos dende o noso grupo felicitar de maneira diversa a varios axentes que participaban deste proceso. En primeiro lugar, dicía o ponente que é un éxito da mobilización, é un triunfo da mobilización, e así é: é un triunfo da mobilización. É un triunfo da xente que estivo na rúa, das organizacións, das asociacións que estiveron nesta defensa, dos concellos da área sanitaria. É un triunfo que poidamos estar hoxe aquí neste debate. Parabéns, por tanto, e grazas a todas aquelas persoas e institucións que estiveron nesta defensa.

E logo queremos dar dous parabéns ao Partido Popular respecto da sanidade en Pontevedra. Cabe felicitar o Partido Popular. En primeiro lugar —digo en primeiro porque son dúas cousas distintas—, no que ten que ver coa sanidade en Pontevedra; en primeiro lugar, porque despois de pedilo nós neste Parlamento cesaron o anterior xerente, cousa que agradecemos. Non repara todo o mal que fixo, pero supón un certo aire de reposición; polo tanto, esa é unha primeira felicitación. E, en segundo lugar, por rectificar e acudir a esta posición —que

moitos levamos moito tempo defendendo— dun gran hospital único en Pontevedra coa ampliación de Montecelo, e non con aquela intención de facer un gran hospital en Monte Carrasco con financiamento privado.

De sabios é rectificar, e dámoslles esta benvida e aplaudímola, porque somos conscientes de que probablemente non a todo o mundo do Partido Popular lle gustou, e algunhas persoas dentro do Partido Popular —moitas— preferirían outro modelo. Aínda así, sempre hai quen encontra solucións para tapar, e aínda que non existiu o proxecto final de Monte Carrasco, pois o lamentable espectáculo —xa digo— estes días en Sanxenxo serve para compensar a aquelas persoas que perderan unha oportunidade empresarial. (*Aplausos.*) En definitiva, cremos que a planificación da sanidade non a deben facer os construtores, e ese era un medo que no referente ao proxecto de Monte Carrasco sobrevoaba a situación, ás veces de maneira demasiado explícita.

Dadas estas felicitacións, queremos, ademais, apuntar algunhas cuestións sobre este proxecto futuro. En primeiro lugar, considerar unha redundancia, que parece tautolóxica: a ampliación é a ampliación. Quere dicir isto que non se trata de facer un hospital unicamente máis grande, non se trata de que exista máis formigón e de que exista máis espazo, que tamén; trátase de que non construíamos algo máis grande para facer o mesmo. Trátase de que se construímos un hospital máis grande, se ampliamos Montecelo, sexa en realidade para ter maior número de servizos, mellor calidade de servizos. Non fagamos un hospital máis grande para ter ao final os mesmos problemas que temos agora, e iso ten que ver cun novo hospital —cunha ampliación de Montecelo—, pero tamén cunha planificación que atenda as necesidades da sanidade galega, e, particularmente, a sanidade da área sanitaria de Pontevedra.

Un maior hospital ten que ter maiores servizos e, por tanto, ademais maior persoal, ¡imprescindible! Non se pode dar o mesmo servizo con menos persoal, e non se poden dar maiores servizos co mesmo persoal. Polo tanto, se queremos de verdade e se cremos de verdade —e nós así o cremos— que esta necesidade é imperiosa, é urxente, e que esta ILP debe saír adiante e que debemos ter un hospital de Montecelo máis grande e máis novo que ve esa atención necesaria, debe ser para ter maiores servizos e para ter maior número de persoal, e que poidamos dotar a área sanitaria e os cidadáns que a utilizan e que necesitan a súa sanidade dos servizos que precisan. E non —como ben se explicou aquí— que teñamos déficits de servizo e problemas, como temos en todas as áreas sanitarias, tamén nesta.

Quero lembrar con isto —que parece banal e sinxelo— que unicamente temos que ir á construción do Álvaro Cunqueiro, onde se fixo un hospital máis pequeno do que inicialmente se prevía, con menos servizos dos que inicialmente se prevían; iso si, pagamos máis do que inicialmente se prevía. Polo tanto, non son temores infundados, son —en realidade— temores bastante fundados. Esperamos que teñamos aprendido da situación e poidamos mellorar neste caso.

Cremos, ademais, que esta ampliación debe levar a unha reorganización correcta do servizo: que se se moven servizos, se faga ben; que se se moven pacientes, se faga ben; que se se redeseña o uso das instalacións e das infraestruturas sanitarias, se faga concibindo as nece-

sidades reais con atención aos profesionais. Non a algúns profesionais —determinados, concretos e poucos—, a todos os profesionais, aos pacientes e aos usuarios. Cremos que é imprescindible que a reorganización se faga con planificación. E nós estamos convencidos de que isto é posible e estamos moi a tempo, por suposto.

O señor conselleiro dicía nalgunha intervención aquí —noutro momento que xa temos debatido deste tema— que se prevían as obras para finais de 2018 e inicios de 2019. Estamos a tempo de sobra para facer e planificar unha reorganización correcta. Non como outras experiencias pasadas, non moi lonxanas, que non o fixeron e tivemos varios problemas.

E por último, nesta cuestión, non prexudicar o resto da área. A ampliación non é absorción, non se trata de facer un hospital máis grande en Pontevedra para absorber os servizos do resto da área sanitaria. Particularmente, non se trata de levarse para Pontevedra todo o que agora —como ben se apuntaba— se fai no Hospital do Salnés, que xa é menos do que se facía antes. Por tanto, que non sirva para concentrar os servizos, senón para ampliar os existentes. Que non sirva, por tanto, para reorganizar de maneira que todo o que hai non exista máis e ao final o único que fagamos é meter no mesmo contedor todo o que agora está disperso. Porque iso, probablemente, sería ineficiente e, ademais, deixariamos unha atención sanitaria en peor calidade.

E, por último —e non menos importante, senón que probablemente máis importante—, defendemos o carácter da defensa do público. Esta ILP pon unha énfase fundamental no carácter público dos servizos que nós compartimos, que nós defendemos e defenderemos. Houbo unha vitoria coa ampliación, si, pero agora non baixemos a defensa do público para que non exista trampa, que non exista problema nin coa xestión, que debe ser pública, que non debemos ter coxerencias dos hospitais, que non debemos ter decisións empresariais influíndo sobre o ámbito asistencial; e que os usos, por exemplo, do actual hospital provincial, cando se reorganice, cando se reformule, sexan públicos, sexan complementarios aos que existen no Hospital de Montecelo. E os que existen arriba deben de ter abaixo, no provincial, usos complementarios, usos sanitarios que sexan necesarios para a cidadanía, pero que sexan públicos. ¡Públicos! Porque non cabería en ningunha cabeza ofrecer unha instalación sanitaria pública para servizos sanitarios privados que fagan negocio á custa do noso propio financiamento do público. Porque iso sería entregar o noso orzamento, a nosa dedicación e a nosa sanidade a servizos privados que fan negocio lexitimamente, pero non cos nosos carcos públicos.

Debatiamos aquí unha iniciativa —non hai aínda moitos plenos— e dicía o señor Moreira —creo recordar— que non hai problema que sexa privado, porque o privado pode ser gratis. Poñía ese exemplo: «¿que pasa se é gratis?, non queremos o privado?». Eu non coñezo ningún negocio privado que sexa gratis, ningún. E, polo tanto, non podemos poñer como exemplo que pode haber un negocio privado pero que pode ser gratis. Porque se alguén dá un servizo de forma privada e o fai gratis, hai alguén que está perdendo, e normalmente sempre pagamos os mesmos.

Polo tanto, non entremos en trampas de salón ás veces demasiado simples, os negocios privados están lexitimamente para facer o seu negocio e ter os seus beneficios. Pero a Admi-

nistración pública —e a sanidade pública, particularmente— non debe financiar infraestructuras para que servizos privados se beneficien dela e fagan negocio sanitario onde debería de haber unha instalación sanitaria pública.

Polo tanto, nós estamos claramente a favor desta iniciativa. Repetimos as nosas felicitacións e agradecemos ao PP que viñera á nosa posición no que corresponde á sanidade de Pontevedra, pois sempre que cambie de posición e se adhira ao que defendemos os socialistas sempre acerta, deberíamos de pensalo. Que a ampliación sirva para ampliar de verdade servizos ademais de ladrillos, e que esteamos traballando sobre conceptos do público e non do privado. Porque defendemos —ou deberíamos— os servizos públicos, porque para iso somos un Parlamento de Galicia que defende non as empresas, que tamén, pero si —sobre todo— os cidadáns que demandan unha sanidade pública, ou polo menos iso é o que din constantemente; a pesar de que haxa quen queira defender que a defensa do público se basea en instalacións privadas que son gratis, porque se son gratis pagamos sempre os mesmos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas. Un saúdo especial aos representantes da Plataforma SOS Sanidade Pública e aos distintos representantes dos grupos políticos de Pontevedra que tamén respaldan esta iniciativa.

A deterioración do Servizo de Saúde Galego é algo sobre o que non existen dúbidas. Hoxe, pese aos enormes esforzos das fantásticas profesionais da sanidade, temos unha peor atención que hai dez anos. Así o corroboran os profesionais da saúde e os distintos estudos sobre a materia. E isto responde a dúas cuestións fundamentais: aos drásticos recortes que sufriron os servizos públicos para socializar as perdas provocadas pola crise financeira e ao modelo privatizador do Partido Popular. Un modelo que antepón os intereses económicos duns poucos aos intereses da cidadanía e que está a facer negocio coa saúde da xente.

Baixo a máxima neoliberal de que todo se pode comprar e vender, deféndese unha liña política na que se pon por riba do benestar das maiorías, do ben común, a posibilidade de que uns poucos poidan engordar as súas contas correntes. O camiño a onde nos levan estas políticas podémolo ver na área sanitaria de Vigo, onde o Partido Popular vén de facer a actuación máis importante na reordenación do Servizo Sanitario Galego tras a construción do Álvaro Cunqueiro. Dende o inicio, a xestión que se fixo do Álvaro Cunqueiro foi desastrosa. No mesmo día da inauguración traballadores e pacientes atópanse con 600 camas menos —ademais de que o hospital non tiña un laboratorio acorde coas necesidades— e 11 salas de quirófano menos do previsto, que o párking é de pago e que cociñas, servizo de cociña, mantemento, lavandería ou dietética están en mans privadas.

As queixas son continuas tanto por parte das traballadoras como por parte das usuarias. Hai oito meses os sindicatos denunciaron unha epidemia de bacteria *Klebsiella*, pola que moitos pacientes tiveron que estar illados. E isto ocorre por ter unha plantilla moito menor da que se precisa.

O novo complexo hospitalario defendido polo PP pretende seguir o camiño que iniciou Esperanza Aguirre na Comunidade de Madrid, primeiro construción de hospitais baixo o modelo de xestión mixta, logo externalízanse varios dos servizos e, finalmente, chegarase á privatización total.

A situación no Meixoeiro non é moito mellor: salas de trauma estropeadas, equipos que non funcionan dende hai meses e outros que desapareceron, mentres a plantilla traballa con equipos portátiles, moitos deles obsoletos. Existen salas pechadas nas que se rompen, se romperon e desmontaron os equipos e outras que se desmontaron cando aínda funcionaban. Proximamente volveranse pechar camas pasando de 180 a 120.

Estamos asistindo ao desmantelamento progresivo da sanidade pública, parte fundamental do negocio coa saúde, das políticas do Partido Popular, e, paralelamente, á deterioración dos hospitais públicos: máis orzamentos para os hospitais privados. Povisa recibe cada ano 90 millóns de euros dos orzamentos da Xunta, arredor de 540 euros por cada unha das tarxetas sanitarias das que o centro se fai cargo. A sostibilidade deste centro depende, en boa medida, destas aportacións de cartos públicos. Povisa levou a cabo unha intensa campaña para captar usuarios e usuarias, aproveitando as deficiencias dos hospitais públicos en Vigo, buscando obter as valiosas tarxetas.

O Sergas aceptou trasladar 3.600 usuarias máis, o que supuxo uns ingresos extras para o hospital privado de case 2 millóns de euros. E así funciona a trama coa sanidade: deteriorar o servizo público para que se beneficie o privado.

Pois ben, debido a esta agresión que sofre o noso sistema sanitario, fronte aos que queren facer negocio coa nosa saúde, fronte ás políticas de desmantelamento do público, nace esta iniciativa cidadá que hoxe estamos a debater neste pleno.

Unha proposta de lei que blinde o sistema público de saúde na área de Pontevedra. Está impulsada por 19 entidades sociais entre as que se atopa, evidentemente, SOS Sanidade Pública, así como varias asociacións de afectados de distintas doenzas, como a Confederación Galega de Asociacións Veciñais —que aglutina 7 federacións veciñais con máis de 400 colectivos—, todas elas nada sospeitosas de atender intereses que non sexan os da cidadanía: xente do común e profesionais do sector preocupados pola situación que deciden dar un paso adiante.

Entre os promotores da ILP tamén nos atopamos distintos partidos políticos e sindicatos acompañando as organizacións e os colectivos cidadáns: os tres partidos da oposición neste Parlamento, sindicatos como CIG, UXT, Comisións Obreiras, Prosagal e Satse. O obxectivo non é outro que un hospital de xestión cen por cento pública, tanto na súa construción como na súa administración posterior, que solvente as enormes carencias na área sanitaria de Pontevedra.

Esta área atende unha poboación de 300.000 habitantes, que sufriron unha degradación da área sanitaria co traslado dos servizos de referencia aos hospitais de Compostela e Vigo, coa pouca funcionalidade do Hospital do Salnés, con centros de saúde mal equipados, PAC sen recursos suficientes, centros de orientación familiar con múltiples recortes ou a separación do hospital de Pontevedra en dous edificios, o que dificulta enormemente a atención.

A promoción desta ILP seguiu adiante pese ao anuncio preelectoral da Consellería de Sanidade de ampliar Montecelo para consolidar o hospital único de Pontevedra, porque, evidentemente, a maioría dos galegos e das galegas non nos fiamos dos anuncios do PP en período electoral. E entenderán que motivos non nos faltan, sabemos que a palabra do PP non vale nada, a historia da política do noso país está chea de enganos e incumprimentos do Partido Popular, ademais de que o anuncio se fixo sen ningunha concreción. Outra vez o PP vendendo fume, facendo os seus xogos de trilerero, nos que a cidadanía sempre perde e a banca, como nos casinos, sempre gaña.

É por iso que esta plataforma se anunciou e se manterá esta reivindicación ata ver o proxecto realizado.

De feito, a través desta reivindicación permanente dos colectivos e da cidadanía, en xeral, logrouse que o Goberno do PP dese marcha atrás no proxecto de Monte Carrasco, o Álvaro Cunqueiro que vostedes pretendían instalar en Pontevedra, para os seus amigos, os das concesionarias, as que fan negocio coa nosa saúde.

O PP deixou pasar dúas lexislaturas, oito anos sen tomar ningún tipo de medida para mellorar a sanidade pública da área sanitaria de Pontevedra, cando as condicións indicaban e seguen indicando —agora máis, tras oito anos de abandono— a necesidade de acometer a ampliación de Montecelo.

Tiñamos razón as persoas que reclamabamos a ampliación hai oito anos, e, como digo, seguímola tendo tras as políticas de abandono e deterioración da sanidade pública que aplicou o Partido Popular durante estes oito anos.

Esta loita, precisamente, das traballadoras da sanidade pública foi a que fixo que o PP abandonase a proposta dun hospital público privado; ese modelo que tivo tan nefastos resultados no novo hospital de Vigo, con ese modelo de Monte Carrasco, e que foi precisamente no proceso de campaña electoral cando anunciaron que daban marcha atrás nesa proposta e se renderían á lóxica ampliación para trasladar parte dos servizos que agora están no hospital provincial e mellorar outros que agora están en Montecelo.

Esta proposición de lei que hoxe tamén defendemos garante cuestións que para nós deben ser irrenunciáveis e que vimos defendendo dende En Marea: que se garanta que non se vai facer a ampliación cunha colaboración público-privada, que se garanta que o aparcadoiro será público, que se garanta que a xestión do hospital provincial sexa pública, que se garanta un servizo público de calidade e rematar con esa teima do Partido Popular de privatizar todo o que ten que ver coa sanidade.

Esta proposición de lei é o mellor proxecto para a área sanitaria de Pontevedra, está impulsada polos colectivos que teñen demostrado o seu compromiso e determinación na defensa da xestión da sanidade no noso país: asociacións que traballan de maneira honesta e desinteresada, investindo o seu coñecemento e o seu tempo para conseguir que a cidadanía teña a mellor atención sanitaria posible, facendo fronte ás políticas depredadoras do Partido Popular, que paulatinamente deterioran o servizo sanitario mentres aumentan os beneficios económicos duns poucos.

O Partido Popular ten hoxe a oportunidade de virar o rumbo das súas políticas en materia de sanidade e enviarlle á cidadanía a mensaxe de que a partir de agora a saúde dos galegos e das galegas xa non se vai vender ao peor postor. Fagan caso das demandas da cidadanía, que teñen amosado unha e outra vez o seu resistimento ás súas políticas en materia de sanidade. A histórica mobilización de Vigo —con motivo da desastrosa xestión do Álvaro Cunqueiro— ou a mobilización en Pontevedra —que freou o proxecto de Monte Carrasco— son unha clara mostra diso. Asuman este proxecto de lei, e, de non ser así, saian de aquí e fálenlle claro á cidadanía; explíquenlle por que recortan orzamentos para a xestión pública e cada vez dedican máis cartos para a privada: explíquenlle por que rescataron bancos e recortaron en sanidade; explíquenlle por que mingúan os servizos nos hospitais públicos; explíquenlle por que non fan caso ás profesionais e á xente e llo fan ás empresas privadas que fan negocio coa sanidade.

Se rexeitan esta lei, elaborada polos profesionais da sanidade e respaldada maioritariamente pola sociedade galega —os que non os votaron, pero tamén os que si os votaron—, estarán vostedes escribindo outro capítulo máis da paulatina venda de Galicia aos poderes económicos, aos que financian as campañas e aos que colocan os políticos nos consellos de administración. Polo tanto, a ver se apoian esta iniciativa e dunha vez defenden unha sanidade pública, neste caso para a área sanitaria de Pontevedra.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Moi bos días.

Señor presidente, señor conselleiro de Sanidade, señor alcalde de Pontevedra, representantes da corporación, representantes veciñais, moi bos días a todos.

Quero saudar o portavoz e os representantes da comisión promotora desta iniciativa lexislativa popular e agradecerlles sinceramente a súa participación política nesta Cámara, de todos os galegos, mediante ese instrumento da ILP recoñecido no noso Estatuto de autonomía de Galicia.

Parécenos, sen dúbida ningunha, unha iniciativa loable a de reforzar os servizos sanitarios da área de Pontevedra. Entendemos perfectamente as inxerencias que levaron á súa pre-

sentación nun momento no que o conselleiro de Sanidade anunciara que estaba a buscar unha fórmula de consenso sobre o futuro hospitalario de Pontevedra e que para iso ía iniciar —naquel entón— unha rolda de contactos, comezando co alcalde de Pontevedra e seguindo con profesionais e representantes veciñais e sindicais.

Digo que entendemos perfectamente os receos que podían existir naqueles momentos de incerteza mentres non se plasmou, mentres non se puxo enriba da mesa, a proposta xa en marcha —isto quero remarcalo, xa en marcha, xa en marcha— do Gran Montecelo.

Como recoñeceu o representante do BNG —o que xa de por si abonda para ratificar unha oposición a tramitar esta iniciativa legislativa— isto xa está en marcha e, polo tanto, todo o anterior xa é pasado. Estamos cun proxecto que está asinado cun convenio e estanse dando pasos importantes.

O Goberno do presidente Feijóo leva moito tempo buscando unha solución á área sanitaria de Pontevedra, e por iso entre o momento que comezou a tramitación desta iniciativa legislativa —o 25 de maio de 2016— e ata hoxe —case xa un ano despois— tense avanzando, e moito, no obxectivo que perseguía esta iniciativa.

Polo tanto, saudamos os impulsores da iniciativa e trasladámoslles que se está a traballar exactamente na mesma liña. Coincidimos, por tanto, neste obxectivo.

Non obstante, cremos que a iniciativa legislativa, unha lei, non é o instrumento axeitado para garantir este obxectivo. A verdade é que ningún centro hospitalario de Galicia está regulado por lei, nin entendemos tampouco razoable que así o sexa, e coido que niso deberíamos estar de acordo todos os grupos parlamentarios. De feito, a Lei de saúde de Galicia, aprobada polo PSdG e o BNG, non entra en ningún momento na localización dos centros hospitalarios e mesmo di, textualmente, que é o Sistema Público de Saúde de Galicia, esa estrutura territorialmente en áreas e zonas sanitarias articuladas no mapa sanitario de Galicia, que será definido regulamentariamente.

É dicir, para nós non é o marco legal o lugar para definir xeograficamente a localización de infraestruturas, e moito menos dos servizos sanitarios.

Tampouco cremos que sexa bo legislar por legislar, nós non estamos niso, senón precisamente todo o contrario, na simplificación normativa. A pasada foi a primeira legislatura da historia de Galicia que rematou con menos leis vixentes que cando comezou, xa que a maior parte das leis que aprobamos non engadiron un novo texto ao *corpus* legal galego, senón que substituíron un ou máis dos textos anteriores.

Ademais, está aprobada a Lei de racionalización do sector público, cuns principios de racionalización, simplificación e calidade como principios reitores da citada normativa da Xunta de Galicia. De feito, as novas disposicións normativas da Xunta xa teñen que xustificar nos seus informes de inicio de trámite a súa necesidade e a súa proporcionalidade. Non é a norma pola norma, temos que simplificar o *corpus* legislativo.

Polo tanto, compartindo obxectivo, cremos que este non é o medio máis acaído. Había outros medios, outros instrumentos, que de seguro cremos que encaixarían moitísimo mellor no propósito buscado polos promoventes desta iniciativa lexislativa, como poden ser as proposicións non de lei de iniciativa popular.

Para o obxectivo que compartiamos coa ILP existe xa pleno consenso entre o Concello de Pontevedra e a Xunta de Galicia, que se fraguou co asinamento o 27 de xullo de 2016 dun convenio de cooperación para a execución das obras do Gran Montecelo. Un convenio que ademais ten un plus de consenso, que consiste en que ten o apoio explícito ou expreso de todas as forzas políticas que conforman a Corporación Municipal de Pontevedra, entre as que, por certo, se atopan, ademais do Partido Popular e do BNG, o Partido Socialista e En Marea, entre eles, incluído no BNG, o deputado do BNG que interveu aquí, que parece que non asinou ese convenio ou que non ratificou ese convenio.

Pois ese convenio está ratificado por ese concelleiro que interveu aquí, e agora parece que renega dese convenio, e tamén de En Marea. Polo tanto, eu podo aceptar —dígollo ao representante de En Marea— que non se fíen dos anuncios electorais, pero o que non entendo é que non se fíen dos seus compañeiros na Corporación de Pontevedra.

Todos eles referendaron o seu apoio a este convenio mediante unha aprobación por unanimidade. Nese convenio queda perfectamente saldado o acordo para levar a cabo a ampliación de Montecelo. E tamén queda garantida nel outra das cuestións que se regulan no punto primeiro da ILP, que é o financiamento público da construción do hospital. Nel, a Xunta comprométese a contratar, dirixir e executar as obras de ampliación do hospital con cargo aos seus orzamentos, o que significa que será construído con fondos públicos; cuestión, ademais, confirmada aquí expresamente polo Conselleiro de Sanidade nalgunha intervención.

Por outra banda, falando de aparcamentos, non teñan ningunha dúbida, no propio convenio o Concello de Pontevedra —e nós non temos ningún motivo para sospeitar que non vai cumprir este compromiso— comprométese e garante a asistencia de aparcamento, posto que di o convenio que lle corresponderá ao Concello a dotación dos espazos de aparcadoiros disuasorios precisos para atender axeitadamente a demanda que poida xerarse.

Respecto ao punto segundo da ILP, o uso do actual hospital provincial, a ILP di que se manterá o uso sanitario. Nós non temos dúbida, manterá usos sanitarios, pero nós non queremos, non estamos en disposición de vetar outros usos que poidan ser compatibles, e creo que no é bo quedar atados e que este tema quede pechado nunha lei. Ademais, non hai que perder de vista que xa actualmente se desenvolven usos non sanitarios, como a escola da enfermería, que é un uso docente.

E aquí permítame sinalar que o problema é saber que opinan os partidos da oposición: BNG, PSOE e En Marea, que apoiaron esta ILP e agora parece que se desmarcan dela, porque cada un ten a súa proposta. O PSOE de Galicia di que o uso será exclusivamente sociosanitario. Díxoo aquí nunha moción, na 6433 de En Marea. O PSOE de Pontevedra pide que o uso sexa exclusivamente sanitario. O BNG non quere que se limite a sanitario, unicamente di que será

prioritariamente sanitario. En Marea di que o uso sexa exclusivamente sanitario. Sería bo que conformaran aquí e dixeran claramente que é o que prefiren.

O segundo apartado do artigo 2 cremos que adianta acontecementos ao definir cales son os servizos que deben quedarse no hospital provincial antes de coñecer que novos servizos se van incorporar na ampliación do Gran Montecelo. De feito, ao definir de xeito tan pechado os servizos estaríamos realmente indo en contra do proceso que está levando a cabo o conselleiro de Sanidade, un proceso aberto de consultas sobre o plan funcional do hospital. Cremos que é mellor que esa distribución dos servizos do Gran Montecelo entre o Gran Montecelo e o provincial saia dese proceso participativo exemplar e que non veña predeterminado pola lei.

Parece que ao representante do BNG non lle gusta que o proceso sexa participativo, porque di que lle estamos dando voltas, ¿non? Estamos consultando aos interesados, aos pacientes, aos profesionais, aos veciños, ás institucións... (*Aplausos.*) E ademais están prexulgando xa o proceso participativo, e ademais mantendo un erro que creo que é o motivo principalmente desta ampliación, mantendo un erro que é repartir e dispersar servizos, cando o que buscamos é facer un hospital único e concentrar os servizos.

O deseño do Gran Montecelo está concibido, por tanto, como un proxecto colectivo, máis de 300 profesionais traballaron en 9 grupos especializados, máis de 2.400 enquisas se fixeron a usuarios, nun proceso —creo que hai que insistir— que foi exemplar e participativo. Polo tanto, señor Bará, non lle estamos dando voltas, estamos consultando aos veciños de Pontevedra cal é o hospital que queren para Pontevedra.

Por outra banda, actualmente o proxecto está nun período de análise no que se valorarán polo miúdo todas estas propostas e estas suxestións e se presentará, seguramente, xa o dirá o conselleiro, proximamente en poucas semanas. Por tanto, tendo en conta que o obxectivo que busca esta ILP está xa asegurado coa firma do convenio, coas actuacións en marcha, realmente non consideramos necesario admitir a súa toma en consideración, e por iso imos votar en contra, polas razóns expostas.

Agradecemos a todas as persoas que están a participar no proceso de elaboración do plan funcional e tamén aos impulsores esta iniciativa, a súa actividade en prol dunha mellor sanidade pública da área de Pontevedra. Asegurámoslles que os pasos dados ata o de agora garanten que —aínda que non teñan rango legal— as administracións galegas están á altura do seu esforzo e dotarán Pontevedra dun gran hospital público, que é o obxectivo tamén desta iniciativa.

A sanidade galega está ben xestionada e, por último, quero referirme incluso a unha publicación na revista *Lancet*, de moito prestixio no ámbito sanitario, que dixo recentemente e recoñeceu que a sanidade española despunta entre as dez mellores sanidades do mundo: oitavo posto, por diante de Francia, que está no décimo quinto; de Alemaña, que está no vixésimo; e do Reino Unido, que está no posto trixésimo. E as súas bazas, a da sanidade española e, polo tanto, a de Galicia, son a innovación —todo isto dito por expertos—, a universalidade, o investimento e a equidade.

Polo tanto, seguen adiante as infraestruturas en Galicia, estase traballando no Hospital de Pontevedra, estase xa traballando na ampliación do Hospital de Ferrol, xa se presentou a ampliación do Clínico e, polo tanto, a sanidade galega non ten por que estar blindada en actos concretos nunha lei, e teña vostede a convicción e a demostración de que estamos cumprindo un convenio no que existe máximo consenso, non só do Concello de Pontevedra, senón do resto da Corporación de Pontevedra. Está sendo consultado con todos os usuarios, con pacientes e con profesionais nun proceso —quero insistir— exemplar e, polo tanto, estamos todos unidos por ese mesmo obxectivo, que é facer o mellor hospital para Pontevedra.

Nada máis e moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Réplica do representante da comisión promotora, se así o considera, señor Ricón.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Ricón Reguera): Señor presidente, señorías, en primeiro lugar agradecer aos grupos parlamentarios que apoiaron a nosa iniciativa. E respecto ao voto contrario do señor Moreira e do seu grupo, eu quero dicir que se insistimos en que se debe legislar é porque a historia nos demostra que a tendencia cara a privatización ten que controlarse por lei, porque se non non hai maneira. Nós queremos a seguridade sobre o carácter público do financiamento e da xestión da nosa área sanitaria. Temos exemplos moi próximos no tempo e no espazo que nos demostran que teremos que seguir por este camiño, porque se non remataremos como se rematou noutros lugares, claramente privatizando servizos, privatizando aparcamentos, etc., etc.

Sobre o hospital provincial estamos seguros de que se non se legisla o seu carácter sanitario público, rematará sendo utilizado para facer negocio. A idea de que ten que haber unha sanidade para ricos e outra para pobres ten, como mínimo, un tufo medieval, e a historia é moi teimuda; a historia demóstranos día tras día que as situacións de inxustiza e de falta de equidade, e de falta de democracia, teñen unha evolución sempre cara a situacións onde hai maior liberdade, maior equidade e maior democracia. E aqueles que se opoñen a esa evolución quedarán tirados no camiño mentres a cidadanía segue o seu camiño dereito cara a maior liberdade, a maior democracia e a maior equidade.

Moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ricón.

Rogo aos servizos da Cámara que acompañen o señor Ricón á tribuna do público.

(*Pausa.*)

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Seguinte texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, de reforma do Regulamento

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Solla, por un tempo de quince minutos.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Hoxe vimos falar non dunha simple proposición de lei en si, non soamente dunha iniciativa para modificar o Regulamento deste Parlamento, hoxe vimos falar de sistemas democráticos e de separación de poderes.

Dende que esta deputada entrou neste Parlamento, na anterior legislatura, asistín e asistimos —con bastante estupefacción— á impunidade coa que o Goberno adoita incumprir a propia norma da Cámara e mesmo incumprila, incumprir o propio Estatuto de autonomía.

Dende a miña chegada a este Parlamento —e supoño que lle pasará a moitas deputadas e deputados da Cámara— asistín, no caso da función de control, a preguntas escritas que non se respondían por parte do Goberno, e no mellor dos casos respondíanse incumprindo os prazos estipulados normativamente. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, señora Solla, que hai un pouco de ruído na sala.

A ver se deixamos que se despidan os nosos invitados e podemos continuar.

Por favor... Se poden... É que están no uso da palabra aquí abaixo. (*Pausa.*)

Grazas.

Prosiga cando queira.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Traslada que dende a chegada ao Parlamento asistín e asistimos —seguramente lles pasará a moitas deputadas e deputados desta Cámara— a como moitas das preguntas escritas que se formulan non se respondían por parte do Goberno; e no mellor dos casos respondíanse cun incumprimento de prazos estipulados. Asistín tamén —e seguimos asistindo as diferentes compañeiras e compañeiros— aos incumprimentos na satisfacción das peticións de información escritas ás que temos dereito ao abeiro do artigo 9 do Regulamento desta Cámara, e en amparo do propio contido do Estatuto de autonomía. Peticións de información que seguen sen satisfacerse, motivo que xa ten suposto reclamación por parte desta deputada á mesma Mesa da que tamén formo parte.

No caso da función de impulso non existe ningún garante do cumprimento dos textos aprobados, incluso cando falamos de leis de obrigado cumprimento. A demora no seu desenvol-

vemento, a ausencia de investimento e o nulo interese dalgúns dereitos regulados fan que hoxe leis aprobadas neste Parlamento non se estean a cumprir. Exemplos temos dabondo dunha circunstancia que é gravísima, ao noso entender. Lei de servizos sociais, Lei de garantías de prestacións sanitarias, Lei de dereitos das persoas LGTBI ou Lei de dereitos das persoas enfermas terminais son algúns exemplos de leis nas que eu mesma fun ponente e que a día de hoxe, a pesar de pasados os anos, seguen sen cumprirse.

No caso das proposicións non de lei e mocións non existe a obrigatoriedade legal do seu cumprimento, mais se atendemos ao sentido útil que debe ter o poder lexislativo, cabe preguntarse: ¿entón para que serve aprobalas?

Segundo os textos de dereito institucional, constitucional e parlamentario as proposicións non de lei e as mocións son iniciativas que se poñen en marcha precisamente para instar o goberno a actuar nun determinado sentido. Mais, ¿que sucede? ¿Que podemos agardar se durante moito tempo, se durante anos, ningunha das iniciativas que se aproban neste Parlamento son contempladas por parte do Goberno e son levadas a cabo? ¿Que sentido ten o impulso parlamentario sen ningún tipo de control sobre ese impulso?

A función de control foi estudada por diferentes profesores e profesoras de Dereito constitucional, de Dereito administrativo e persoal letrado das cámaras parlamentarias. En diferentes estudos queda patente que se ben as proposicións non de lei e as mocións non teñen unha vinculación legal para o Goberno, si a teñen a nivel político. Por iso novos regulamentos parlamentarios están arbitrando fórmulas de avaliación *ex post* de actuación do Goberno en cumprimento das decisións parlamentarias.

Por poñer algún exemplo de métodos de control do cumprimento de iniciativas aprobadas: as Cortes de Aragón dotáronse da obrigatoriedade de comprobar o cumprimento en comisión e pleno, artigos 187 e 203 do Regulamento das Cortes. Ou en condicións semellantes o Regulamento da Cámara do Principado de Asturias, que nos seus artigos 209 e 223 establece elementos de control de cumprimento do aprobado.

O artigo 148 da Constitución ampara que é competencia da comunidade autónoma a organización das súas institucións de autogoberno, incluídas as propias do Parlamento. O artigo 10 do Estatuto de autonomía fixa como unha das funcións do Parlamento de Galicia tanto a potestade lexislativa como o control de acción executiva da Xunta de Galicia. A disposición derradeira segunda do Regulamento desta Cámara establece o procedemento de reforma do propio Regulamento.

Polo tanto, con base nos principios de dereito administrativo e constitucional, o noso grupo presenta hoxe esta proposta de reforma do Regulamento, que non é unha proposta expresa como a que sufrimos no ano 2015 —ao noso entender—, que cercenaba a participación.

O actual Regulamento non facilita o control dos mandatos non lexislativos que supoñen a manifestación da vontade unánime ou maioritaria da Cámara. Esta deputada, como xa lles trasladaba ao inicio, teno sufrido dende a entrada da pasada lexislatura. Temos exemplos dabondo. Eu teño algunhas proposicións non de lei aprobadas na pasada lexislatura que a

día de hoxe seguen sen cumprir. Por exemplo, a actuación que debía levar a cabo a Xunta de Galicia para introducir quendas de tarde na actividade de quirófanos e de consultas, algo que ten moito que ver co que acabamos de debater e que só tardou uns días o Executivo en dicir nos medios de comunicación que non a ía cumprir, sen vir a esta Cámara dar ningún tipo de explicacións ao respecto, nun desprezo total e absoluto.

Ou unha do ano 2014 sobre a necesidade de reparación do centro de saúde do Milladoiro, ou do 2015 sobre a necesidade de manter aberta a residencia de tempo libre de Panxón, ou do 2015 sobre as actuacións sobre a relación da atención da endometriose, que estamos outra vez debatendo nesta Cámara, onde tamén foi aprobada unha iniciativa do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda na pasada lexislatura. Ou en 2016 sobre as demandas que debe realizar o Goberno central en relación co regulamento ou desenvolvemento da Lei do dereito de asilo e de protección subsidiaria, ou mesmo algunha sobre os dereitos de integración das persoas refuxiadas procedentes de Siria, tamén do ano 2016. Temos unha lista ampla que seguro que o resto de grupos parlamentarios poderían ampliar con moitas iniciativas súas que foron aprobadas e non cumpridas.

Nesta lexislatura, dende o propio exercicio da Vicepresidencia da Cámara, teño interesado a necesidade de que o Parlamento soubese se a Xunta de Galicia cumpre ou non cos mandatos enviados por parte da Cámara, polo que no seu momento se lle propuxo á propia Mesa que se interesase polo dito cumprimento, ao entender que sendo o órgano de representación do Parlamento de Galicia debiera interesarse por se se cumpre ou non co que aproba o Parlamento de Galicia; semella lóxico.

Sen embargo, a maioría da Mesa rexeitou interesarse por estes asuntos e demandar información ao Goberno. Consideramos, pois, que nos situamos nun punto de indefensión, por chamalo dalgunha maneira, porque se ben as deputadas e deputados podemos facer preguntas ao Goberno no noso exercicio de control, o cumprimento das iniciativas aprobadas na Cámara debera poder controlarse de xeito sistemático.

A cidadanía ten dereito a saber se o Goberno cumpre co que aproba o Parlamento de representantes, ao que votou a mesma cidadanía. É necesario, polo tanto, articular mecanismos que permitan exercer ese control das iniciativas non lexislativas aprobadas, dotándoo dos ditos mecanismos de cobertura legal amparados no Regulamento.

Propomos un novo título, cun artigo que establece a necesidade de que en cada período de sesións o Goberno remita á Mesa do Parlamento un informe da situación e grao de cumprimento das proposicións non de lei e mocións aprobadas. Propomos que recibido este informe a Mesa acorde a súa aprobación e que poidan os grupos, polo menos pola petición dun deles, exixir a comparecencia, na comisión de peticións, dun representante do Goberno ou dunha representante do Goberno para explicar o dito informe e responder ás preguntas dos grupos.

Somos coñecedoras de que hai outros aspectos reformables do Regulamento. Eu mesma facía referencia, hai uns minutos, ao incumprimento das peticións de información ao abeiro do artigo 9, melloras que de ser tomadas en consideración poderán ser debatidas e ampliadas na ponencia.

Hoxe, sen embargo, queremos poñer o acento na ausencia de mecanismos para controlar o Goberno e para controlar se o Goberno cumpre co aprobado nesta Cámara. Porque, repito, as iniciativas non se están a cumprir, as repostas non se están respondendo, nin sequera as orais, e sabemos bastante no noso grupo, compañeiro Manuel Lago, do que acontece nas comisións de economía. E as peticións de información non se satisfan, tampouco, por norma xeral.

A impunidade do Goberno é total nestes momentos e queda invalidada nesta situación unha separación de poderes, que parece ser que todo o mundo defende nesta Cámara. Isto fai que nos preguntemos para que serve o traballo nesta Cámara, fai que se incumpra coa representatividade que temos as deputadas e deputados que apoiaron persoas que non apoiaron o grupo que sustenta o Goberno.

A cidadanía ten dereito —porque votou os diferentes grupos parlamentarios— a que se cumpran as demandas que nos trasladan e a que coñezamos os datos que motivan o non cumprimento desas demandas.

Temos moi poucas ocasións nas que se aproben iniciativas, e sobre todo, por unanimidade neste Parlamento. Resulta absurdo que incluso cando se aproban iniciativas por unanimidade nesta Cámara logo esas iniciativas nin se leven á practica nin teñamos un mecanismo de control para saber por que non está sendo así.

O Parlamento sufrágase con impostos de todas e todos os galegos, igual que o Goberno, e o pobo, polo tanto, ten dereito a que o que se aproba no seu Parlamento se leve a cabo, se cumpra. Polo tanto, que se cumpra tamén co mandato popular, con aquilo que nos trasladan cando facemos o noso traballo como deputadas e deputados. É unha cuestión básica, unha cuestión básica de transparencia que debera interesarlle ao Goberno que di que defende a transparencia. Polo menos, que teñan que dar conta do cumprimento do que aquí se aproba, se non teremos que preguntarnos de que serve o traballo que facemos as deputadas e os deputados no Parlamento.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas e a todos.

Desde o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar a toma en consideración desta Proposición de lei para a modificación do Regulamento, unha iniciativa que abre, desde o noso punto de vista, un debate ben interesante e absolutamente necesario.

Mais cremos que debería ir alén da reforma do artigo 167, relativo ás proposicións non de lei e ás mocións, para se constituír unha ponencia coa que avaliarmos unha reforma máis

ampla e profunda do conxunto do Regulamento. Porque desde o noso punto de vista, tanto das persoas que xa estaban presentes nesta Cámara en anteriores lexislaturas, como daquelas que pasamos a facer parte dela neste mandato ou neste período, o que estamos vendo é que se trata dun instrumento limitador do propio exercicio parlamentario con tempos de tramitación das iniciativas absolutamente paquidérmicos. Absolutamente paquidérmicos e absolutamente anacrónicos se temos en conta que nos atopamos no ano 2017, inmersos desde hai xa bastante tempo nunha sociedade na que a actualidade e a información flúen cada vez con maior celeridade.

Temos que agardar sete días, sete, unha semana desde a publicación dunha iniciativa no *Boletín do Parlamento* até que se posibilita a súa incorporación nunha orde do día, e iso é algo que impide, a todas luces, facer un seguimento da actualidade rigoroso e que provoca que a Cámara de representantes do pobo galego chegue as máis das veces tarde e cos acontecementos ben avanzados xa.

Entre pitos e frautas, impóñense até quince días de agarda, quince días de agarda entre que rexistramos unha iniciativa, entre que se xunta á Mesa do Parlamento, que se acepta a propia iniciativa, que esta é publicada no *Boletín do Parlamento* e, por suposto, sete días de corentena para que aparezan recollidas no propio Regulamento.

Existen a día de hoxe infinidade de ferramentas que permitirían unha maior e máis áxil participación, mesmo das persoas que vivindo e traballando no noso país non foron electas deputadas nesta Cámara e que deberían contar, como xa defendeu o Bloque Nacionalista Galego, co gallo da reforma que tivo lugar do Regulamento no ano 2015, cunha comisión de participación cidadá.

Debera ser unha obriga, desde o noso punto de vista, adecuar o Parlamento á realidade do noso tempo, converténdoo nunha Cámara máis aberta, máis áxil e, por suposto, máis dinámica, adaptada á realidade —xa digo— dunha sociedade na que a información flúe con cada vez máis celeridade.

Ben é certo, tamén é verdade, remitíndonos, precisamente, aos acontecementos e remitíndonos, precisamente, ao debate daquel ano 2015 que ao Partido Popular non lle interesa, e simplemente hai que revisar o *Diario de Sesións* para ver as razóns que motivaban a non aceptación da maior parte —por non dicir, creo, a práctica totalidade— das iniciativas que rexistraba naquela altura o Bloque Nacionalista Galego. Pola contra, naquela reforma o que se fixo foi impor maiores criterios de proporcionalidade dos que xa existían, cercenando a igualdade de oportunidades entre os distintos grupos parlamentarios.

Desde o noso punto de vista a proporcionalidade xa a fixa o electorado nas urnas coa representación que outorga a cada forza política, e nós somos a cuarta, a moita honra, e non fai falta que nolo lembren, xa o lembramos nós. Ningún regulamento debería, polo tanto, limitar a capacidade das formacións para traballar, senón que o que debera era pular por unha igualdade real á hora de incorporar iniciativas na orde do día ou desenvolver o labor de control ao Goberno.

Así as cousas, o que nos convoca hoxe é o control político do cumprimento e a execución das iniciativas non lexislativas aprobadas pola Cámara, por certo, de carácter non vinculante, para que o saibamos todas e todos, que xa estamos abondo e sobradamente enteradas que, polo tanto, queda en mans do Goberno decidir se quere ou non, segundo se lle antolle ou lle conveña efectivizalas. Que non se cumpren en moitos casos é un feito, expuxéronse algúns xa por parte da portavoz de En Marea hai un momento.

Eu vou lembrarlles algún outro exemplo, así quizais pola súa temática un pouco máis de actualidade. O 19 de febreiro de 2016 o Parlamento aprobou por unanimidade instar a Xunta a adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes por parte de Ferroatlántica, ¿lembran? Un ano despois a Xunta anda a mirar como nos vende a moto para dobregarse aos intereses do conde de Villar Mir — lembremos imputado, agora hai que dicilo así, investigado por presunto financiamento ilegal do Partido Popular— revestindo de técnica o que non é outra cousa que unha decisión política; política, que é o que facemos aquí.

Outra, maio de 2016, o Parlamento de Galiza insta a Xunta a reclamar as competencias de saúde penitenciaria. Non só non cumpriron o acordo, senón que desde a consellería non facilitaron a información requirida pola valedora do pobo sobre as persoas reclusas que estaban a ser tratadas por hepatite C no noso país, e que en moitos casos están obrigadas a deslocalizarse a presidios doutros territorios do Estado español. É grave, si, e máis sería se fose o único que non se cumpre, pero non é así.

Das 18 solicitudes formuladas no que vai desta lexislatura —e tampouco hai tanto tempo, quedanos moito por diante, pero polo que levamos agora transcorridos de lexislatura— polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento, que como saben garante o dereito das persoas representadas nesta Cámara a requirir e obter documentación da mesma, e que obriga —porque iso ten unha contrapartida— ao Goberno a proporcionala nun prazo non superior a trinta días, só nos foi contestada unha, unha de 18, ¡e tanto lles ten!

Pero é que por non cumprir —se nos poñemos a debullar polo miúdo cal é a realidade— non cumpren nin coas súas propias leis. Disposición adicional quinta do Decreto 79/2010, para o famoso plurilingüismo, que obriga o Goberno a avaliar os resultados da súa aplicación con carácter anual. Pedímoslle nesta Cámara que remitisen os datos correspondentes a esas avaliacións, fixémoslo pola vía das proposicións non de lei, varias, ademais unha sendo portavoz da área de ensino e lingua o señor Bieito Lobeira, a máis recente xa sendo eu, estando eu nesta Cámara, e vostedes negáronse. Solicitámolo a través do artigo 9, seguimos agardando.

Leo 9/2011, de medios audiovisuais públicos de Galiza —esta leva a palma de todas—, xa houbo ocasión recentemente de debater sobre ela, ou polo menos de facer parte dun debate arredor dela. Nin elección parlamentaria por maioría cualificada da dirección xeral, nin contratos programa, nin estatuto profesional, nin, por suposto, nada de nada dos consellos de informativos. E van seis anos da súa aprobación e entrada en vigor, ¡seis!

A respecto doutros textos normativos e acordos parlamentarios varios, que foron ademais famosos polo consenso que colleitaron arredor de temas bastante importantes do noso país,

para o futuro ademais do noso pobo, directamente decidiron que o mellor era legislar en contra, caso da Lei de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización lingüística.

Reitero, en nome do meu grupo, que apoiaremos a toma en consideración desta iniciativa, reitero tamén o emprazamento a todas as forzas a darlles unha volta en profundidade ás regras de xogo desta Cámara, non limitándonos única e exclusivamente —se finalmente sae adiante esta iniciativa— ao artigo 167, diante dunha posíbel reforma; a adecuarmos o funcionamento da Cámara aos tempos; a dinamizar e axilizar os trámites parlamentarios para dar resposta áxil e dinámica ao que está acontecer fóra das paredes deste pazo do Hórreo; e, sobre todo, a garantir a necesaria participación popular a través dunha comisión na que escoitarmos directamente o que teñen que dicir os distintos sectores sociais do noso país, porque vivimos no século XXI, no ano 2017. Hai ferramentas dabondo para non ter que agardar quince días até poder traer a este pleno algunha iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista imos votar tamén a favor da toma en consideración desta proposición de lei, e de superar esta primeira fase entendemos que quizais necesitaría algún matiz, por exemplo, respecto da comisión na que debe comparecer o representante do Goberno para explicar o informe sobre o grao de cumprimento das resolucións da Cámara ou, incluso, incluír a obrigatoriedade da comparecencia deste representante do Goberno sen necesidade de que llo pida ninguén.

Non perdamos de vista que o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 10 establece que é unha das funcións do Parlamento controlar a acción executiva do Goberno, e esta proposición de lei fala precisamente diso, do control político do Goberno e, sobre todo, de averiguar que cantidade de respecto nos ten o Goberno do señor Feijóo aos deputados e deputadas que traballamos neste Parlamento.

Como xa subliñamos noutras ocasións, os mecanismos de bo goberno son contrapesos que van ter os cidadáns fronte á arbitrariedade; os cidadáns, a través destes mecanismos de bo goberno, poden facer un uso máis eficaz da democracia, e unha manifestación son estes mecanismos de bo goberno, unha manifestación de respecto polos dereitos civís.

De feito Galicia, cando gobernaba un presidente socialista, foi pioneira en España en poñer en marcha, precisamente, eses mecanismos de bo goberno, aprobando a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. Esta lei foi reforzada no ano 2016, o 18 de xaneiro, a través dunha lei que regulou o nivel de información nas relacións entre o poder lexislativo e o poder executivo.

Con estas dúas normas, cómpre falar de dous mecanismos de bo goberno: o primeiro é o artigo 19 desta lei do ano 2016, que establece que cada final de ano a Xunta de Galicia elaborará e publicará no portal de transparencia e goberno aberto un informe precisamente sobre o mesmo que versa esta proposición de lei. Un informe sobre o grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento durante cada ano.

Pero este índice, o índice para o ano 2016, que foi o primeiro ano dende a entrada en vigor da lei do ano 2016, entrou en vigor aos vinte días da súa publicación, é dicir, trinta e oito días despois do inicio do ano 2016, pois ese índice a finais do ano 2016, agora mesmo, non consta dispoñible no portal de transparencia. Quizais pode ser porque Galicia teña descendido no seu nivel de transparencia entres os anos 2014 e 2016, exactamente igual que outras dúas comunidades autónomas: Castela e León e Cataluña.

Hai escasamente uns días, o meu compañeiro Juan Villoslada debatía co vicepresidente Rueda, e o vicepresidente Rueda dicía que si, que dende o Goberno se daba a máxima información e que ían cumprir precisamente este artigo da lei do ano 2016, pero que aínda non pasara un ano, e que entón ían esperar ao ano 2017. O curioso é que a lei non di que teña que pasar un ano, senón que o que di a lei no seu artigo 19 é que a finais de ano se publicará un informe sobre o grao de cumprimento das resolucións do Parlamento ano a ano. É dicir, en 2016 correspondería en decembro respecto do ano 2016.

Pois ben, nós non aceptamos esta resposta, reiteraremos a nosa petición na Comisión 1ª da publicación do informe, tal e como o fixemos en varias ocasións.

E o certo é que o noso deber como deputados e deputadas nesta Cámara é reivindicar que o noso traballo diario sirva para algo, e que o Goberno estea sometido a, como mínimo, un mínimo control político por parte deste Parlamento.

Nesa liña, hai escasamente un mes no Congreso dos Deputados aprobábase por unanimidade, a instancias do PNV, xustamente o control no grao de cumprimento das mocións e das PNL parlamentarias a través dun informe que cada quince días posteriores á entrada no rexistro do Congreso sería explicado ou terá que ser explicado por un representante do Goberno, comparecendo na Comisión do Regulamento e respondendo aos requirimentos dos grupos parlamentarios.

O Partido Popular, polo tanto, aprobada por unanimidade, votou a favor, quizais sexa porque vostedes agora son moi amigos, *amiguitos*, do PNV, e ao mellor poderían facer algo semellante, e aínda que dende as bancadas da oposición non sexamos tan *amiguitos*, poderían facer gala de votar a favor e cumprir —aínda que só fose— o artigo 19 dunha lei, a do ano 2016, que saíu precisamente desas bancadas, as súas bancadas do Goberno.

Cada semana, ás veces cada mes, aprobamos proposicións non de lei en comisión, proposicións non de lei en pleno, mocións en pleno que acaban rematando en caixóns, ninguén controla se se cumpren ou non, e sobre todo dá a sensación de que non teñen ningunha efectividade, de feito moitos dos nosos compañeiros —que así nolo piden— preguntánnos: «Pero se foi aprobada, por que non se cumpre, por que seguimos exactamente igual que

cando vos pedimos que presentarades esta proposición non de lei, ou calquera interpelación que dea lugar a unha moción?»>>

Na pasada lexislatura, en pleno aprobabamos 5 mocións e 20 proposicións non de lei. En comisión, a instancias do Grupo Parlamentario Socialista, 67 proposicións no de lei.

Pois ben, non sabemos se se cumpriron ou non, e nalgúns casos sabemos que non se cumpriron, acábanse de poñer exemplos hai uns momentos.

Eu quero poñer un exemplo dunha das miñas comisións, a Comisión de Medio Ambiente, porque foi reiterado o control da herba da Pampa. Fixemos tres proposicións non de lei na pasada lexislatura, o Grupo Parlamentario Popular votou a favor dúas veces, unha en contra. Nesta lexislatura temos presentada outra proposición non de lei, votaron a favor e seguimos exactamente igual non, moito peor que ao comezo da pasada lexislatura.

Polo tanto, a falta de respecto polo traballo parlamentario é increíble. En Euskadi incluso o seu regulamento, dende hai moitos anos, ten un precepto exactamente igual que o que se pide aquí, e no ano 2003 o Grupo Parlamentario Socialista pedira no Congreso a reforma do Regulamento, e esa solicitude foi freada polo Partido Popular naquel momento.

Como vostedes e nós non somos iguais, aquel terrorífico presidente José Luís Rodríguez Zapatero remitiu voluntariamente, e sen que existise esa norma, 3 informes ao Congreso de cumprimento de compromisos parlamentarios aprobados, só porque vostedes e nós non somos iguais.

A vostedes non lles gusta o control parlamentario, coñecen fórmulas para cercenalalo, por exemplo esas leis ómnibus que van coas leis de orzamentos, e que modifican, por exemplo, a Lei do Consello Consultivo de 2014, a través de algo que evidentemente non é ilegal, porque está nunha lei, pero é dubidosamente constitucional e claramente unha cacicada de libro.

O segundo mecanismo de bo goberno é o cumprimento en transparencia ou en medida de loitas contra a corrupción e contra a fraude. Iso ten que ser algo máis que —como di o noso compañeiro Abel Losada— pura propaganda, porque a corrupción existe —é ben certo que máis nuns sitios ca noutros—, pero o peor é que xera desencanto nos cidadáns respecto do funcionamento das institucións, deste Parlamento, dos representantes dos propios cidadáns e dos partidos políticos.

Quizais vostedes, señores do Partido Popular —o único partido político que ten sido procesado neste país dende o comezo da historia da democracia en España, a historia da democracia é recente— saben pouco, e quizais por iso medidas de loita contra a corrupción poderían servir para non ter que ler noticias coma esta hai escasamente uns días, nun diario de tirada nacional e que vou ler en castelán: *«El Partido Popular de Madrid aportó 685.000 euros no declarados a la campaña de Mariano Rajoy en las elecciones generales de 2018, las segundas en las que el actual presidente del Gobierno se presentó como cabeza de lista del PP nacional. Según el juez Eloy Velasco, esos fondos habrían permitido a Génova rebasar los límites legales de gasto, concurriendo así en ventaja con respecto a sus competidores. El dinero salió de la trama de financiación*

ilegal de los populares madrileños, que presuntamente lideraba Francisco Granados, supuesto cerebro de la operación Púnica». Fin de la cita.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, ben, debatemos hoxe unha proposición de lei co fin de reformar o Regulamento desta Cámara, un regulamento que foi reformado no ano 2015, e a dita reforma comezou cunha proposición como a de hoxe, unha proposición de lei presentada polo Grupo Socialista, e tras os traballos de ponencia rematou coa súa aprobación e co voto favorable da maioría da Cámara, do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Socialista.

Fagamos un pouco de memoria sobre o que aconteceu con aquela reforma do Regulamento e sobre cal foi a postura do seu grupo, señora Solla; vostede lembrarao ben porque vostede era deputada daquela.

Pois naquel momento vostedes renunciaron a participar na modificación do Regulamento hoxe vixente, non presentaron emendas. Limitáronse a facer o seu habitual show, cun escrito cheo de slogans de rúa que nada aportaban a mellorar a participación dos deputados e deputadas na vida parlamentaria.

Falaban naquel escrito dun goberno recente, dos homes de negro da Troika. Falaban tamén da imposición regulamentaria pola elite bipartidista para abafar a oposición parlamentaria. Falaban dos poderosos, apelaban á necesidade de fortalecer a capacidade de fiscalización sobre o Goberno galego e aceptar un parlamento plural, que recolla as voces do seu pobo, voces, por outra banda, que vostedes se encargaban de silenciar: cando non presentaban emendas á reforma do Regulamento, cando vostedes non formulan propostas de resolución ao informe do Consello de Contas, cando vostedes actúan como observadores en determinadas comisións.

En definitiva, vostedes presentaban unha crítica ao bipartidismo, porque nas súas verbas quería coartar a expresión da contestación social da que vostedes formaban parte, e ademais son voceiros. Unha vez máis, e como sempre, unha película de bos e malos.

Hoxe seguramente o argumentario tería mudado, e seguramente nin falarían sequera de homes de negro, nin da Troika, nin do bipartidismo co que pretenden chegar a acordos, porque sós xa saben que non poden conseguir todas as súas aspiracións políticas, así que hoxe só falarían de tramas.

E agora presentan unha proposición de lei que parte dunha falsidade, que o actual Regulamento non facilita o control dos mandatos lexislativos, e para iso poñen como exemplo as

proposicións non de lei ou as mocións, e nós preguntámonos: ¿onde queda o labor que se pode facer a través das preguntas escritas, das preguntas orais en comisión e pleno, do artigo 9 ou mesmo a través das interpelacións?

Igualmente, poden pedir vostedes a comparecencia do Goberno, iso si, precisan de 15 deputados. ¿Lembran a primeira comparecencia desta lexislatura? Pois a primeira comparecencia desta lexislatura foi a petición da oposición, pediron que comparecera o presidente da Xunta para explicar a Conferencia de Presidentes, e o grupo maioritario aceptou, e o presidente compareceu.

Por iso preguntamos onde está a dificultade de control ao Goberno. O que si era limitador nas súas verbas, señorías, era o que pasaba no Parlamento cando a esquerda e os nacionalistas gobernaban en Galicia. O presidente da Xunta contestaba en cada pleno 1 pregunta da oposición, hoxe contesta 3. Cando a esquerda gobernaba en Galicia os conselleiros respondían a 2 interpelacións e 3 preguntas da oposición en cada pleno. Neste pleno contestarán a 3 interpelacións e a 7 preguntas da oposición. Mesmo neste pleno 21 cuestións, das 28 que ten a orde do día, son da oposición: nin máis nin menos que o 75 %.

Señora Pontón, neste pleno non é o 80 % porque vostedes non meteron na orde do día a moción sobre o tema da lingua, algo que lles preocupaba moito no anterior pleno, como xa lle dixo o conselleiro, porque estaba preto o Día das Letras Galegas (*Aplausos.*); polo que se ve hoxe non lles preocupa tanto a lingua, a pesar do discurso da señora Rodil.

E podemos extrapolar estas equivalencias ás distintas comisións deste Parlamento. A capacidade de control ao Goberno que teñen vostedes, en consecuencia, duplica a que tiñamos nós cando fomos oposición, por certo sendo unha oposición con máis votos e máis escanos que a oposición que agora forman vostedes.

Señora..., a min gustaríame que a señora Pontón se quere falar que lle pida o turno á señora Rodil, pero que non interrompa, que sexa un pouco educada, por favor.

Señora Solla, da Lei de garantías sanitarias xa se teñen aprobado tres decretos de desenvolvemento, e da lei LGBTI fixéronse campañas, convenios coas asociacións, aprobouse o protocolo educativo para menores trans e mudouse o decreto dos centros de información á muller para atender tamén a estes colectivos.

Señora Vilán, lémbrolle que o Partido Socialista é o que está gobernando co PNV, eu non sei se agora que teñen un novo secretario xeral van mudar de *amiguítos*, pero dende logo que os que gobernan co PNV son vostedes, e nós non. (*Aplausos.*)

Señora Solla, di vostede que isto non é unha reforma exprés, pero só se mudaría un artigo. E di vostede que hai outros aspectos que se deben mudar, ¿por que non o fan? Nós queremos coñecer a súa proposta de regulamento, pero cando houbo a reforma vostedes non presentaron as súas emendas; agora di que tampouco presentan todo o que queren mudar. ¿Que teñen que ocultar, señora Solla? ¿Que teñen que ocultar?

Miren, é que ademais a súa proposta xa está regulada por lei no artigo 19 da Lei de transparencia, como acaba de apuntar a señora Vilán. Unha lei, señorías, que non contou con ningún voto en contra na súa aprobación, e que vostedes tampouco emendaron nesta liña que agora propoñen, e vostede xa era deputada, señora Solla, ¿que pasou naquela época? ¿Vostede non viu isto? ¿Non estaban na anterior lexislatura tan coartados no seu labor de control ao Goberno? Pero é que mire vostede, o artigo 19, ¿sabe de que é froito? É froito dunha transacción cunha emenda do Grupo Mixto, e que vostedes, e todos os grupos da oposición, votaron a favor. ¿Que nós está dicindo? É un artigo que expresamente votaron a favor. Aínda que non votaron a favor de toda a lei, concretamente do artigo 19, que foi froito dunha transacción co Grupo Mixto, vostedes votaron que si. Entón, a verdade é que sería bo que vostedes tiveran un pouco de coherencia política.

Pois, tal e como se dixo aquí, o artigo 19 ao que obriga é a que o Goberno publique un informe no portal de transparencia a final de ano. Xa lle explicou a directora xeral de Relacións Parlamentarias na Comisión 1ª que no ano 2016 non se publicara por mor das eleccións autonómicas; así que, señorías, agardo que si se fará.

Pero é que tamén hai cumprimentos puntuais que a Cámara recibe, de acordos como foi o do pasado 16 de maio, unha información sobre o cumprimento do acordo parlamentario, por exemplo, da creación dunha tarxeta dirixida aos peregrinos. Isto vostedes non o din, porque non lles interesa dicir que si se reciben informes de cuestións que o Goberno si está a facer.

Miren, o labor da oposición é controlar o Goberno, e vostedes pídennos que o Goberno se controle a si mesmo. ¿Onde queda o seu papel? ¿Onde queda o papel da oposición? O Goberno vai informar e vai proporcionar información nese documento que se vai colgar no portal de transparencia. Logo vostedes, se teñen algunha cuestión sobre ese documento, poden facer control ao Goberno, poden facer as preguntas e poden facer as interpelacións que consideren oportunas. E mesmo solicitar as comparencias e, por tanto, fiscalizar o labor de Goberno. Ao mellor o que están pedindo é, por se chegan ao Goberno algún día, que ninguén os controle, que teñan que controlarse vostedes a si mesmos. E en realidade o que buscan é un pouco o que fan outros réximes totalitarios, como algún que me vén á cabeza e que vostede coñece ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Solla, non deixa de ter graza que sexa vostede a que suba a esta tribuna a darnos leccións de sistemas democráticos e separación de poderes. Non teña medo, o Partido Popular non vai consentir que ningún Tribunal Supremo asuma os labores do Lexislativo, como ten pasado noutros países que vostede coñece ben. Iso deixámosllo para os que poñen camisetas que poñen «Chávez, te lo juro que voto por Maduro», *(Aplausos.)* e vostede sábeo ben. *(Aplausos.)*

Conclúo con tres cuestións. Unha, é absolutamente falso o que di a súa exposición de motivos, que o actual Regulamento non facilita o control dos mandatos non lexislativos. Teñen a posibilidade de presentar preguntas ou interpelacións ou de pedir comparencias ao Goberno, e mesmo poden pedir comisións de investigación de xeito directo. Só teñen que poñerse de acordo os grupos da oposición. É un Regulamento aberto, facilita a participación efectiva dos partidos da oposición, así como o labor de control ao Goberno.

En segundo lugar, o control parlamentario sobre as iniciativas aprobadas e o seu grao de cumprimento —como lle dixen— están regulados no artigo 19 da Lei de transparencia, unha vez ao ano publicárase ese informe ao que todo o mundo terá acceso.

E, en terceiro lugar, o actual Regulamento permite a solicitude de comparecencias do Goberno por un número de 15 deputados. Quizais, señorías, teñan que traballar un pouquiño máis para acadar un pouco máis de apoio dos galegos e das galegas e acadar algún deputado máis para non ter que depender da xenerosidade dos outros grupos da oposición.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Réplica do grupo autor da proposición de lei. Ten a palabra a Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, dar as grazas aos grupos da oposición, porque entendo que o grupo maioritario non ten a ben, como si o fai noutros parlamentos, apoiar que poidamos saber por que o Goberno non cumpre coas iniciativas que se aproban neste Parlamento. Sinceramente, é lamentable, aínda que non me sorprende, tampouco, pola súa banda.

Efectivamente, facían referencia as compañeiras que interviñeron a outros exemplos de iniciativas que están sen aprobar. E foi precisamente a señora Rodil a que puña un exemplo sobre as competencias en saúde penitenciaria, que foi o que motivou que esta deputada — neste caso como vicepresidenta— interesase á Mesa para que preguntase ao Goberno polo non traspaso desas competencias. Ao non ser posible, precisamente foi a Mesa do Parlamento a que falou e debateu a respecto de regulamentos que incidían neste aspecto de control que hoxe presentamos nesta proposición non de lei. Sen embargo, parece ser que ao Partido Popular tampouco lle interesa a opinión da Mesa do Parlamento de Galicia. ¡Que máis dá, vostedes fan o que lles dá a gana sempre!

Vostede preguntaba onde quedaba o labor de control, das peticións de información, das preguntas..., e eu tamén mo pregunto. Repito, non se están respondendo as peticións de información, soamente unha, a que eu mesma pedín como deputada dende o inicio da lexislatura. Tampouco na lexislatura pasada. Incúmprese o Regulamento do Parlamento, incúmprese o Estatuto de autonomía, pero a vostedes dálles absolutamente igual. As preguntas non se responden e as proposicións non de lei non se están a cumprir. Non é certo que exista un mecanismo de control para controlar o cumprimento das iniciativas non lexislativas. Repase vostede a lexislación vixente, señora Prado.

Vostede di que eu veño aquí dar leccións de democracia, a que vén dar leccións de democracia parece ser vostede. Vostedes son os que non poden dar ningún tipo de lección de democracia, e menos de separación de poderes. Vostedes, que presumen dese control dos aparatos do estado e das fiscalías; vostedes, que ademais sosteñen o sistema corrupto que hoxe en día podrece a presunta democracia deste país. (*Aplausos.*) Polo tanto, non nos sorprende que

vostedes non queiran que se exerza un control ao cumprimento do que nesta Cámara se aproba. ¡É lamentable! As galegas e galegos pagan esta Cámara, pagan o Goberno, teñen dereito... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Non se alteren, señores do Partido Popular..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Sabemos que a democracia lles proe, por iso nunca apoian as modificacións que abren o Parlamento ao pobo.

Efectivamente, en 2015 non quixemos participar desa farsa. Tamén cando se debateron... *(Murmurios.)* —por favor, eu pediría intervir con tranquilidade— Tampouco cando vostedes impediron que o Parlamento se abrise ás iniciativas populares nas que puidesen comparecer aquí persoas e debater non só nas ILP, senón con xeito normalizado. Fixemos propostas, nada lles valía. Vostedes cercenaron esa participación, a vostedes non lles interesa a democracia. Por iso hoxe volven, unha vez máis, votar en contra de algo que é unha iniciativa básica.

Evidentemente, hai outras cousas que reformar, porque vostedes continuamente practican modificacións —e así o vimos tamén no ano 2015— que impiden a participación nesta Cámara. Pero dá igual, vostede fala de todo, incluso é capaz de falar de Venezuela, porque prefiren nin sequera nomealo, eu creo que xa por vergoña, porque xa o argumento non dá para máis. Cando non teñen argumentos, cando non estudan as propostas que se traen, recorren sempre ao mesmo, recorren ao seu argumentario de Goebbels, recorren como sempre á mentira e á difamación.

A realidade é que aquí se trae unha proposta para controlar o Goberno e, sen embargo, o Partido Popular non quere que se exerza o control do Goberno pola Cámara dos representantes que votou o pobo. O pobo vota directamente os deputados e deputadas que están aquí —a todos os grupos, evidentemente— e ten dereito a saber por que non se cumpre coas propostas que traen. É lamentable que hoxe vostedes vaian votar en contra desta iniciativa. Nós, evidentemente, tomaremos nota —pero tamén agardo que a cidadanía— da falta de democracia e da continuidade do seu grupo apoiando a ausencia de división de poderes e o poderemento deste réxime.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Finalizado o debate dos textos lexislativos... *(Murmurios.)* —silencio, por favor—, procedemos á votación dos mesmos.

Pechen as portas, por favor. *(Pausa.)*

Votamos, en primeiro lugar, a toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a creación do hospital público único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital de Montecelo.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital de Montecelo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, de reforma do Regulamento.**

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, de reforma do Regulamento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración deste texto lexislativo.

O señor PRESIDENTE: **Abran as portas, por favor.**

E pasamos ao segundo punto da orde do día, comparecencias en Pleno.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar do novo modelo de atención en Atención Primaria

O señor PRESIDENTE: Para a súa intervención ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Comparezo hoxe, a petición propia, para informar a Cámara do que denominamos novo modelo de atención primaria. Todos, profesionais, sectores, pacientes e cidadáns, estamos convencidos das bondades do noso sistema sanitario, do seu valor na vida das persoas e para a sociedade no seu conxunto; das melloras obtidas na saúde da nosa cidadanía, cun modelo asistencial que contribuíu a acadar un elevado nivel de saúde. En parte grazas aos logros

conseguidos a través deste sistema, tamén podemos dicir que hoxe a nosa sociedade é diferente á de hai máis de medio século.

Penso que hai unanimidade na valoración dos cambios sociodemográficos e sociais das características dos pacientes e nas súas necesidades. Atopámonos co envellecemento, a dependencia, a dispersión xeográfica e os cambios sociais e familiares. E como consecuencia de todo isto, coa necesidade de facer cousas diferentes de maneira diferente, ir adaptando o sistema á súa organización e funcionamento a estas novas necesidades, da mesma forma que ninguén pon en cuestión a necesidade da actualización constante e permanente dos profesionais para manter os seus coñecementos e capacidades. Temos un sistema con pacientes crónicos que hai que atender no seu contorno na atención primaria antes que no hospital, no seu domicilio antes que no propio centro de saúde, de aí que precisemos un cambio no novo modelo de atención.

Ante esta necesidade e co convencemento de que a atención primaria é un elemento clave nesta resposta, e coa vontade de proporcionar a mellor asistencia e ao mesmo tempo xestionar os recursos do sistema de forma responsable e no maior interese da cidadanía, hai meses puxémonos a traballar xunto con profesionais —a través de colexios médicos, de sociedades científicas, tamén do Consello Asesor da Consellería de Sanidade— en cales son os principais retos a afrontar na atención primaria e elaborar propostas de mellora. Os grupos de traballo fixéronse en torno a catro áreas, fundamentalmente: a xestión de actividades de consulta, á área en relación coa actividade hospitalaria, a área de xestión de recursos humanos e a área de formación e docencia.

Por outra parte, temos a visión dos pacientes e cidadáns a través dos contactos que mantemos coas asociacións e a través da opinión manifestada nas enquisas, que é a que transmiten os propios profesionais. En febreiro publicouse o barómetro sanitario do ano pasado, e o que vimos como consecuencia é a valoración dos cidadáns: 9 de cada 10 galegos consideraban que a atención que recibían en atención primaria era boa ou moi boa. Os resultados son positivos, pero queremos facer un esforzo de mellora na atención que ofrecemos día a día nos centros de saúde. Estamos ante un paciente máis informado, máis preocupado pola súa saúde, máis exixente; e as doenzas que padece son cada vez máis crónicas e conviven con elas moitísimos anos.

Creemos firmemente que a atención primaria é o elemento clave e fundamental no que temos que pilotar o novo modelo de atención que queremos ofrecer e dar ao paciente galego. Os requirimentos e expectativas dos cidadáns son o motor do noso cambio e o noso obxectivo é lograr unha asistencia máis cercana, máis rápida, de máis calidade e máis consolidada; e harmonizar a incorporación de innovacións clínicas e tecnolóxicas coa súa efectividade e seguridade.

Queremos humanizar a asistencia sanitaria, o que significa aunar as dúas partes inseparables dunha boa atención: por un lado, a capacitación científico-técnica dos profesionais, e, por outro, a aproximación integral e humanística ao paciente como persoa que é digna de respecto e total consideración.

É preciso avanzar tamén na prevención, tanto primaria como secundaria, porque se poden evitar moitas patoloxías ou evitar agudizacións e agravamentos modificando os estilos de

vida e capacitando os pacientes e as persoas do seu contorno para que poidan xestionar a súa saúde con criterio, que coñezan a información que lles permita identificar signos de alarma e como facer o mellor uso do sistema. Un modelo aberto á sociedade, aberto ás persoas, a servizos sanitarios que teñen a compoñente comunitaria e social inherente ás necesidades actuais dos cidadáns que demandan a nosa atención.

Todo isto require definir un novo modelo de atención primaria con todos os elementos positivos e ben valorados que xa posúe, pero máis proactivo, coa incorporación efectiva de novas tecnoloxías de comunicación e información tan potentes e tan desenvolvidas en Galicia como unha ferramenta fundamental de apoio ao paciente e tamén aos profesionais. Un paso adiante na evolución do sistema sen rupturas, con pasos sólidos sobre as bases construídas. Para ilustrar esta enorme actividade que se realiza no ámbito da atención primaria, quero recordar que durante o ano 2016 se realizaron case 26 millóns de consultas neste recurso asistencial. E tamén quero deixar claro que unha alta porcentaxe de problemas de saúde se resolven nos nosos centros de saúde, máis do 90 %.

Neste punto quero recordar que as persoas maiores representan as tres cuartas partes da demanda asistencial en atención primaria. E que as enfermidades crónicas teñen unha prevalencia do 20 % e supoñen un 70 % do gasto sanitario; en moitas persoas coexiste máis dunha patoloxía.

Para confirmar que este camiño está xa iniciado, que xa demos pasos, podemos dar as seguintes cifras dos seguintes programas. A Consulta telefónica e o programa Conecta 72, cun total de preto de 5,4 millóns de consultas, das que o 99,8 % se puideron resolver sen necesidade de desprazamento do paciente. No ano 2016, realizáronse un total de 2.021.000 consultas telefónicas.

A e-Interconsulta de Atención primaria-Atención hospitalaria e os nosos servizos clínicos, cunha actividade crecente. En 2014 xa foi de 59.000; en 2015 máis de 72.000; e pechouse o ano 2016 con 86.596, cun incremento dun 46,7 % respecto ao ano 2014. E os novos acordos de xestión inclúen novos protocolos desta e-Interconsulta.

A continuación irei expoñendo as actuacións en cada unha das áreas de traballo que abor-damos cos grupos constituídos. Unha moi importante é a continuidade asistencial. Os distintos recursos asistenciais deberán estar organizados de forma que manteñan a debida continuidade dentro do Sergas, co obxectivo de lograr unha continuidade asistencial que garanta que o paciente ten un recurso sanitario dispoñible as 24 horas do día.

A existencia da historia clínica electrónica, Ianus, permite avanzar notablemente neste obxectivo, pero a intención do Servizo Galego de Saúde é potencialo por medio das seguintes medidas.

Necesitamos garantir ás persoas que o proceso asistencial da súa enfermidade vai ser continuo, que non haberá rupturas. Por iso é necesario identificar e integrar aspectos para a mellora desta continuidade asistencial do paciente nos distintos procesos de transición: procesos asistenciais integrados ou rutas asistenciais; programas de conciliación de medicación; consulta telefónica; Conecta72 etcétera.

As vías rápidas, mediante as que o acceso hospitalario para determinadas patoloxías graves se establece en menos de 15 días, son unha mellora evidente de calidade asistencial. Neste sentido, no futuro incluíranse non só vías rápidas oncolóxicas, senón tamén para patoloxías non oncolóxicas cunha evidencia científica de que necesiten urxencia neste diagnóstico.

Avance na xestión das axendas de e-Interconsulta, que facilitarán a comunicación entre a Atención primaria e hospitalaria, permitindo que se estableza o seguimento compartido dos pacientes entre ambos recursos asistenciais, primando a resolución asistencial, o acceso informático e a información sobre a dispoñibilidade e estado das consultas. Utilizaranse tanto as comunicacións por medio de Ianus como por medio de videoconferencias entre os profesionais.

Acceso a probas complementarias, tamén moi importantes desde o punto de vista da axilidade na atención aos pacientes. Cremos nunha atención primaria cunha elevada capacidade resolutiva. Xa hoxe isto é unha realidade, mais estamos convencidos de que aínda pode ser superior. Por iso, darase acceso á solicitude de probas complementarias por parte de todos os centros de saúde do Servizo Galego de Saúde. Ademais, pretendemos que este acceso sexa homoxéneo en toda Galicia, que calquera cidadán teña acceso ás mesmas probas en calquera centro de saúde.

Xestión da cronicidade. Somos conscientes de que a sanidade está cambiando nos últimos anos, e cobra especial protagonismo o paciente crónico. Por iso a cronicidade é unha das liñas estratéxicas do Sergas, incidindo sobre aspectos relacionados coas patoloxías máis prevalentes na cidadanía galega: o EPOC, a diabetes, a insuficiencia cardíaca, o desenvolvemento de programas específicos en pacientes polimedicados, xa moi instaurado na práctica asistencial actual.

Os sistemas sanitarios que temos foron deseñados para atender principalmente episodios agudos de enfermidade, e debido a esta concepción experimentan dificultades para responder ás necesidades dos pacientes con patoloxías crónicas. Isto provoca que esta parte especialmente vulnerable da poboación estea exposta a múltiples riscos, como o control inadecuado dos seus problemas, a duplicidade duns servizos e a omisión doutros, o infra-diagnóstico ou os erros médicos.

Para mellorar a capacidade de resposta da organización sanitaria existen distintas estratexias que comparten rasgos comúns, como a busca dunha asistencia proactiva, centrada no paciente, a continuidade da atención, a promoción do autocoidado, o apoio á familia e a participación da comunidade.

Segundo os últimos datos dos que dispoñemos, en Galicia a poboación con máis de 65 anos ronda o 25 %, e na provincia de Ourense chega ao 30 %. Ademais, segundo datos da Consellería de Política Social, aproximadamente 50.000 maiores de 65 anos viven sós, e 300.000 conviven cun único coidador da mesma idade, tendencia que se manterá ou incluso aumentará no futuro. A este escenario vense unir a dispersión xeográfica e o incremento da dependencia da nosa poboación.

É por isto que estamos a elaborar un plan de atención á cronicidade que integra a atención sanitaria e os recursos sociosanitarios, onde estea incluído o persoal de atención primaria e hospitalaria. Un plan de cuidados de cronicidade que pon o seu foco na atención primaria, cuxos profesionais liderarán esta estratexia. Para a súa elaboración contamos coa colaboración de médicos e persoal de enfermería do Servizo de Atención Primaria, Medicina Interna, Cuidados Paliativos, traballadores sociais e representantes das tres sociedades científicas de Atención Primaria e Medicina Interna, entre outras.

Para o desenvolvemento desta estratexia contaremos cunha nova versión da historia clínica electrónica, o Ianus. No Servizo Galego de Saúde estamos traballando na súa actualización. A nova versión incluírá todos os procesos asistenciais integrados que teñen por obxectivo facilitar aos facultativos a atención á cronicidade. Necesitamos coñecer como é cada un dos cupos de atención primaria, cal é a súa complexidade asistencial, por iso un novo instrumento que aquí presentamos é a estratificación.

Para que as medidas deseñadas na estratexia poidan abordar de forma adecuada a cronicidade é preciso executalas naqueles pacientes que respondan ao perfil para o que foron deseñadas. Por iso a correcta identificación das persoas susceptibles de beneficiarse delas resulta fundamental. Para poder facelo, unha das ferramentas útiles é a estratificación da poboación.

O Servizo Galego de Saúde dispón na actualidade dun novo modelo de estratificación dos pacientes crónicos que se estima que poderá ser implantado nos próximos meses para o total da cidadanía en Galicia. Coa súa utilización queremos identificar, a través de distintos parámetros contidos na historia do paciente, o grao de evolución da súa enfermidade e a necesidade de seguimento que require. Trátase de instrumento que clasifican a poboación atendida en diferentes niveis de gravidade e recursos que precise.

Ademais, contamos con outro instrumento fundamental para despregar novas intervencións ou facilitar as que faciamos neste momento, que é TELEA.

TELEA é un proxecto englobado dentro de Innova Saúde e Hospital 2050, que foi premiado a nivel europeo porque é unha plataforma de xestión da cronicidade en atención primaria que contribuirá a unha atención primaria máis proactiva, na que o profesional de referencia de cada paciente disporá das ferramentas necesarias para monitorizar os pacientes crónicos desde o seu domicilio.

O desenvolvemento de TELEA permitirá empoderar as persoas na súa enfermidade; que desde a atención primaria se realice un seguimento ou monitorización de forma activa que evite as reagudizacións ou agravamentos; gañar en eficiencia nos sistemas sanitarios, xa que os profesionais poderán centrarse nos pacientes que se encontren descompensados ou antes desa descompensación; e realizar unha priorización real de atención aos pacientes de forma proactiva.

Mediante TELEA, o profesional poderá programar a través dunha axenda, nunha plataforma para o paciente, a toma de biomedidas necesarias para o seu perfil de enfermidade. Estas biomedidas volcaranse directamente na historia electrónica dixital do paciente, facendo po-

sible un seguimento dos seus datos de saúde. Ademais, na mesma plataforma poderase prescribir exercicio físico, realización de cuestionarios ou cursos de formación, entre outros. Desta forma, insistiremos non só no aspecto farmacolóxico, senón tamén no non farmacolóxico da terapia da enfermidade.

Actualmente encóntrase en modo xa iniciado no Centro de Saúde de Santa Comba, Mazari-cos, e nas próximas semanas estenderase a dous centros de saúde de cada unha das EOXI do noso Sistema galego de saúde. En total, xa temos agora mesmo 20 pacientes deste centro de saúde monitorizados —como digo— con este sistema que nos permite saber do paciente sen estar en contacto directo con el.

Grazas a esta plataforma poderemos implantar un modelo de control teleasistido do paciente crónico dende a atención primaria. En primeiro lugar, é importante destacar que TELEA é unha ferramenta de monitorización e intercomunicación tanto para os profesionais do centro de saúde como para os propios pacientes. E para estes últimos tamén é informativo.

Esta proposta baséase na necesidade de elaborar un modelo de control teleasistido por parte dos equipos de atención primaria aos pacientes con condicións crónicas dos seus cupos; un modelo que permite realizar un seguimento continuo do paciente, da situación clínica, e que emite unha alerta temperá que poida ser identificada polos profesionais de referencia.

A enfermeira terá un papel fundamental no seguimento de todos estes pacientes, por iso a incorporación progresiva de especialistas en medicina familiar e comunitaria —estarán xa na próxima OPE, haberá prazas que recollerán esta nova categoría— será fundamental para facer un seguimento con diferentes tipos de alarmas que establecerán un plan de actuación que pode ser directamente xestionado pola enfermeira ou comentado ao profesional médico.

Desta forma, a enfermeira exercerá funcións de xestora de caso dos pacientes crónicos pluri-patolóxicos que se encontran no seu domicilio, cunha visión integral que facilita a comunicación entre a persoa e os seus profesionais. Ademais de dispoñer dunha ferramenta como TELEA, permitirá que, no caso de pacientes con grao de dependencia, sexa o coidador que interactúe e aporte información da situación do paciente aos profesionais.

E, ¿como se rexistran os pacientes en TELEA? Pois pode ser un paciente independente inscrito no programa, o propio paciente rexistra as súas constantes de forma manual; paciente gran dependente inscrito no programa, rexistrará as constantes o coidador principal de forma manual; ou tamén o caso do paciente gran dependente, con coidador de elevada idade ou dificultade de manexo das novas tecnoloxías, para iso poderá rexistrarse de forma automática polo sistema.

¿Cales son as funcionalidades desta plataforma TELEA? Permite aos profesionais ter unha actitude proactiva no seguimento do paciente. Permite establecer niveis de control e —como dicimos— tamén permite o contacto co paciente dentro do seu propio domicilio.

E a saúde comunicada, algo para nós moi importante. Unha das principais funcións tanto do persoal médico e de enfermería familiar e comunitaria, así como o traballo social, é o

traballo coa comunidade, co obxectivo de coñecer cales son os problemas de saúde máis prevalentes e valorar as intervencións necesarias para poder afrontalo.

O Servizo Galego de Saúde traballa para visualizar máis o traballo dos centros de saúde dentro do ámbito comunitario. O desenvolvemento de programas de intervención comunitaria desde a atención primaria posibilitará a realización de actuacións que mellorarán a saúde da cidadanía, implicando para iso o sistema sanitario, os centros educativos residenciais ou o terceiro sector. Neste ano 2017 introducimos un indicador no acordo de xestión que consiste nunha realización de intervención comunitaria para cada servizo de atención primaria.

Outro dos temas a abordar é o que se refire a puntos de atención continuada e urxencias de atención primaria. En relación con eles, ofreceremos á poboación a información necesaria para mellorar a utilización dos recursos, enfocándose en atención primaria como primeiro punto de atención. Hai que recordar que, das urxencias que se derivan en centros de atención primaria ou puntos de atención continuada, o 92 % dos casos resólvense alí mesmo e o paciente pode volver ao domicilio. Só un 7 ou 8 % se deriva a urxencias hospitalarias.

Desenvolveremos, ademais, un modelo de atención centrado no paciente dos puntos de atención continuada, incrementando os recursos formativos dirixidos aos traballadores dos PAC. Buscaremos unha adecuada coordinación entre os PAC e os servizos de urxencia hospitalarios e extrahospitalarios a través da Fundación Pública 061. Elaboraremos un plan integral de urxencias que permita o establecemento dos procedementos que garantan unha asistencia de calidade ás urxencias en Galicia.

As axendas. Tamén traballamos o tema das axendas cos profesionais sanitarios, e, desde logo, entendemos que debe haber axendas homoxéneas para todo o Servizo Galego de Saúde. Convocarase para iso un grupo de traballo que acaba por definir as axendas valorando as boas prácticas que hai xa en determinadas áreas de Galicia, en atención primaria, que destacan pola súa boa efectividade e que planifican adecuadamente o traballo dos nosos profesionais.

Tamén na atención primaria é importante para nós a violencia laboral de orixe externa, e aínda que ten unha frecuencia pequena e normalmente se fala de agresións verbais, temos, desde logo, que desenvolver políticas preventivas. Imos definir como prioritaria a mellora do sistema de alerta entre episodios de violencia laboral externa que se producen nos centros de atención primaria.

Neste sentido, no ano 2017 iniciaremos a implantación da atención primaria no sistema Acude, solución que lles permitirá aos profesionais comunicar unha situación de risco a través de diversos dispositivos electrónicos —ordenador, teléfono móbil, tablet—, permitiéndonos solicitar axuda de forma sinxela, segura e discreta.

En canto á formación —elemento fundamental do Sistema sanitario público de Galicia—, porque é onde temos a mellora continua do tratamento dos nosos cidadáns, queremos incrementar arredor dun 10 % a oferta de prazas MIR de médicos de familia. O ano pasado, 2016, ofertáronse 92, e este ano a intención do Goberno galego é incrementar esta cifra nun 10 % aproximadamente. O obxectivo é achegarse a 100 prazas MIR ao ano.

Facilitarase, así mesmo, dentro da xornada laboral, ao persoal licenciado sanitario que ocupe prazas do cadro de persoal en atención primaria, o desfrute de permisos para a asistencia a cursos de formación impartidos por entidades públicas. Por tal motivo, poderá ser concedido un número aproximado orientativo de horas anuais.

Potenciar tamén o papel dos mandos intermedios de atención primaria, desenvolvendo un programa especial de formación para potenciar as habilidades directivas destes mandos intermedios en atención primaria.

En canto á docencia, o sistema formativo de residencia obriga a recibir unha formación e prestar un traballo que lles permite aos especialistas en formación adquirir, nas unidades docentes acreditadas, as competencias profesionais propias da especialidade.

Neste marco, e co obxecto de favorecer tamén a mellora da formación de titores e dos propios residentes da correspondente especialidade, aplicaranse medidas como impulsar nos procesos de provisión a mobilidade voluntaria dos profesionais da atención primaria que se convoquen no Sistema sanitario público de Galicia e a súa implicación no exercicio das titorías de persoal residente en formación.

Normalización para toda a comunidade autónoma do proceso de acreditación de titores, e recoñecemento explícito do tempo adicado á docencia para estes. Tamén formación específica para estes mesmos titores ou facilitación das tarefas administrativas que eles desenvolvan.

E, dentro da investigación, propugnamos un fortalecemento da relación entre o ámbito de atención primaria e os institutos de investigación sanitaria. Os tres institutos de investigación sanitaria de Galicia: o IDIS, o INIBIC e o IISGS Galicia Sur son as entidades que estruturan a investigación e que a levan a cabo nos centros do Sergas. En colaboración cos institutos reforzaremos a relación entre os profesionais da atención primaria e os grupos de investigación dos institutos, incorporando a atención primaria nas actividades de fomento da investigación.

E na oferta pública de emprego, na liña de estabilidade laboral desenvolta nos últimos anos e plasmada na convocatoria anual e periódica de procedementos selectivos para a adquisición da condición de profesional estatutario fixo, efectuaremos unha convocatoria OPE 2016 que se concreta de forma específica nun número total de 800 prazas —falamos de persoal, en xeral, do Sergas—, que poderían duplicarse, como xa temos dito neste mesmo Parlamento, se se consegue a aprobación do presuposto xeral do Estado.

En política de contratación, en virtude doutra medida de xestión, imos procurar que haxa continuidade asistencial na atención ao paciente; aprobación e cobertura de tempo razoable; potenciación das competencias na materia polo xefe de servizo; e definición dun modo de cobertura.

Tamén cremos importante a automatización da actividade, potenciando o traballo dos PSX de atención primaria. Difundir a dispoñibilidade do módulo de Enfermería e Pediatría no

Ianus e facilitar a atención domiciliaria mediante automatización de procesos e dispoñibilidade da historia clínica electrónica móbil mediante unha tablet que se levará ao domicilio do paciente, que permite acceder á historia clínica do paciente en tempo real, a introdución da información clínica necesaria e a realización de prescricións electrónicas no propio domicilio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Moi bo día, conselleiro.

Antes de empezar, quero trasladarlle de parte de Anxo Ricón, que foi quen defendeu a iniciativa lexislativa popular que acaba de ser rechazada cos votos do Partido Popular, que está ben que o parabenece, pero que estaría mellor que o seu grupo aceptase unha iniciativa que vén respaldada por miles de veciños e veciñas da comarca. (*Aplausos.*)

Vén hoxe vostede aquí, señor conselleiro, falarnos dun novo modelo de atención en atención primaria. Fixo un relatorio por varias cuestións, moitas delas xa repetidas noutras ocasións, e hai unha evidencia: que a atención primaria constitúe o primeiro nivel asistencial. É esa porta de entrada, fundamental, para unha boa sanidade.

No decreto que regula a atención primaria en Galiza establécese que esta se caracteriza por prestar unha atención próxima, persoal, continuada no tempo, baseada na confianza mutua entre o médico e o paciente, no coñecemento por parte daquel das características persoais, familiares, laborais e do medio que rodean á persoa. Insiste en que se trata de realizar e impulsar todas aquelas actividades de mellora, prevención, tratamento e rehabilitación que favorezan o pleno desenvolvemento das potencialidades que posúen os individuos.

Mais a realidade é que en Galiza non é certa esta serie de características. Non é certo que se caracterice a atención primaria por prestar unha asistencia próxima, persoal, continuada no tempo e baseada na confianza mutua, porque todos os pasos que leva dado o Partido Popular no Goberno galego van na dirección totalmente contraria: de secundarizar a atención primaria, de diminuír os recursos tanto materiais como humanos e de diminuír a súa capacidade de resolución.

A realidade é que desde o ano 2009 a atención primaria perdeu capacidade de decisión; houbo diminución de orzamentos; recortes de persoal; deterioración das infraestruturas e parali-

zación ou ralentización doutras moitas previstas; e convertéronse en estruturais as listas de espera en atención primaria. Este é o balance que pode presentar o Partido Popular.

Dende logo, no BNG defendemos que a atención primaria ten que ser fundamental, e parece que ninguén o pon en dúbida. Mais logo os pasos dados non van nesa dirección.

¿Pasos dados polo Partido Popular? Unha baixada e un recorte de orzamentos brutal. En atención primaria, os investimentos destinados no ano 2009 eran de 1.436 millóns de euros; neste ano 2017 son de 1.163 millóns. É dicir, estamos falando dunha diferenza entre un ano e outro de 273 millóns de euros. Pero o máis sangrante é que dende o ano 2009 o Partido Popular fixo un recorte acumulado de 1.782 millóns de euros. É dicir, máis de todo o orzamento dun ano. É como se durante un ano e 600 millóns máis de euros deixaran de investir en atención primaria. Esa é a realidade dos números; dos números dos seus orzamentos, evidentemente.

É dicir, estamos a falar dun recorte brutal en atención primaria. Estou falando de 1.782 millóns de euros acumulados desde o ano 2009 ata este orzamento, 1.917. Con menos recursos, no BNG cremos que non é posible facer máis con menos, e verificouse en realidade cal é a situación da atención primaria.

¿Cal é o outro balance do Partido Popular? As infraestruturas. Hai unha deterioración flagrante dos centros de saúde. Un día e outro traemos a este Parlamento situacións de centros de saúde con necesidades de melloras evidentes que son votadas sistematicamente en contra polo Partido Popular. Logo están as construcións de centros de saúde prometidas que, dende logo, o seu nivel de execución, lento é pouco dicir; e outros desapareceron literalmente das previsións da consellería, das previsións do Partido Popular.

As listas de espera en atención primaria xa son unha constante. Négueno, ou digan o que digan, están sendo unha constante. Lista de espera para o médico ou a médica de atención primaria dunha semana, de dez días e incluso de quince días está sendo unha auténtica constante. ¿Isto a que leva? Sobrecarga asistencial dos profesionais, saturación dos servizos de urxencia, masificación das consultas, dos cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución por xubilación, nin vacacións, nin ILT, nin outro tipo de permisos ou licenzas.

Por certo, aproveito outra vez para preguntarlle, señor conselleiro, cando ten pensado sentarse a negociar cos representantes sindicais dos traballadores e traballadoras todas estas cuestións de licenzas, de permisos, que o resto de profesionais, tanto os que dependen de función pública directamente como da Consellería de Ensino e Cultura, teñen recoñecidos, teñen negociados, teñen publicados e están desfrutando, e vostede e a súa consellería néganse sequera a sentarse a falar con eles. Sería bo que logo, na súa réplica, dixera cando o van facer.

E enlace cos recortes de persoal, porque, dentro desta deterioración xeneralizada da atención primaria, o persoal foi un dos grandes damnificados. Esas condicións laborais en que se encontra unha gran parte do persoal sanitario impiden acadar esa confianza mutua, ese coñe-

cemento do paciente e as súas circunstancias. Estamos falando de contratos temporais; estamos falando de acumulación de tarefas; estamos falando de contratos a tempo parcial; estamos falando de intersubstitucións; estamos falando de prolongacións de xornada; estamos falando de facerse cargo do cupo do compañeiro ou compañeira do lado porque non se substitúe.

Vostede, na súa intervención, no tema de contratación, dixo uns cantos palabras pero non se comprometeu realmente á contratación de todos os profesionais pola causalidade da baixa nin por todo o tempo que dure esa ausencia dos profesionais. A esta temporalidade avultada temos que sumarlle o envellecemento dunha parte moi importante dos profesionais, fundamentalmente do persoal facultativo, e sen ter todos os datos, porque o escurantismo é outra das características da súa consellería, señor conselleiro, podemos deducir que en menos dunha década se producirá un número de xubilacións e abandono do sistema dunha parte moi importante do persoal facultativo, fundamentalmente.

Nos últimos anos producíronse, dende o ano 2011, 165 xubilacións de Pediatría, e este ano só se ofertaron 20 prazas para formación, señor conselleiro. Ou producíronse 315 xubilacións de médicos de familia e nesta convocatoria de formación só ofertaron 90 prazas. Eu, dende logo, non sei se a este ritmo cren que a atención primaria vai poder estar sustentada nuns parámetros de mínima calidade.

Eu hoxe voulle trasladar aquí unha serie de preguntas que me trasladan compañeiros e compañeras de atención primaria sabendo da súa comparecencia. Fanme a pregunta de cando van recuperar o Plan de mellora da atención primaria. Tamén lles gustaría saber cando se van recuperar os salarios perdidos por causa dos recortes do Partido Popular. Tamén queren saber por que no tema das substitucións aos compañeiros non se están aplicando os criterios pactados previamente, e que o criterio non sexa: «faite cargo da consulta do lado».

¿Para cando a capacidade resolutiva da atención primaria, señor conselleiro? ¿Cando os profesionais de primaria van poder solicitar todas as probas que son necesarias no seu traballo? Vostede aquí anunciouno, pero gustaríame saber cando e de que xeito, se vai ser inmediato. E cando van deixar de estar tutelados, cando vai deixar de ser necesario que alguén de especializada se faga responsable —por así dicilo— do seu traballo.

Tamén nos gustaría saber todos eses tramos de idade do persoal facultativo do Sergas, previsión de xubilacións, se ten algún plan de reposición desas prazas.

E para rematar esta primeira intervención, señor conselleiro, vostede falou aquí de toda unha serie de implementacións tecnolóxicas, falou de que hai unha nova plataforma de xestión da cronicidade, o TELEA.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Temos un plan, temos unha plataforma, e a pregunta é, en que lugar van quedar os profesionais dentro desa plataforma. Se vostede cre que substituír médicos como acaban de facer, por exemplo, en Soutelo de Montes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato xa, presidente—, onde hai unha poboación envellecida, dispersa e eliminan médicos e persoal de enfermería a cambio desta plataforma, se vostede cre que cambiar tecnoloxía...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...por profesionais é unha boa medida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día novamente.

Señor conselleiro, pretendemos dende o noso grupo facer nesta primeira intervención algunhas apreciacións sobre o que consideramos importante en canto á atención primaria. Respecto dalgunhas cousas que mencionou vostede, darlle a nosa perspectiva. E tamén facer unha serie de propostas que cremos que poden ser importantes, algunhas xa feitas a través das vías deste Parlamento e algunhas que é posible facer e que están á espera de poderse realizar.

En primeiro lugar, nós queremos formular claramente a nosa posición con respecto á importancia que ten a atención primaria dentro do sistema. Dende logo, o modelo sanitario debe basearse na actualidade na atención primaria e na atención á cronicidade especificamente. Probablemente, estes son os elementos que definen ou que deberan definir o modelo sanitario actual e o futuro.

Fuxir certamente do centrismo hospitalario, do hospitalcentrismo, por aquilo de considerar que a maior investimento na atención primaria, menor necesidade real da atención especializada. Polo tanto, incluso o labor preventivo ten un bo fundamento, especialmente considerando algunhas condicións relativas a Galicia.

A cronicidade, como vostede apuntou, necesita un pouco máis do 70 % de investimento, algunha sociedade apunta que haxa un 80 %; en todo caso, unha elevada cifra do investimento en saúde. Contando con que unha elevada parte da poboación española padece enfermidades crónicas —segundo algúns estudos poden estar sobre o 40 % ou algo máis—, e máis en Galicia, onde, ademais, unha de cada catro persoas son maiores de 65 anos. Polo tanto, estamos ante un escenario onde a atención de proximidade necesita ser especialmente relevante.

Neste sentido, nós consideramos que hai dous aspectos necesarios a mellorar, que son as cuestións relativas a persoal e as infraestruturas.

En canto a cuestións de persoal, non hai un problema de calidade do persoal. De feito, as boas valoracións que ten nalgunhas enquisas e no propio Baremo sanitario de atención primaria fundaméntanse na calidade de atención que dan os profesionais; son os profesionais en si os que sosteñen a calidade do sistema. Nós vimos dicindo dende hai tempo que a sanidade galega —especialmente a española, pero sobre todo a galega— se sostén grazas aos seus profesionais e a pesar dalgunhas deficiencias de xestión.

Sen embargo, si hai un problema de cantidade. Hai un problema de cantidade porque temos problemas de substitucións: cóllense con pinzas as substitucións algunhas veces, e na maior parte dos lugares son inexistentes. Un pode facer unha búsqueda moi sinxela e atopar noticias que titulen: «La falta de médicos sustitutos impide cubrir bajas y lastra la atención primaria.». O pequeno xogo sería acertar de onde é a noticia, pero é practicamente imposible, porque eu encontrei o mesmo titular en oito ou dez comarcas distintas de Galicia nunha búsqueda de tres minutos, co cal parece que non é un problema unitario, dun sitio concreto, dun lugar determinado, senón que temos problemas de substitucións en primaria porque non estamos dotando o persoal suficiente que se demanda segundo as necesidades.

Existen dúas razóns. Unha é, exactamente, un déficit de persoal para substituír, especialmente nos pediatras. E outra é que sempre se apela —e neste Parlamento utilízase moito— ás ratios xustificativas do persoal. Sobre esas dúas cuestións, as ratios xustificativas están ben pero definen unha situación ideal. Situación ideal que non se dá practicamente nunca, porque, de cada dez médicos que pode haber nun determinado centro de saúde, moitas veces non están os dez. As ratios determínanse para os dez, pero moitas veces non están os dez, moitas veces están oito, pode chegar ata nove, ás veces están sete, porque hai xente que ten días, que ten vacacións, que están enfermos, ou sinxelamente que teñen que acudir a algunha cuestión relacionada incluso co seu traballo e non poden pasar consulta ese mesmo día. Polo tanto, acumúlanse os seus pacientes ao médico do lado.

Hoxe mesmo, esta mañá, en Galicia hai moitos médicos que teñen máis de 50 persoas en axenda, e esta é unha cifra difícil. Polo tanto, as ratios sitúanse ante situacións demasiado ideais ou utópicas como para que poidamos consideralas como válidas. Habería que traballar sobre as ratios reais, as que ocorren na realidade.

En segundo lugar, é certo que hai un problema coa ausencia de médicos de familia, pero especialmente de pediatría. A cuestión é, ¿que fixemos para resolver este problema? Porque podemos ficar parados e dicir que non hai maneira de resolver o problema. Hai poucos pediatras, e iso xa explica que non teñamos pediatras e que, polo tanto, non poidamos substituír pediatras. Quedamos parados e sírvenos como explicación.

Dende o noso grupo político consideramos que un goberno non pode quedar parado e ofrecer nula solución sobre o asunto. Existirán métodos para tratar de que, se non é a curto prazo, sexa a medio ou a longo prazo a posibilidade de que exista máis persoal.

¿Que fixemos na oferta MIR con respecto aos pediatras? ¿Que fixemos sobre a posibilidade de aumentar a estabilidade? Pode ser que os poucos pediatras que estiveran dispoñibles pre-

firan traballar fóra de Galicia porque aquí ten pouca estabilidade o persoal. Podemos facer certa discriminación positiva en canto a algunhas especialidades que están pouco tratadas ou que existe pouco número. Sen embargo, non existen políticas relacionadas con isto e, polo tanto, vivimos cronificando un problema que nos vai acabar pasando tamén cos médicos de familia, aos que comezaremos a atender mellor cando teñamos un problema real de ausencia, se é que non o temos xa.

Sobre o tema de persoal, celebro e aprobo perfectamente a dotación de seguridade dos profesionais. É certo que aínda non está habendo unha gran cantidade de problemas relativos á súa seguridade no traballo, pero son cuestións que é importante afrontar canto antes para que non se estendan, e toda medida destinada a garantir a seguridade dos profesionais será benvida e contará coa aprobación do noso grupo.

En cuestión de infraestruturas, non vou pararme a lembrar aquel plan de mellora de atención primaria que vostedes tanto defenestran e que dende o noso grupo consideramos unha moi boa idea, e encomendámoslles a idea de planificar con certo tino.

É certo, non se pode ter un centro de saúde en cada aldea; é imposible, iso é unha obviedade. Non se pode atender que cada acumulación de dez casas teña centro de saúde. Pero o que tampouco se pode asumir é planificar Galicia cunha folla de Excel e con Google Maps.

Galicia ten unha certa diferenciación respecto doutros territorios: unha poboación máis avellentada, unha poboación máis dispersa, e ademais ten certas dificultades nas vías de comunicación polas condicións propiamente xeográficas. Existen certas dificultades en Galicia que non existen noutros lugares, por iso non podemos incorporar modelos numéricos doutros lugares, argumentar con datos unicamente que temos un centro de saúde a «x» quilómetros e que, polo tanto, como todas as ratios europeas din, estamos ben atendidos. Ás veces estamos falando de persoas que teñen moita dificultade para moverse, e que teñen dificultades para moverse incluso a sitios que poden parecer próximos se un utiliza un criterio puramente numérico, pero non se utiliza criterios un pouco máis persoais, en todo caso.

Polo tanto, é necesario facer unha análise específica dos casos, e ás veces é necesario atender a localizacións máis específicas dos centros de saúde que pode ser que, con base en números, dentro dun despacho non se atendan, pero que a realidade así o demanda. Polo tanto, nós defendemos que as infraestruturas deben ser tidas en conta en función da realidade específica e non en función dos papeis.

En segundo lugar, sobre as infraestruturas hai certos problemas, hai unha retahíla de feitos que ocorren habitualmente. Existe unha certa poboación cunha necesidade imperiosa dun centro de saúde. Solicítano os profesionais, mobilízase a cidadanía. Chegan unhas eleccións e o PP promete un centro de saúde. Pasan as eleccións e non se fai nada. Cúlpase ao concello. Pídese un solar. Logo pídesse que estea liberado de cargas, logo pídesse que sexa gratuíto. Chegan unhas eleccións, o Partido Popular promete o centro de saúde, non se fai. Pasan as eleccións, díselles ao concello que ese solar non vale, que ten que ser outro. Chegan as eleccións, o PP fai unha promesa; pasan as eleccións, non se cumpre. E ao final temos un montón

de lugares que algúns parecen unha inmobiliaria con tantos solares como se lles ofrecen e nunca valen, e seguimos anos e anos aos cidadáns con problemas nos centros de saúde. Poderíamos citar Santa Lucía, Ames, Cangas, na Costa da Morte varios exemplos. Poderíamos citar estes, e non digo que a curiosidade se dea en que a maior parte deles sexan gobernos non do Partido Popular. Como diría un bo matemático, a correlación non implica causalidade; é certo, aínda que cheira un pouquiño.

Polo tanto, atendémolo cando explica sobre a atención primaria, pero agradeceríanos escoitar máis promesas de infraestruturas; e que nalgúns casos esas ratios que moitas veces se utilizan, que dan a razón á cidadanía e aos concellos, as utilicen tamén para facer os centros de saúde que son necesarios.

Por último, nós queremos lembrar unhas propostas que temos feito neste Parlamento, en primeiro lugar, sobre persoal. Lémbrolle, señor conselleiro, que aprobou este Parlamento unha iniciativa do Partido Socialista, por unanimidade, que defendía unha OPE extraordinaria de 1.600 prazas. Dígoo porque o vin dubidar agora, e volveu iniciar a chantaxe esa dos orzamentos. Xa aprobaron isto aquí neste Parlamento, non me veñan agora retrotraerse dunha iniciativa que aprobaron hai un par de meses. Non vaia ser que vostedes voten aquí unha cousa e agora sigan dubidando da mesma cousa. Sexan un pouco coherentes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Vou rematando.

Demandamos a través dunhas propostas máis competencias para os profesionais, medicamentos innovadores para a cronicidade que poidan ser atendidos en atención primaria, e ampliar as probas que poden ser solicitadas por parte dos médicos. Se están de acordo con isto, pódono aprobar cando queiran, hai iniciativas rexistradas. E lémbrolles que votaron en contra de maiores competencias para os profesionais, como foi a non derogación do Decreto 954/2015 sobre as indicacións por parte dos enfermeiros e algúns plans para mellorar — como dicíamos antes— a situación pediátrica en Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, tivemos e temos algunhas propostas, agardamos que as poidamos construír ente todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro.

Hoxe viñemos escoitar unha comparecencia como un contedor baleiro, sen practicamente ningunha proposta de mellora pola súa banda. Apenas escoitamos ese programa TELEA, pero o resto de aspectos son repetidos doutras comparecencias, algunhas súas e mesmo da anterior conselleira. Hai palabras que vostedes repiten, plans e programas que prometen facer e repiten en todas as comparecencias.

Pola contra, constátase un asentamento cara a un modelo sanitario que polo menos non é o noso, é o modelo sanitario da dereita. Vímolos porque, sempre que hai unha comparecencia, agardamos que vostede nos traia algunha nova sobre o incremento dos investimentos ou como van mellorar as deficiencias graves que ten a atención primaria, sen embargo, non está sendo así.

Denunciamos dende hai anos, e debatemos tamén aquí, no debate das emendas dos propios orzamentos, o cambio de paradigma no modelo sanitario. Un modelo que abandonou a base de prevención e promoción da saúde para centrarse no hospitalcentrismo. Chama a atención que hoxe vostede fale aquí de prevención e de promoción cando realmente o que fan é o contrario, deixando atrás precisamente eses postulados de Alma-Ata.

Un modelo que abandonou a universalidade para voltar de maneira reaccionaria ao modelo de aseguramento, en contra de todas as recomendacións da Organización Mundial da Saúde. Un modelo no que a atención primaria ten cada vez menos capacidade resolutive, por iso nos sorprende o que vostede traslada continuamente aquí, e a intervención na comunidade cada vez máis unha práctica pouco alcanzable. Chamoume a atención que para vostede a intervención na comunidade sexa poñer un plan, que se lles exixa unha vez cada «x» tempo que fagan un plan. O que necesitamos é máis profesionais para poder facer ese traballo. Referireime agora a iso.

Esas afirmacións que eu fago constátanse nos orzamentos que cada ano se veñen aprobando nesta Cámara; uns orzamentos que en termos reais perderon un 28,4 % en atención primaria —¡28 % menos de orzamento!— dende o ano 2009. É obvio que repercute na calidade asistencial. Os profesionais son bos, pero non poden facer do que non hai.

E un 24 % menos de orzamentos, en termos reais, para a prevención e promoción da saúde dende o ano 2009; un 24 % menos para investir na promoción e na prevención.

Non se pode vir dicir que se defende neste Parlamento a atención primaria e partir dun recorte dun 28 % da atención primaria; uns recortes que ademais se ven e se fan efectivos na práctica.

Falaba vostede do incremento dos MIR no sistema público de saúde, neste caso na atención primaria, e faltan máis de 1.100 profesionais de atención primaria. ¿Onde están?, ¿onde están? Faltan dende o ano 2009. O Partido Popular amortizou as súas prazas, e di vostede que defende a atención primaria. ¿Cal é o plan para recuperar eses profesionais? Nin sequera estamos pedindo —evidentemente, xa se trasladou aquí en iniciativas que estaban aprobadas— o que nós pedimos e levamos no noso programa, que se incrementen os profesionais sobre o que xa había en 2009. ¡É que temos 1.100 profesionais menos! ¡Con iso non se pode facer o mesmo traballo nin se pode dar o mesmo servizo!

Listas de espera na atención primaria, xa se indicou aquí, estamos cansadas de repetilo. E a ninguén se lle escapa que non son listas de espera que existan de maneira estrutural, pero son listas de espera que son reais. Cando un pide unha cita de atención primaria e tarda unha semana ou máis dunha semana en poder ser atendido. Logo queremos educar a poboación para que non acuda tanto aos servizos de urxencia, pero en ocasións prodúcese este efecto cando hai listas de espera na atención primaria. ¿Que vai facer vostede con isto? Non hai ningunha proposta na súa comparecencia; menos profesionais, máis espera.

Unha diminución, ademais, que ten afectado á perda de servizos no rural. Témolos falado noutras ocasións. Vostede fala aquí continuamente da cronicidade, e isto é un aspecto que afecta enormemente. Xa o temos denunciado por activa e por pasiva, a eliminación de servizos no rural afecta á vertebración do propio territorio e, obviamente, afecta a iso que di o Partido Popular que lle preocupa tanto, que é a demografía. Entón, é un argumento contradictorio. Din vostedes que defenden a atención primaria, ¿como, se cada vez temos menos servizos no rural, se cada vez hai menos profesionais?

Tampouco vostede trasladou nada de que van facer cos planteis, que evidentemente foron recortados e nos que ademais non se cobren os permisos. Levamos anos denunciando isto, levan os profesionais anos denunciando isto. Vostede non trouxo aquí, ningún tipo de medidas, de como van facer para reverter isto. Non hai, pola súa parte, ningunha medida na que deberían estar a traballar para solventar a ausencia de pediatras na atención primaria. ¿E di vostede que defende a atención primaria?

Temos debatido esta cuestión moitas veces, e non hai, pola súa parte, nin unha soa medida. Nós propuxemos varias en comisión, poden estar mellor ou peor. Coñecemos xa as medidas que propón a oposición, e sería bo que coñecésemos xa que é o que propón o Goberno.

Facémonos cargo de que probablemente non sexa un problema doado nin rápido de resolver. Pero non facer nada non resolve absolutamente nada, e vostedes non teñen nin unha soa medida para resolver este problema.

Din vostedes que defenden a atención primaria, ¿como? Non hai ningunha nova prestación. Temos defendido a necesaria interrelación coa saúde mental, a necesidade de psicólogos e psicólogas clínicas na atención primaria, propostas sempre rexeitadas polo grupo maioritario. Temos denunciado que o incremento das competencias das e dos matróns da sanidade pública non se acompañou en ningún momento co incremento de plantillas para asumir ese aumento de carga de traballo. Parécenos moi ben que teñan esas competencias, pero hai que incrementar as plantillas.

¿Que fan vostedes? ¿Cal é o seu plan en relación coa saúde das mulleres na atención primaria? Non trae vostede nin unha proposta hoxe aquí, entendemos que porque no a ten.

Temos pedido que se melloren as unidades de saúde bucodental, e a relación directa coa atención primaria, coa presenza de hixenistas dentais. Temos debatido hai pouco na Comisión 5ª sobre a necesidade de incremento da cobertura dental. Vostedes teñen votado en

contra. ¿Que pensan facer vostedes? ¿Cal é o seu plan? ¿Cales son as súas propostas? Coñecemos as da oposición, non coñecemos as do Goberno.

Escaseza de traballadores e traballadoras sociais, ausencia de fisioterapeutas en atención primaria. ¿Cal é a súa defensa en atención primaria? ¿Cal é o seu plan para incrementar e dar máis cobertura en atención primaria? ¿Cales son as súas propostas? Non as coñecemos, a min gustaríame coñecelas.

Esta deputada ten defendido na anterior lexislatura —e xa lle anuncio que imos facelo novamente tamén nesta— a implantación, polo menos, aínda que sexa mediante un estudo piloto, da necesidade da enfermería escolar relacionada coa atención primaria. Díxosenos por parte do Partido Popular que era moi interesante pero votaron en contra. ¿Que vai facer vostede a este respecto? ¿Teñen algunha previsión? ¿Que opinión lle merece?

E que opinión lle merece tamén a enfermería comunitaria, porque vostede fala aquí de que se vai implantar, pero os profesionais, a pesar dos debates e dos acordos que ten habido nesta Cámara, seguen absolutamente igual, seguen sen convalidarse os méritos para as persoas que queren ter o título de especialista. ¿Cal é o seu plan, señor conselleiro? Non sabemos nada. Non sei que veu vostede expoñer hoxe aquí.

Ese 28 % menos de orzamento nótase tamén nos recursos materiais. Xa temos denunciado aquí en múltiples ocasións a ausencia de materiais suficientes en atención primaria, sobre todo nos puntos de atención continuada, e ademais hai carencias estruturais. Pedimos nunha ocasión sistemas de aparataxe, ou medios para facer algunhas prácticas de urxencia nos puntos de atención continuada, que non se proporcionaron. Pedimos tamén os traxes anti-corte para cada vez que teñen que saír a un tráfico, e non se proporcionaron.

¿Cal é o seu plan? ¿De que medios van dotar os recursos dos puntos de atención continuada? ¿Vanlles pagar vostedes, dunha vez por todas, os domingos e os festivos? ¿Vanlle devolver os seus dereitos ao persoal dos puntos de atención continuada? ¿Van vostedes eliminar xa as horas extras nos puntos de atención continuada? Non nos trouxo novidades substanciais. Vostedes falan outra vez do plan de cronicidade, volta outra vez vostede cos mesmos argumentos que en todas as comparecencias.

Evidentemente, non hai nada para os centros de saúde. Nós non temos ningún problema coas innovacións tecnolóxicas, o problema é que se estea facendo iso cando hai outras moitas necesidades que non se están a cubrir. Sabiamos que ía suceder isto. Na anterior lexislatura eu mesma preguntei e xa se nos dixo que neste período non había fondos Feder para os centros de saúde. E así estamos, que hai un montón de necesidades de novos centros de saúde que vostedes seguen sen cumprir. ¿Por que? Porque tampouco poñen orzamento propio.

Hai 400.000 míseros euros para os equipamentos dos novos centros de saúde e 100.000 míseros euros para as melloras dos centros de saúde. Supoño que vostede coñece mellor ca min, porque é a súa responsabilidade, como están os centros de saúde do país: como están de infraestruturas, como están de humidades, como están de goteiras, como están de dete-

rioración. Son 100.000 euros para toda Galicia, nun ano, para as melloras na atención primaria nos centros de saúde. Señor conselleiro, ¿que nos vén expoñer hoxe aquí?

Nós, xa digo, non estamos en contra desas melloras, pero hai outras cousas necesarias, e realmente vostede non ten ningún tipo de proposta.

Fala vostede de que hai moita capacidade resolutiva na atención primaria. Todo o contrario da realidade, todo o contrario do que indican os profesionais, que nos din que se cumpriron as súas previsións das advertencias que trasladaban cando vostedes eliminaron as xerencias da atención primaria. Máis dependencia dos hospitais, menos capacidade resolutiva e menos capacidade de decisión, porque non se toman as decisións en atención primaria. As decisións sobre atención primaria, que debера ser o alicerce do sistema sanitario, tómanse en atención especializada. Recuperen vostedes as xerencias de atención primaria.

Señor conselleiro, remato xa. Un 28 % menos de orzamento, máis de 1.100 profesionais menos, señor conselleiro, ¿cal é o seu plan para a atención primaria.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías. Bos días, señor conselleiro.

Presidente, antes de comezar a miña intervención, e co seu permiso, gustaríame lembrar neste hemiciclo a don José Luís Garea Bales, policía local de Carballo, morto a pasada fin de semana en acto de servizo. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, vostede e máis eu sabemos que o alcohol provoca problemas de saúde, pero tamén provoca problemas de seguridade para persoas inocentes. Dende o noso grupo pedimos que se tomen todas as medidas posibles para evitar que este tipo de situacións, nas que o abuso do alcohol está presente, se volvan repetir en ningún caso.

E pasando ao tema da comparecencia, agradecemoslle dende o Grupo Popular, señor conselleiro, a súa presenza neste hemiciclo para informar a esta Cámara dun tema tan importante para o presente e o futuro da sanidade pública como é a atención á cronicidade, que parece que se despreza por momentos polos grupos da oposición, e do importante papel que na cronicidade ten a atención primaria de saúde.

É moi fácil vir falar aquí de atención primaria, e sobre todo de atención primaria no rural, sen saber moi ben como se desenvolve. Decía a señora Prado que en Galicia non se presta a atención próxima, que en Galicia non se presta a atención próxima ao enfermo. ¡O que hai que escoitar!

Nas Comisión 5ª, nos temas sanitarios, estanse a repetir por parte dos grupos da oposición continuas demandas illadas, carentes de calquera tipo de coordinación, e absolutamente curtopracistas. Exemplos recentes temos, desde a creación dunha praza de pediatría nun concello que tiña pouco máis de cen nenos; á creación dun PAC noutro concello con 5.000 habitantes; ou incluso se falou de Soutelo, onde efectivamente se amortiza unha praza de atención primaria e se traslada a outro concello porque as cotas son moi inferiores aos mínimos exixibles para unha cota de primaria.

¿E que pretenden con ese curtopracismo? Pois pretenden desgastar o Goberno e, por outra parte, gañar votos para poder gobernar neses concellos ou para cambiar o Goberno da Xunta de Galicia. Pero os galegos e as galegas, señor conselleiro, son moito máis sabios ca eles e acaban de dar practicamente a metade dos votos e a maioría absoluta dos deputados e das deputadas a este lado da bancada.

Ademais diso, todas e cada unha das enquisas amosan que a sanidade pública galega está moi ben valorada. Falamos aquí do Barómetro Sanitario —falou vostede—, 9 de cada 10 bo ou moi bo. Hai unha enquisa do ano 2016 da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, nada sospeitosa de colaboración co Partido Popular, que coloca a Galicia de sexta comunidade autónoma española por riba da media. Son constantes as novas en publicacións de todo o mundo sobre a sanidade española. Refería aquí o señor Moreira a publicación *The Lancet*, da fundación Gates, que clasifica os países. Efectivamente, pon o titular da prensa que é o oitavo, pero claro, o primeiro é Andorra e o cuarto, quinto e sexto, descontando Andorra, están empatados con España, co cal España ten a cuarta mellor sanidade de todo o mundo. E xa se relatou aquí que Francia é décimo quinta; Alemaña, vixésima; Gran Bretaña, trixésima; e Estados Unidos, trixésimo quinto.

¿En que se basea esa enquisa? Pois baséase fundamentalmente na universalidade. Valora a universalidade da asistencia, valora o investimento, valora a equidade e valora a innovación. Xusto o contrario do que di a oposición, do que nos relata en sede parlamentaria sesión tras sesión e comisión tras comisión.

Ese estudo recolle datos ata o ano 2015. Inclúe os datos peores da crise, onde aquí se nos dixo de todo, que se recortaba, que se desfacía e que se privatizaba. E con eses datos dos anos da crise, España é o cuarto país na lista no estudo desta fundación que publica *Lancet*.

A este grupo, señor conselleiro, si nos preocupa o futuro da sanidade pública diante do paradigma da cronicidade e das modificacións que ten que asumir o sistema para responder a esta nova situación. Na pasada semana publicábanse en *Redacción Médica* as conclusións do grupo de cronicidade da Sociedade Española de Medicina Xeral, cun titular que penso que nos ten que facer reflexionar a todos os deputados e deputadas desta Cámara. «La cronicidad va a limitar el acceso a la sanidad de los pacientes sanos». Esa afirmación baséase no aumento da dedicación asistencial que vai precisar este grupo de enfermos nun futuro inmediato, e que pode poñer en jaque a equidade entre pacientes.

Fala este grupo de traballo —como vostede ten dito na súa intervención— de «...educar al paciente para que se cuide a través de una educación estructurada. De este modo logrará ser

un paciente activo que non tendrá la necesidad de acudir a su centro de salud, siendo capaz de gestionar su propia enfermedad. Debe potenciarse el rol de la enfermería en esta educación activa.» E eu engado o que acaba de dicir: o importante traballo que teñen os enfermeiros especialistas en enfermería familiar e comunitaria.

O presidente do Foro Español de Pacientes afirmaba nese mesmo congreso que considera necesario empoderar ao paciente no que á educación sanitaria se refire, para conseguir un aforro ao Sistema nacional de saúde grazas a unha sociedade máis sa.

Falando disto, a min véñenme á memoria as intervencións das voceiras do grupo da oposición na pasada lexislatura —vostede non estivo toda—, cando se falaba da consulta telefónica, do programa Conecta 72, de teleasistencia, deste tipo de cousas, que todas eran para aforrar e para non poñer profesionais. Rexeitábase por parte dalgúns o que se considera como futuro para a sanidade en todo o mundo, neste momento en todo o mundo.

Dende logo, o sistema sanitario público español, como os demais, foi deseñado no seu momento para atender agudos. A pesar diso, contribuíu a acadar un nivel de saúde na poboación que era impensable hai 35 anos, cando este voceiro empezaba a traballar nun pobo do interior de Lugo que se chama Antas de Ulla e tiñamos o luxo de que tiña un centro de saúde municipal, que daquela non eran frecuentes. O material adquiríase todo por parte do médico: fonendo, tensiómetro, guantes, suturas, todo tiña que compralo o médico. Despois, no ano 1989, a min trasladáronme a Malpica-Bergantiños e aluguei un piso para pasar a consulta. Xa non lle conto como se pasaba en Buño. Pasábase nun teleclub, sen camilla, con pupitres e sen persianas. ¡Mire vostede se hai diferenza dende o ano 1989 ao ano 2017!

¿E como viviamos os médicos daquela? Viviamos absolutamente illados, non eran legais as gardas entre compañeiros, había que estar as 24 horas. Traballabamos un pouco por arte —cando se falaba da arte da Medicina—, hoxe trabállase con evidencia científica.

E, claro, aquí dise que o Goberno do Partido Popular e o Partido Popular teñen algo contra a sanidade pública e destrozan a sanidade pública. A evolución destes últimos anos —e en Galicia moitos deses anos gobernou o Partido Popular— pódese ver. Pódese ir a calquera concello e pódese ver como está a atención primaria e como estaba. O sistema era bo, era mellor que en moitos outros países, porque o aseguramento proporcionaba que a maior parte da poboación tivera asistencia sanitaria gratuíta.

Desde esta tribuna tamén quero facer unha homenaxe aos médicos rurais, aos antigos médicos rurais, que traballaban sós. Eu non pillei a época do cabalo, pero si coincidín con algún compañeiro sen pistas, sen teléfono, a calquera hora do día as 24 horas do día. Creo que é unha figura que temos que reivindicar. *(Aplausos.)*

Ese cambio de modelo tradicional illado a centros de saúde mudou por completo a atención primaria. Internet facilitou moito a formación dos médicos. A historia clínica galega, o Ianus, e a receita electrónica cambiaron totalmente o paradigma de funcionamento. E agora a atención primaria, señor conselleiro, sabemos que ten que volver mudar porque se ten que adaptar ás novas circunstancias demográficas e de cronicidade das persoas.

Temos unha sociedade que vive máis anos, incrementa as patoloxías e incrementa o gasto sanitario. Hoxe inclusive patoloxías como o cancro —que eran agudas e provocaban falecementos a curto prazo— son patoloxías crónicas. Vívese moitos anos e consómense moitos recursos, tanto de medicación como de asistencia sanitaria, e todo iso pode poñer en perigo a sostibilidade do sistema.

Agradécémoslle desde o noso grupo, señor conselleiro, que nos faga chegar as actuacións feitas e as que ten previsto facer para acadar esta remuda da atención primaria, que é o sostén indubidable da atención aos enfermos crónicos.

Na cronicidade a primaria ten que ser o chanzo fundamental: hai que abrir o centro de saúde á sociedade. Temos que saír dos muros do centro de saúde. Temos que ir dar educación sanitaria e facer planificación de saúde fóra dos centros. E temos que atender —como dixo vostede— os enfermos moito máis cerca, no seu domicilio, antes que no centro de saúde e, por suposto, antes que no hospital. O papel da enfermería nese eido ten que ser fundamental. Hai que compaxinar de calquera maneira cronicidade con sostibilidade, e para iso é fundamental este novo modelo.

Creemos que é importante o traballo conxunto feito polos técnicos da Consellería, polos colectivos de profesionais e asociacións de pacientes. E tamén consideramos moi importante, desde o noso grupo, a proposta de humanizar a asistencia sanitaria. Hai que asociar a formación e capacitación técnica dos profesionais do sistema co respecto e a consideración dos pacientes como persoas.

As cifras que deu de consultas —26 millóns, demanda, demanda de crónicos— son cifras que fan ver a importancia deste problema. Necesitamos orientar a nosa sanidade cara á cronicidade, mantendo sempre a sostibilidade do sistema. As tecnoloxías son importantes, e o Ianus coas novas versións e a plataforma TELEA serán ferramentas indispensables deste novo modelo de atención primaria.

Para rematar, quero facer un comentario. A xente pensa que os médicos especialistas do MIR se forman como churros, e iso non é así. A formación española é unha formación que é a que é, como é, e ten a valoración que ten porque se forman os profesionais cos currículos adecuados, e non é fácil formar moitos máis dos que se forman a día de hoxe.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Señor presidente. Señores deputados.

A verdade é que é curioso, porque as conclusións que sacamos o Goberno e a oposición sempre son moi parecidas. Dicimos que todos estamos de acordo en que a atención primaria é

moi importante, pero despois, a partir de aí, empeza a total descualificación do sistema sanitario galego, e creo que é un grande erro.

É un grande erro, primeiro, porque os cidadáns no Barómetro Sanitario fan a súa valoración, e esa non é unha enquisa que fai o Goberno, é unha enquisa que precisamente está feita totalmente sen influencia política, na que 9 de cada 10 galegos din que a asistencia en atención primaria é boa ou moi boa. A atención primaria ten unha resposta inmediata e unha resposta próxima ao cidadán, por iso é tan importante.

Tamén é triste que a oposición sempre se quede en parámetros que podían ter certo valor hai dez, quince ou vinte anos, pero hoxe en día temos que facer outro tipo de valoración. Por iso creo que é importante o que nós presentamos hoxe aquí, que é aplicar a tecnoloxía non para substituír o persoal, nin moitísimo menos, senón precisamente para mellorar o seu traballo.

Sempre se saca o tema do orzamento e faise unha división artificial: que o orzamento da atención primaria diminúa. Decía a señora Solla que un 28, despois dicía un 24. Non sei se era un 28 ou un 24, pero non é verdade. A Consellería ten un só presuposto, e ese presuposto incrementase ano a ano. Pasou do 33-34 % do presuposto da Xunta de Galicia ao actual, que é do 42 %. E nós precisamente a integración que fixemos hai xa un tempo é que non hai primaria e hospitalaria, senón que hai atención sanitaria aos pacientes, aos cidadáns galegos. E non imos facer barreiras, desde logo, onde non debemos facelas.

Criticásenos ao mesmo tempo que baixa o orzamento, que a integración está moi ben para atender os cidadáns, pero que deberíamos crear de novo o xerente de Atención Primaria. Eu creo que non se trata diso, trátase de saber o modelo co que queremos actuar, e sobre el, desde logo, a estrutura ten que ser unha estrutura directiva o máis plana posible. Non fai falta que sexa numerosa, senón simplemente saber o que queremos facer. E nós o que queremos facer claramente é que non haxa barreiras entre primaria e hospitalaria, que o paciente non se mova sen sentido, que o paciente sexa atendido. ¿Onde? Pois, como dicía, nos centros de saúde, nos hospitais ou no propio domicilio.

Non é o momento de falar de ADO, pero ADO cambiou a mentalidade de moita xente, xestora e cidadáns, porque se veu que os cidadáns e as súas familias queren, aceptan de moi bo grao, a atención no seu domicilio. E nós queremos implementar desde a atención primaria, por suposto, potenciando o ADO como o potenciamos. O ano pasado levamos o ADO a todas as áreas de saúde de Galicia; Monforte e Verín foron as últimas áreas e están xa presentes. Por iso cando se fala de que diminúa o presuposto de primaria non é verdade. O ano pasado houbo un plan de necesidades de 5 millóns de euros que utilizamos para cada EOXI, dividíndoo entre as EOXI segundo o número de cidadáns que teñen asignados, e, desde logo, unha parte importante foise á atención primaria.

Tamén estamos facendo centros de saúde, acabamos de rematar centros de saúde. Acabamos de abrir centros de saúde hai moi pouco tempo, en zonas rurais do interior con moi poucos habitantes, porque entendiamos que a situación do centro anterior non era adecuada para a atención. E estamos con proxectos de novos centros de saúde. Temos novos proxectos sobre

a mesa. Algún está limitado porque —como dicía o señor Torrado— hai algún concello que non pon á disposición adecuadamente os terreos que en principio se acorda. Por iso ás veces retrasamos, desgraciadamente, a construción dalgún centro de saúde.

E como falou de Ames e Caldas, vou falar de Ames e Caldas. En Ames houbo un problema — e sábeo moi ben o alcalde e o seu equipo de goberno porque estivemos alí a firmar o convenio— de sentenzas xudiciais en contra dunha urbanización onde eles dicían de pór o centro de saúde. E cando resolveron iso, resulta que había un problema con Patrimonio. Estiveron retrasándoo todo este tempo —evidentemente non de forma voluntaria— pero non é unha responsabilidade da Consellería de Sanidade.

En Caldas temos unha moi boa relación co alcalde de Caldas e temos claro que hai que facer un centro de saúde. Estamos en negociación e el está buscando unha parcela adecuada. E creo —porque o coñezo moi ben— que é unha persoa preocupada por mellorar a asistencia sanitaria no seu concello. Desde logo, nós, en canto estea, facemos un proxecto de construción.

Nós estamos asumindo centros de saúde que son municipais e estamos facendo xa o mantemento. De feito, o último acordo coa Fegamp foi de 28 novos centros dos que imos coller ese mantemento. Seguimos investindo, isto é investimento real do que estamos a facer.

O Plan Mellora. Miren, é que sempre sae a relación Plan Mellora. Dicialle o outro día a unha das persoas que defendeu o Plan Mellora, que dicía que era un dos creadores do Plan Mellora: se chegas a cobrar por cada vez que citan o Plan Mellora, podíaste retirar agora mesmo. Porque do Plan Mellora se falou moito pero non se fixo nada. Nese famoso Goberno bipartito —Partido Socialista e BNG— non se fixo absolutamente nada, quedou moi ben nos titulares. E si se dixeron cousas que se queren agora mesmo agochar, como que se cerraban PAC —puntos de atención continuada—. Iso non se di, e iso tamén era Plan Mellora. Pero realidades, ningunha. Nós si, nós queremos facer realidades.

Estamos presentando aquí modelos que van mellorar a asistencia sanitaria. E non é falar só de teleasistencia, que é un factor importante, nin para evitar que haxa máis profesionais, senón para que eses profesionais teñan en todo momento unha relación directa, que saiban as patoloxías que teñen e como están nese momento. Aínda que desgraciadamente, aínda que poidamos ter un centro de saúde, un matrimonio maior que viva a un quilómetro igual ten problema de accesibilidade a el porque non é un problema de quilómetros, é un problema do que estamos dicindo: de envellecemento de poboación.

Antes dicía o señor Torrado que o sistema sanitario galego é moi bo. O que é bo do sistema galego son os profesionais, os xestores son malísimos. Eu, evidentemente, defendo que os profesionais sexan moi bos, pero, desde logo, hai unha política sanitaria que se marca tamén. E resulta que é curioso que aquí falar de Ianus, falar de receita electrónica, falar de interoperatividade e receita electrónica —que só temos cinco comunidades—, de historia electrónica —que a temos moi poucas comunidades—, iso é porque un día apareceu o sistema Ianus nos centros de saúde. ¡Non!, é porque había unha política sanitaria que primou a innovación. E levamos premios a nivel europeo en innovación porque estamos buscando

cousas para mellorar a calidade da asistencia sanitaria. E prémiannos en Europa porque Europa pasará en poucos anos pola mesma situación que estamos pasando nós e quere aprender disto.

Cando estivemos en Bruxelas hai uns meses, precisamente querían coñecer o modelo galego de innovación porque era algo que eles saben que van ter que aplicar en moi pouco tempo. Por iso estamos hoxe falando de TELEA, pero non estamos falando de TELEA dun premio de innovación europeo, estamos falando de TELEA aplicado xa en Santa Comba e en Mazaricos. Pero no proxecto piloto tamén se aplicou á medicina interna no HULA, en Lugo, para seguir pacientes con determinadas patoloxías. E imos seguir avanzando porque imos integrar os nenos diabéticos tamén no TELEA. E que esas determinacións que as nais ou os pais deses nenos moitas veces rexistran varias veces ao día, poidan integrarse e salte unha alarma á enfermeira especialista ou ao médico especialista dicindo: este neno ten varias determinacións dun nivel alto perigoso; hai que localizalo, hai que chamalo, hai que atendelo ou ir ao domicilio. Por iso é tan importante.

E nós seguimos defendendo máis cousas, como a formación. ¿Por que defendemos a formación? Dicíao o deputado do Partido Popular, a formación en España é moi boa, pero ten unha serie de limitacións. Temos que poder formar o que realmente temos capacidade para formar. E o ministerio marca o número de especialistas que hai que formar. Nós temos unhas acreditacións segundo marca o ministerio. En Pediatría, 20 acreditacións; 20 pediatras que se forman todos os anos. Estamos ao nivel máximo de utilización.

Pero tamén fixemos o retraso da xubilación. Estamos de acordo con que había especialistas, que había profesionais, que era unha pena que aos 65 anos obrigatoriamente se foran. E cambiamos a normativa por primeira vez en España para tratar de que eses profesionais puideran seguir aportando ao sistema sanitario. No primeiro ano houbo un 20 % que quixeron facelo, creo que é enriquecedor para eles.

E seguiremos traballando. Mire, temos unha moi boa pediatría, pediatras moi ben formados. E temos asistencia pediátrica moi boa que chega a moitos ricóns da xeografía galega. Pero, evidentemente, se queremos levar un pediatra a absolutamente cada concello galego, vai ser imposible porque non o teñen en ningún lado de España nin de Europa, non existe ese modelo. Estamos agora valorando cos profesionais precisamente mellorar o modelo de asistencia, non en número, que temos o número máximo de pediatras formados, senón en servizo aos nenos, aos cativos, que é o que nos importa, e con iso estamos.

Mire, o sistema galego utiliza só un 10 % de médicos de familia para atender os nenos. E digo só un 10 %. Eu son médico de familia, e os médicos de familia temos formación para atender os nenos, perfectamente, pero aquí temos un modelo que prima o pediatra, e paréceme ben. Noutras comunidades, máis do 50 % das prazas de primaria en pediatría están exercidas por médicos de familia. Nós, o 10 %. Polo tanto, hai un coidado especial utilizando todas as posibilidades, pero estamos traballando porque queremos mellorar, non queremos quedarnos quietos na atención pediátrica. ¿Con quen? Cos profesionais, que eles nos axuden a revisar ese modelo e a melloralo.

Dicía tamén o señor Torrado que parece que nós estamos cambiando o tema da OPE, OPE extraordinaria. Non sería unha OPE extraordinaria, sería unha OPE dobre da que temos, se, entre outros, o Partido Socialista bota unha man en Madrid e nos axuda a aprobar os presupostos xerais do Estado. Non é unha chantaxe, é simplemente un servizo cara ao cidadán, en defensa do cidadán. Creo que os políticos estamos para axudar ao cidadán, e sería bo.

Eu sei que no Partido Socialista neste momento están noutro tema, non tan importante como os presupostos xerais do Estado. Pero nós dicimos que estamos todos de acordo. Se queren unha OPE dobre da que temos xa preparada, colaboren e podemos aprobar o presuposto xeral do Estado. Creo que sería moi bo para todos.

Seguimos, desde logo, facendo moitísimas actuacións. O número de moitísimos millóns de consultas ao ano é a realidade. Agora, chámame a atención que o señor Torrado saiba que hoxe hai 50 en cada unha das consultas porque a media non sae de 26 pacientes por consulta. Pode ser que algunha teña 50, pero a media é de 26. E temos que melloralo.

Mire, baixamos de máis dun 20 % de consultas administrativas hai moi poucos anos a un 7 %. ¿Ese tempo en que se utiliza? Utilízase, evidentemente, para dar asistencia e evitar trámites administrativos.

Nós seguimos traballando, en todos os aspectos. Nas infraestruturas, por suposto, pero tamén na tecnoloxía, e moi especialmente nos profesionais. Por iso estes grupos de traballo que estamos desenrolando. Dicía a señora Prado cando e que tempo de prazo temos. A idea é desenrolalo ao longo destes meses e antes de acabar este ano facer este tipo de melloras, que van mellorar — como digo — a calidade do servizo pero tamén van axudar a un ambiente laboral moito máis favorable.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica dos grupos. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Primeiro, señor conselleiro, eu pídolle que vostede non falte á verdade neste Parlamento e non siga insistindo en que aumentaron os recursos en atención primaria. Ano 2009, atención primaria 1.436.746,424 euros; ano 2017, 1.163.662,333. Iso, calquera que saiba minimamente sumar e restar, dá 233 millóns menos entre un ano e outro, e se imos acumulando cantos menos foron 2010, 2011, 2012, 2015, ata chegar a 2017, estamos falando de 1.782 millóns de euros menos investidos en atención primaria. Repito, significa bastante máis que deixar todo un ano a cero euros a atención primaria.

Tema de formación. É un mantra tamén, señor deputado do Partido Popular. O que non poden é, primeiro, agacharse detrás do Estado, de que é o Estado quen decide. A cuestión é canto lle exixen vostedes ao Estado para que cambie esa situación, ou canto están dispostos a pelexar e non poñerse detrás de que non hai profesionais.

Primeiro, non hai profesionais porque non fan ningún esforzo por aumentar esa formación. Se levamos anos dicindo que non hai pediatras, pois haberá que facer algo para que os haxa. Levan anos maltratando os profesionais, co cal hai moitos profesionais que marchan fóra. E poderíamos seguir dicindo por que os profesionais están na situación na que están.

Eu xa sei que a vostedes lles gusta pintar Galiza no país das marabillas. Aquí a cuestión é pintar como querer, pero a realidade logo é outra. E pídolle, señor conselleiro, que vostede non intente quitar peito dicindo que se van facer cargo de 28 novos centros de saúde. É que a competencia en materia de saúde é do Goberno galego, é súa, señor conselleiro. Hai un pacto asinado hai máis de dez anos conforme a Xunta de Galicia se tiña que facer cargo de todos os centros de saúde de Galiza. E dez anos despois vostedes non se levan feito cargo nin da metade, ¡nin da metade, por favor! Para un titular pode que lle valga, pero a realidade é teimuda.

Mire, a realidade é que a atención primaria cada vez se fai máis invisíbel. Dende logo, non vai ser o BNG o que estea en contra das novidades tecnolóxicas. Dispor de novas ferramentas, estar á vangarda tecnolóxica, ¿é bo? Si, se iso non significa a cambio de que non haxa profesionais para atender esas prioridades, a cambio de que non sexa un recorte en persoal. E a cambio de que a mellora tecnolóxica non sexa un obxectivo en si mesmo para entregarllo a determinadas empresas.

Unha das preguntas que tamén lle quero facer, señor conselleiro, é: ¿esta plataforma vai seguir o mesmo camiño que os camións sanitarios? Porque tamén foron cartos da Unión Europea, programas europeos, que como parece que os cartos non son de ninguén, a Consellería convérteos en programas. Por exemplo, converteunos en camións sanitarios, e a última información que temos é que estaban aparcados aí, diante de Conxo, sen ningunha utilidade.

E esa é a pregunta: se estas axudas europeas para direccionar un novo sistema sanitario público cara a solucións tecnolóxicas que nos venden tan entusiasticamente vai significar descapitalización do mellor recurso que ten a sanidade pública, que ten a atención primaria, que é o seu persoal.

O recurso máis prezado da sanidade pública galega é o seu persoal. E vostedes están descapitalizando de persoal a sanidade pública, a atención primaria, para capitalizalo por tecnoloxía, e iso é o que non pode ser. O que non pode ser é descapitalizar dun lado para capitalizar noutro. O que ten que ser é complementario, ir por carrís paralelos. E vostedes o que están é indo na dirección contraria, descapitalizar en recursos humanos a cambio de tecnoloxía, e ese non é o camiño, ¡ese non é o camiño!

Tampouco é o camiño entregar todos eses recursos tecnolóxicos a empresas privadas, porque cada anuncio que vostedes veñen traer aquí, señor conselleiro, significa entregar máis poder de decisión a empresas privadas; máis capacidade de decisión a empresas privadas.

Son moitas as preguntas que me van quedar sen poder formularlle. O tema é, ¿que servidores se van usar para esas novas tecnoloxías?, ¿quen vai pagar os dispositivos?, ¿vannos pagar os pacientes ou vainos pagar o Sergas? ¿Quen van ser os beneficiarios dese novo sistema? ¿Canto se lles vai pagar a estas empresas privadas? ¿Quen vai saír gañando? ¿Realmente os

galegos e galegas ou estas empresas, ás que lles ten entregado unha parte moi importante dos recursos públicos a consellería do Partido Popular? A venda dos dispositivos, as instalacións, o mantemento, a reposición. ¿Para quen van ser negocio todas esas cuestións? ¿Como se van implementar estes sistemas tecnolóxicos nunha situación como é a galega, onde temos cantidade de sitios nos que non é posible acceder ás redes, onde o acceso é moi limitado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...onde temos unha poboación tremendamente envellecida? Vostede deu un dato tremendamente significativo. É dicir: o 25 % da poboación maior de 65 anos, 300.000 cun cuidador da súa mesma idade. ¿Estes dispositivos son a solución para unha atención primaria fundamental con este espectro da poboación, señor conselleiro? Dende logo, no BNG parécenos que non. E sobre todo parécenos que non porque non vin hoxe aquí, en ningunha das súas verbas, que houbera un compromiso por capitalizar con recursos humanos a atención primaria.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado

A señora PRADO CORES: Mentres non haxa ese compromiso, o resto son brindes ao sol, negocio para as empresas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e non unha mellora na atención primaria, señor conselleiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Vou intentar comentar a maior parte de temas que se expuxeron aquí agora, aínda que foron extensivos, e non todos eles coa maior das claridades.

O primeiro que quero felicitar é o argumento potente de que a sanidade está moi ben porque hai trinta e cinco anos estaba peor. (*Aplausos.*) É un argumento potentísimo, fortísimo, señor Núñez Centeno. Ten unha pequena réplica, pequena. A sanidade de hai trinta e cinco anos estaba peor e mellorou, sobre todo, grazas á Lei general de sanidad do ano 1986 que vostede coñece perfectamente. Débea coñecer, porque vostedes supoño que a coñecerían pero votaron en contra. Polo tanto, está moi ben como argumento pero ten algún pequeno problema.

Valoracións e datos. A atención primaria de Galicia está valorada, efectivamente, con máis dun 7 polos usuarios. O que é importante é ser comparativos. Todas as sanidades públicas

autonómicas de España están valoradas por riba do 7, co cal non é un mérito, non é un feito diferencial. Está moi ben, pero non é un feito diferencial, señor conselleiro, non é un feito diferencial. Pódolle explicar, se quere, en termos estatísticos o que é un feito diferencial, pero non é unha diferenza significativa.

Como me poden explicar, se queren, isto da enquisa de *Lancet*, que está moi ben, que estamos moi ben valorados, pero me sorprende que ma poñan aquí en atención primaria. Vostedes saben, seguro que saben —igual é que pensan que os demais non o sabemos—, que a enquisa de *Lancet* explicita especificamente ao final que en próximas enquisas, en próximos rán-kings, terán que incluír a atención primaria porque é un elemento moi importante do sistema sanitario, pero que agora non o teñen. Unicamente avalía algo que é moi importante, que é a resposta do sistema sanitario ante 32 enfermidades mortais.

Si, está moi ben que esteamos ben valorados, pero di explicitamente que non se mide a atención primaria e que é un tema pendente. Como di tamén que non se mide a inequidade do sistema, que é un tema pendente. Igual cando midan a inequidade do sistema xa imos peor.

En fin, salvando que nos reprochan ao noso grupo que non lle damos importancia, mire, eu non lle quería sacar o tema, pero sobre a importancia que lle damos á sanidade na comisión, na última Comisión de Sanidade, que o seu grupo tiña dous temas para levar, levou un só porque vostedes non ocupan os temas na Comisión de Sanidade, e o seu tema foi cambiar o nome do Hospital da Costa para chamarlle Hospital da Mariña. En fin, a importancia da sanidade, ese é o problema da sanidade, cambiarlle o nome a un hospital, en fin.

Non llo quería dicir, pero que me veñan reprochar que nós non traemos temas, non facemos debate, non facemos propostas, señor Núñez Centeno, cando propuxeron cambiarlle o nome a un hospital... Aínda pouco orixinais: Hospital da Costa, Hospital da Mariña. Puideron poñerlle o nome de alguén ou así.

Non falei de Caldas, do centro de saúde, falei de Cangas. Non me explicou o de Cangas, non me explicou o de Ames, a pesar de que o citou. E non me explicou por que citan os mesmos centros de saúde como promesas en 2017 nos orzamentos, en 2018 van citar os mesmos, porque xa os citaron en 2016. E sobre a asunción de mantemento do centros de saúde, ese acordo coa Fegamp que leva moito tempo, xa houbo unha iniciativa aquí neste Parlamento, non hai moito, e votaron en contra. É un acordo xa asinado, pero votaron en contra. Poderíalle citar máis, A Illa, O Grove. Se existen centros de saúde, curiosamente en ningún deles goberna o Partido Popular. Como lle digo, correlación non implica causalidade, pero cheira.

Si, a formación de MIR é complicada, ¡claro que é complicada! Porque para iso queremos ter grandes profesionais. Dende logo, non é algo que vaíamos descubrir. E si, só formamos 20 profesionais en Pediatría. ¿Non é posible negociar para ter máis? Pregunto. ¿Non é posible formar 25? ¿Non é posible dotar de maior estabilidade especialmente, facer unha discriminación positiva cara a algunhas especialidades para ter máis? Se cadra é posible. É unha cuestión de vontade. Se non, non nos pasarían cousas tan simbólicas como que existe unha demanda de substitución dun pediatra —que non se substitúe— nun barrio da Coruña que

é o barrio con maior poboación escolar de Galicia, que é o Novo Mesoiro. E ten problemas de substitución dun pediatra, é algo paradoxal. Xa lle dixen moitas veces que a provincia máis envellecida de España, que é Ourense, non ten unidade de Xeriatría. Eu creo que é un problema de planificación, pero, en fin.

A OPE non é extraordinaria pero é dobre, que normalmente non o é. Bueno, podemos chamarlle como sexa. Vostedes aprobaron esa OPE aquí, co seu voto, señor conselleiro. Aprobaron facer unha OPE de 1.600, non poña agora a condición dos orzamentos de España. E non a poña porque votou aquí; se non, votara en contra. Non se pode dicir agora que non se pode facer, pero cando hai que votar, votar en contra.

Despois explicárame como é iso de votar a favor de algo e logo dicir que non se pode facer. Dígoo porque empezan a facelo tantas veces que eu estou interesado en saber como é iso.

E si, non se preocupe, xa vostedes atoparán mecanismos para aprobar os orzamentos. Pero eu xa lle dixen aquí: aínda que non se aprobaran, van facer esa OPE, vostedes aprobaron esa iniciativa aquí. Insisto, nós non lle imos aprobar os orzamentos, estou case seguro, e ademais dígolle que se vai facer esa OPE.

E, por último, vostede fixo uns anuncios e gustárame que me explicara se é certo ou non que o programa Acude non funciona exactamente, que hai que usar moitos teléfonos móbiles persoais para usalo. E como van resolver o problema da conectividade da teleasistencia, porque para implantar sistemas como APP —que é moi interesante— para que persoas maiores teñan asistencia telefónica mediante conexión a internet, primeiro hai que levar internet a esas persoas, que moitas delas viven na Fonsagrada ou en Chandrexa de Queixa, que teñen 90 anos e que teñen dificultade para conectarse cun teléfono móbil a unha APP. É moi difícil ás veces, non é tan fácil. Eu recordo nun concello no que preguntaban se os correos electrónicos traballaban a fin de semana. E aínda así, hai algunhas persoas que non utilizan tan ben esas cousas.

Nada dixó diso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e nada dixó das nosas propostas. Dígoo porque sempre o Partido Popular sobe aquí dicir que nós non facemos propostas. Plantexei as que fixemos aquí e as que están por facer e nada nos valorou sobre a atención primaria, que creo que eran propostas interesantes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Fálase aquí de descualificacións do sistema sanitario. Eu non sei se ás veces non queren oír ou non entenden ben. Claro que temos un sistema sanitario bo, mellor que o de moitos outros países. O problema é que con todos eses recortes —que si, son do 28 % en termos nominais— dos últimos anos, evidentemente o sistema está peor porque ten menos recursos. Iso é algo básico en economía, non creo nin sequera que en sanidade. Polo tanto, é obvio que non se pode prestar mellor asistencia e que a asistencia se deteriora a pesar de que os profesionais sigan sendo moi bos, de que formemos moi bos profesionais e de que o sistema siga mantendo unha calidade media aceptable. Pero teñen que recoñecer vostedes que con menos recursos, menos persoal, máis privatizacións, cada vez é máis difícil prestar a mesma atención, é obvio que non se pode proporcionar. Eu pediríalles que abandonaran ese debate de traducir as palabras que traslada a oposición.

Agora parece ser que restarlle capacidade de decisión á atención primaria é restar barreiras. A vostedes encántalles funcionar con eufemismos. A realidade é que, señor conselleiro, non se cumpre iso de que teñamos menos directivos, simplemente vostedes os cambiaron de lugar, simplemente os cambiaron de posto. Creo que vostedes non despediron a ninguén porque ademais son funcionarios públicos, neste caso persoal estatutario.

A realidade é que o que temos é unha atención primaria que non ten capacidade de toma de decisións, que depende directamente dos hospitais, e o mesmo número de directivos e de directivas na nosa atención sanitaria pública en xeral. E así o corroboran os orzamentos e as partidas adicadas aos cargos. Polo tanto, señor conselleiro, menos confundir e máis trasladar a realidade.

Evidentemente, nós defendemos a recuperación das xerencias de Atención Primaria, e iso non significa que traballen illadas da atención especializada. Se antes vostede considera que era así, será porque vostedes non xestionaban ben a sanidade.

Tamén me gustaría que aproveitase vostede a comparecencia, ademais de para responder a todo o que lle preguntei na anterior intervención, para trasladarnos en que se invisten eses millóns de euros que hai dedicados a medios alleos, é dicir, á privada, en atención primaria, porque veñen todos os anos nos orzamentos e non sabemos en que se están a investir, a que empresas van parar. Se pode facer o favor, explíquenolo tamén.

Benvidos sexan vostedes a ese traspaso dos centros de saúde dos diferentes concellos á Consellería de Sanidade, porque levaban anos paralizados, como vostedes mesmos recoñeceron na Comisión de Sanidade, na Comisión 5ª. E di vostede que este ano van traspasar 28. O problema é, señor conselleiro —repito—, que hai un orzamento de 100.000 euros para o mantemento dos centros de saúde. É dicir, 100.000 euros para toda Galicia e teñen 28 centros de saúde novos dos que facerse cargo; centros de saúde que en moitas ocasións están nunha situación polo menos con melloras moi necesarias e con barreiras arquitectónicas moi graves, porque seguimos tendo moitas barreiras arquitectónicas nos nosos centros de saúde.

Nós non estamos tampouco en contra da innovación, xa o trasladamos. ¿O problema cal é? O problema é que as innovacións non poden supor unha diminución de persoal, incluso as innovacións precisan de máis persoal. Vostede defende aquí que os profesionais tanto de

enfermería como de medicina van ter agora máis datos, van ter máis relación con eses pacientes que están nos seus domicilios. ¿Quen vai xestionar iso? ¿Quen vai estar pendente? ¿Quen vai poder dar esa asistencia se cada vez —repito— temos menos profesionais —1.100 menos, datos do Ministerio— dende que vostedes están no goberno?

É evidente que cando hai máis servizos necesitamos máis profesionais que se fagan cargo, e a tendencia é totalmente a contraria. Por favor, non nos engane. Trasládenos cal é o seu plan referente á mellora do número de profesionais na atención primaria. Trasládenos que vai facer coa saúde bucodental, que vai facer coa fisioterapia, que vai facer coa saúde mental en relación coa atención primaria; cales son as planificacións relativas á saúde da muller; que vai facer para dar en realidade esa prevención e promoción da saúde. Por certo, vostede igual non escoitou ben, pero debería saber, se os orzamentos son 28 millóns menos en termos reais en atención primaria, 24 menos en prevención e promoción da saúde, que é un programa diferente.

Falaba vostede de formación de profesionais, sen embargo acaban de votar na Comisión 5^a en contra de incrementar a formación precisamente para loitar contra ese incumprimento das incompatibilidades no sistema sanitario. E gustaríanos saber que van facer vostedes coas incompatibilidades tamén en atención primaria con esas xerencias, con esas direccións, das que vostedes creo que seguen sen facer cumprir a lexislación vixente.

En fin, non dá tempo a continuar. Vostede non trouxo ningunha proposta nova alén dese programa, e a min gustaríame que respostase a todo o que lle trasladamos. A realidade, señor conselleiro, é que son 28 millóns de euros menos, 1.100 menos profesionais e menos atención primaria, por moitas innovacións tecnolóxicas coas que vostede queira suplir a súa incapacidade de xestión.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Desde logo, escoitándoa, señora Prado, está claro que descoñece por completo o sistema MIR. Eu non sei se queren voltar aos tempos do ano 1975, cando entraban en medicina a estudar 1.100 ou 1.200 persoas e daquela no hospital andábase detrás do catedrático famoso, como galiñas, 50 ou 60 estudantes MIR. Dáme a sensación de que ten bastante... non coñece demasiado o sistema, ¿non?

Tamén fala vostede sempre do pacto local, pero nunca di, señora Prado, que o pacto local do 2006 dicía que no 2009 ían estar todos transferidos. E había transferidos cero patatero, ¡cero patatero! Nin o primeiro, do 2006 ao 2009.

Desde logo, señor conselleiro, ningún grupo está en contra das tecnoloxías nin dos avances tecnolóxicos nin das tecnoloxías da información, pero cando debatemos os orzamentos todos

querían quitar partidas de aí para poñelas noutras cousas, co que moi a favor tampouco vemos que estean. Eu creo que a partir de agora o Sergas ten que empezar a pensar en fabricar resonancias magnéticas, TAC e outra serie de aparataxe, porque se estamos facendo ricas ás empresas, ao final teremos que ser ou terán que ser vostedes, dentro da propia empresa, os que fabriquen os aparatos.

Con respecto ao señor Torrado, ¡home!, eu creo que o señor Torrado non me negará a min a capacidade para analizar a evolución do sistema sanitario de atención primaria nos últimos trinta anos. Creo que algo diso coñezo, señor Torrado.

A vostede parécelle mal que eu o cite, pero os avances están aí. E, por outra parte, moléstalle a comparación pero despois compara vostede a comunidade no Barómetro dicindo que as outras tamén son boas. Eu creo que iso non é excesivamente congruente.

E claro, como non hai moito máis de que falar e a cronicidade non ten importancia, sacamos as iniciativas da comisión que nos parece; unha iniciativa —fíxolle moita graza aquel día a vostede e máis á súa compañeira— que lles resultou simpática.

Con respecto a Pediatría, nada máis que repetir o que dixo o conselleiro. É dicir, noutras comunidades autónomas están como están, e xa falamos na Comisión 5ª de que hai seis países en Europa que teñen pediatría en atención primaria e o resto non a teñen. Se iso lle parece mal, eu non teño nada máis que dicir neste campo.

Desde logo, señor conselleiro, temos avanzado moito en Galicia en implementar medidas que aparecen contempladas en todos os documentos de cronicidade de todas as comunidades autónomas. Eu revisei o catalán, o vasco, o canario, Baleares e Andalucía. En todos aparece, e aparecen como cousas de futuro, moitos temas que en Galicia están resoltos, ¿non? O tema do Ianus e da receita electrónica, ao cen por cento da poboación, creo que é fundamental.

A consulta telefónica, pola que tivemos tantas dores de cabeza neste Parlamento, facilita non soamente que o cidadán non teña que ir a consulta, senón que organiza a consulta do médico que está dentro, ¿non? Eu estaba traballando e estábante chamando durante toda a mañá e se cortaba, incluso ata era un xesto de falta de educación con respecto á persoa que estaba sentada en fronte do profesional. Iso está organizado, faise coa historia clínica aberta diante e non se molesta aos usuarios presenciais que están co médico nese momento.

O Conecta 72 máis do mesmo. Facilita a continuidade asistencial dos procesos que precisaron hospitalización, chámasele á casa. A xente que me falou de Carballo está contenta co sistema, parécelle unha boa cousa.

Estratificación. Estamos coa estratificación, tamén era unha cousa que parecía estraña e hoxe aparece absolutamente en todas as estratexias de crónicos. E vai ser o futuro, vai ser o que vai decidir a prioridade de tratamento dos enfermos crónicos.

Desde logo, Galicia é pioneira no desenvolvemento de novas tecnoloxías aplicables no eido da sanidade. As continuas actualizacións do Ianus son un exemplo. Por iso confiamos en

que a plataforma TELEA vai ser tamén un referente na atención da cronicidade no propio domicilio do paciente.

Os pacientes teñen que ser moito máis proactivos. Non soamente hai que monotorizar constantes, hai que ter unha canle de comunicación directa entre o domicilio e o profesional. Fundamentalmente aquí está o papel da enfermería do que falabamos antes, da enfermería familiar e comunitaria, da enfermeira xestora de casos, que ten que estar encargada de coordinar todo ese labor que se fai dende o domicilio. Todo iso vai evitar reagudizacións e tamén se van poder comprobar agravamentos dende a propia consulta, agravamentos producidos no domicilio. E todo iso vai redundar en maior eficiencia, en destinar máis tempo e recursos aos doentes que se descompensen, priorizando sempre aos máis graves.

Nesa mesma plataforma pódese prescribir exercicio físico, dietas, información aos pacientes, correo, videoconferencia, etc. Con ese modelo de control teleasistido facilitarase o seguimento dos enfermos crónicos a través do profesional responsable, que será, efectivamente, quen reciba esas alertas.

Pilotouse no concello de Santa Comba e en Mazaricos. Agora vaise estender ata en seis concellos. Confiamos en que os datos sexan bos, en que se corrixan eivas como pode ser, por exemplo, a dificultade que ten ou que pode ter a identificación do enfermo versus a seguridade dos datos, e, corrixido iso, pensamos que vai ser unha boa ferramenta para mellorar a saúde da poboación dos galegos e galegas, especialmente no rural.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche da comparecencia, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, simplemente vou aclarar algunha das cousas, porque creo que en xeral non se quere ter demasiada información, non interesa. Máis ou menos véñse xa cun discurso preestablecido. Algún discurso leva máis de catro ou cinco anos e non se van mover sobre iso.

Pero miren, dicía a señora Prado que é increíble, que hai un acordo xa de hai moitos anos para asumir os centros de saúde por parte da Consellería de Sanidade. Certo, certo. E estaba gobernando o Bipartito, onde vostede... Si, si, non, ríase, pero estaban formando parte dese goberno. ¿Sabe cantos centros de saúde nese momento empezou a manter a Consellería de Sanidade? Ningún, ¡ningún! Ou sexa que creo que dar leccións teóricas está moi ben, o que pasa é que, cando chega a práctica, non podemos asumir.

Mire, todos os temas de innovación é un tema de política sanitaria que esta consellería e este goberno da Xunta de Galicia tivo sempre moi claro, e, como digo, en Europa dannos a razón.

Falaba dos camións sanitarios. Os camións sanitarios están realizando formación neste momento en Coruña, despois en Vigo, estiveron xa en Santiago. Formación precisamente para os profesionais da atención primaria en diferentes temas. Están tendo un aproveitamento adecuado para mellorar o sistema sanitario, que é o que queremos.

Cando se fala de prevención, de que diminuímos as cantidades económicas en prevención, o que é a prevención faise a diferentes niveis, faise a nivel de atención primaria pero tamén a Dirección de Saúde Pública ten unha parte moi importante. Recordamos o calendario vacinal tanto do neno como do adulto, e tamén as campañas de prevención do cancro de mama, e a última —a xordeira perinatal tamén— é a de cancro de colon, que nos adiantamos en cinco anos ao obxectivo nacional de ter a poboación cuberta antes do 2023.

Imos adiantarnos, pois xa este ano remataremos a implantación en todo o territorio. Diso tampouco se fala, pero estamos tendo resultados moi positivos que van diminuír de forma clara a morbimortalidade do cancro máis frecuente en Galicia. *(Aplausos.)*

Dicir tamén que é certo que se trouxo unha iniciativa polo Grupo Popular sobre o tema do nome do hospital de Burela, pero o realmente importante fixéranos moito tempo atrás, cando propuxeron a ampliación dese centro. Neste momento estase facendo realidade a maior ampliación que tivo nunca este hospital; un hospital dunha grande actividade, cuns magníficos profesionais. Por certo, despois de moitos anos conseguíuse iso. Evidentemente é unha iniciativa deste Parlamento, unha iniciativa das persoas que agora tamén propoñen o cambio de nome, simplemente porque a poboación da Mariña é unha poboación da costa e do interior e así o queren representar, parece razoable. Pero o máis importante de todo é que se conseguiu con este goberno da Xunta de Galicia a maior ampliación deste hospital. *(Aplausos.)*

Dicía tamén a señora Solla que está todo peor, a atención primaria peor. Pois eu preguntaría se os veciños de Panxón, de Oia, de Marín, de Tui, de Arteixo, de Pontedevea, da Capela, de Culleredo, de Cambre, de Barbadás e de moitos outros sitios, que teñen un centro de saúde novo desde hai menos dun ano, están peor tamén ou están mellor que estaban antes. Eu creo que non podemos seguir sempre botando en contra do sistema sanitario, dun magnífico sistema sanitario.

Pero, como digo, non estamos parados, seguimos traballando. E, desde logo, imos ter que seguir pensando sempre nas persoas, nos cidadáns de Galicia, con máis prevención, máis diagnósticos, máis tratamentos precoces, máis tratamentos ambulatorios e impulsando o domicilio; máis comunicación cos cidadáns, que os cidadáns teñan moitos máis dereitos pero tamén responsabilidade sobre a sostibilidade do sistema.

Un obxectivo común que vai dentro da Estratexia 2020 da Consellería é mellorar a saúde dos cidadáns, e ese é o horizonte que temos que ter claro sempre. Queremos avanzar cara a un modelo de atención primaria máis proactivo, no que o profesional de referencia de cada paciente dispoña das ferramentas necesarias para monitorizar os pacientes crónicos dende o seu domicilio.

É necesario ter unha atención primaria máis próxima á cidadanía, que sexa capaz de resolver —como ten feito todos estes anos— unha gran porcentaxe de patoloxía, pero tamén que realice un seguimento activo que evite as desregulacións e os agravamentos que se producen nos pacientes crónicos e fráxiles.

Un dos obxectivos nesta lexislatura é visibilizar máis o traballo dos centros de saúde dentro do ámbito comunitario; o desenvolvemento de programas de intervención comunitaria desde a atención primaria; a realización de actuacións que mellorarán a saúde da cidadanía, implicando para iso o sistema sanitario cos centros educativos, residenciais ou do terceiro sector.

Queremos unha atención primaria aberta á sociedade. O conxunto do sistema sanitario e a atención primaria enfróntanse a desafíos coñecidos: cronicidade, envellecemento, dispersión xeográfica, para os que necesitamos que sexa resolutiva, cunha axeitada capacidade diagnóstica e terapéutica, e que se incorporen e evolucionen as novas tecnoloxías desde este ano. *(Aplausos.)*

Seguiremos traballando cos profesionais e cos pacientes para avanzar na mellora do sistema, da súa organización e do seu funcionamento. Situacións novas requiren novas respostas, e temos que estar dispostos a buscalas, a atopalas e a aplicarlas porque somos conscientes de que queda moito por facer e temos ilusión e ideas para facelo.

Seguiremos traballando coa ilusión e o obxectivo de facer un sistema mellor para os nosos fillos, para os nosos maiores, revisando todas as actuacións postas en marcha con espírito crítico, co afán de reforzar os acertos e repensar todo aquilo susceptible de mellorar.

Eu quero recoñecer dende aquí a implicación que sempre mostran os profesionais e tamén os pacientes, sobre todo cando se trata de achegar esforzos para conservar e mellorar este gran sistema sanitario que entre todos construímos e do que nos sentimos moi orgullosos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Grazas.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 3 da orde do día.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos datos referidos á pobreza infantil

O señor PRESIDENTE: Presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase modificar o contido do punto A9 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:

«9. Adecuar os niveis de renda actuais para considerar ao alumnado beneficiario gratuíto de comedor escolar, garantindo a existencia de prazas para todo ese alumnado.»

Emenda de modificación.

Débase modificar o contido do punto B2 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:

«2. Reformar o artigo 135 da Constitución española para incorporar as condicións de salvagarda da “Estabilidade Social do Estado” que figura no seu actual texto co fin de que, con criterios de sustentabilidade, aseguren na distribución do gasto público un nivel axeitado e suficiente de financiamento dos servizos e prestacións sociais.»

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez Arias, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda núm.1 de supresión.

Débase suprimir os seguintes puntos dentro do apartado A):1,3,4,5,7,8,9,10,12,13,17 e 19 e no apartado B): 1,2,3 e 6.

Emenda núm.2 de modificación.

Débase modificar o texto do apartado A.) 6, co seguinte texto:

Onde di «Incrementar» debe dicir «seguir incrementando».

Emenda núm. 3 de substitución.

Débase substituír o texto do apartado A.) 11 polo que segue a continuación:

«Continuar impulsando unha rede de recursos para nenos e nenas de cero a tres anos co fin de acadar unha ratio de cobertura do 40%».

Emenda núm. 4 de substitución.

Débase substituír o texto do apartado A.) 14 polo que segue a continuación:

«Seguir impulsando a Tarxeta benvida para aquelas familias que queiran ser pais e nais, perciban unha axuda directa de 100 euros ao mes desde o nacemento e durante un ano para que poidan afrontar os gastos básicos dos nados e ampliar os beneficiarios ata os tres anos en familias en risco de pobreza ou exclusión».

Emenda núm. 5 de substitución.

Débase substituír o texto do apartado A.) 16 polo que segue a continuación:

«Seguir traballando no impulso do benestar das familias galegas dun xeito integral e continuo, a través da mellora dos servizos, de axudas directas e beneficios fiscais e do incremento dos apoios e facilidades para conciliar a vida laboral e familiar».

Emenda núm. 6 de substitución.

Débase substituír o texto do apartado B). 4 polo que segue a continuación:

«Seguir traballando no impulso do benestar das familias galegas dun xeito integral e continuo, a través da mellora dos servizos, de axudas directas e beneficios fiscais e do incremento dos apoios e facilidades para conciliar a vida laboral e familiar».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

Boa tarde, despois desta sobremesa.

Non imos, dende logo, entrar hoxe xa na valoración a respecto do aumento dos datos da desigualdade, do risco de pobreza, no noso país. Non o imos facer porque xa foi suficientemente exposto na interpelación e tamén porque consideramos que non se trata de dicir, de analizar, se o risco de pobreza sobe ou baixa unhas décimas. Do que se trata é de constatar que se consolida a desigualdade e a exclusión social en amplas capas da sociedade e que a infancia é o sector social máis afectado polo aumento da pobreza, como vimos no debate da interpelación que dá lugar a esta moción. Así, o paro e a pobreza laboral afectou en maior medida os fogares que xa eran os máis pobres, e isto tivo un impacto brutal na vulnerabilidade da infancia, como vimos.

Diciamos tamén no pleno pasado dende En Marea, no debate desta interpelación ao Goberno, que este panorama de tremenda desigualdade que deixou a crise foi un factor de alteracións políticas e institucionais que, como vimos esta fin de semana, aínda non remataron. Os acontecementos políticos e sociais ratificánnos nesta tese. Entón, pese a que se asenta a precariedade, pese a que estamos vendo que medra a falta de expectativas, que hai unha certa resignación en parte da sociedade, tamén hai unha pulsión de cambio. Entón, dende En Marea pensamos que esa maioría social que ten unha expresión parlamentaria de maioría nas Cortes Xerais nos manifestamos a prol dun acordo político para un goberno que deteña todas estas políticas lesivas. E a nosa moción vai neste sentido.

A nosa moción trátase dun programa de mínimos que vaia contra a desigualdade social e que corte as políticas lesivas que levaron dende o ano 2010 a unha involución política sen precedentes, que ademais asentaron un aumento da taxa de risco de pobreza infantil sen precedentes no período democrático. E apelamos a un gran acordo político por estas causas. Entón, a moción que presentamos non queda, pois, en medidas puntuais e paliativas. Díci-alles na interpelación que seguramente nos encontrariamos en cuestións concretas, seguro que algunhas cuestións concretas desta moción as poden apoiar. Pero nós pensamos que as causas da pobreza infantil, do aumento do risco de vulnerabilidade de todas as persoas, especialmente da infancia, non se atacan só con medidas puntuais senón indo á raíz dos problemas, ou, cando menos, chegando a un acordo político básico nunhas liñas básicas para deter as políticas máis lesivas que se aplicaron durante a crise.

Así, diciamos tamén que na desigualdade social xa se mantiñan elevados niveis durante as épocas de crecemento económico, que dende 2010 explotaron a niveis alarmantes, facendo tanto da infancia como das mulleres colectivos especialmente vulnerables.

A respecto desta cuestión concreta, do aumento da taxa de risco de pobreza infantil nos anos da crise, o primeiro para atallar unha situación é non negala. Diciamos que en 2014 a primeira reacción do Goberno foi cualificar de alarmistas as alertas que lanzaban distintas asociacións, distintas agrupacións e a propia oposición política. E finalmente no 2014 recoñeceuse esta realidade. A Xunta, nun estudo do 2014, recoñeceu que había nenos e nenas en fogares con carencia material severa, concretamente 18.000, segundo un informe da Dirección Xeral de Familia. E fixo un estudo sobre a pobreza infantil en Galicia que nós —precisamente porque dicimos que o primeiro para actuar contra unha situación é non negala— propoñemos actualizar. Ese é un dos puntos da nosa moción.

Neste estudo afirmábase algo que é común a toda a Europa do sur: que durante a crise aumentou a pobreza infantil. É común a toda a Europa do sur, pero dicía que no Estado español, no noso contexto, é algo sen precedentes, é alarmante a progresión que acadou, non hai precedentes no período democrático.

Dicía tamén ese informe que o risco de pobreza infantil é maior en áreas urbanas. Hai unha gran variabilidade territorial, pero podemos identificar un nivel de ingresos lixeiramente máis alto na zona norte galega respecto do sur, e tamén que os fogares con menores padecen un maior risco de exclusión social. Esta é unha característica compartida con todo o sur de Europa, pero aquí, no noso contexto, o incremento global do risco de pobreza neste tipo de

fogares, entre o 2007 e o 2009, nos primeiros anos da crise, elévase ata o 63 %. Así que o risco de pobreza aumenta cando se ten algún menor no fogar. A monoparentalidade —á que sempre nós lle chamamos monomarentalidade— pois trátase dun 80 % dos casos destas familias. Son familias que son moi vulnerables —a metade destas familias atópase en situación de risco de exclusión social—, tamén as familias numerosas.

En fin, ao que nos levan todas estas conclusións do informe, o que o propio informe da Xunta recoñece, é que a falta de emprego ou a súa precariedade, a pobreza e a precariedade laboral, é un factor fundamental na taxa de risco de pobreza infantil. Polo tanto, as medidas que propoñemos —e digo que non son medidas puntuais, son medidas de cambio estrutural— son actuar para modificar a precariedade do mercado laboral galego e actuar directamente así contra as causas da pobreza infantil.

Datos de hoxe mesmo sobre os salarios da Unión Europea: Galicia, salario medio, 1.447 euros ao mes; o 25,2 % menos que o conxunto da Unión Europea e o 11,5 % menos que o conxunto do Estado español. Por iso propoñemos, e non deixaremos de facelo, medidas para aumentar os salarios galegos e reducir a precariedade laboral no noso país.

Aínda que non apoiem esta moción, terán ocasión de apoiar proposicións non de lei nas que propoñemos, por exemplo, unha estratexia contra a pobreza laboral en Galicia. Propoñemos tamén que se actúe coordinadamente entre as funcións de Política Social e Emprego, non suficientemente coordinadas. Necesitamos unha vez máis, e descúlpenme a insistencia, que se publique o decreto regulador desa Lei de inclusión social, que se regulen os tramos de transición ao emprego, que se aumente a contía da Risga. Porque actuar sobre a Risga é actuar directamente contra a pobreza infantil. Case a metade das familias perceptoras de Risga teñen menores ao cargo. Volvemos ao punto que sinalabamos: ter unha persoa menor na familia é un risco de vulnerabilidade.

As familias que tamén sofren maior vulnerabilidade respecto da pobreza son aquelas que teñen unha vivenda en alugueiro. Por tenza de vivenda pois son as que máis porcentaxe sofren de pobreza infantil. Cómpre sinalar a este respecto que a vivenda é o gasto que máis grande impacto ten sobre a pobreza, é o gasto que máis repercute en que as familias poidan caer na pobreza. Sinalaba nun artigo recente Antón Costas que, dada a caída da renda dispoñible das familias dende o ano 2008, sobre todo nos fogares pobres —é que isto sucedeu así, a crise foi peor nas familias de rendas máis baixas, sobre todo nos fogares pobres—, cando agora comeza a aumentar o prezo das vivendas e dos alugueiros, o que provocará é que a renda que lles quedará ás familias, logo do gasto en vivenda, se verá reducida. E imos asistir a un novo aumento da pobreza e a unha redución da xa minguada taxa de emancipación da mocidade. Estamos a falar de que un 80 % da mocidade, considerada menor de 33 anos —a idade que teño eu—, vive cos seus pais ou nais en Galicia. É evidente que non estamos nunha situación que permita que a xente moza poida ter un proxecto de vida, un proxecto de futuro. Hai que actuar, polo tanto, en materia de vivenda, hai que aumentar o parque de vivenda pública e hai que intervir no mercado do alugueiro. Nesta moción propoñemos unha medida urxente, que é garantir que ningunha familia con menores ao cargo poida ser desaloxada sen alternativa habitacional, pero hai que actuar máis profundamente no mercado da vivenda.

Tamén sinalabamos a adolescencia como un grupo de idade vulnerable á pobreza, algo no que tamén inflúe que as medidas paliativas que se foron poñendo a respecto da pobreza infantil só acadaron a infancia en si e non a adolescencia. Non se tivo en conta que o rango de idade con maior risco de pobreza en Galicia é o que vai dos 16 aos 24 anos. Por iso pedimos un plan específico, por iso pedimos tamén a implicación da mocidade e da infancia nas políticas que lles afectan, e por iso pedimos ese consello galego da mocidade e da infancia, ese facer partícipes a xente moza e os nenos e nenas das políticas públicas. Porque non só son o futuro —cando falamos de nenos e nenas pensámoslos como futuro, como os que continuarán a nosa andaina—, son suxeitos de dereitos e teñen dereito a aplicar as súas políticas, teñen dereito a coñecer a súa realidade social e —mesmo os nenos e nenas que non están nesta situación tan vulnerable— teñen dereito a saber como está o resto da sociedade e os seus amigos e amigas.

Ben, da Risga dixen antes o da publicación do decreto, pero tamén propoñemos medidas para que se conecten os servizos de emprego para que sexa posible realmente a inclusión social e a transición ao emprego. Aprobábase hai pouco outra vez a orde de axudas para os concellos para a contratación de persoas que cobran unha Risga, e novamente, a pesar do que lles dixemos dende En Marea, en lugar de contratar polo menos un ano, para permitir logo unha pensión contributiva, contrátanse sete meses. Non o dixen no debate daquela pregunta, pero son sete meses, que é exactamente o xusto para que se perda unha Risga logo de seis meses contratados. Non nos parece máis que unha burla, ou algo infame, con estas persoas.

Ben, en fin, para rematar, poñemos tamén medidas que vaian contra a involución política que propiciou que durante a crise se atacasen os servizos públicos. E por iso propoñemos non só recuperar o gasto público senón tamén elevar o gasto nas funcións de familia e infancia ata, cando menos, o nivel medio da UE, dos 15 países máis desenvolvidos, así como tamén apostar pola profesionalización e o aumento dos recursos e dos servizos sociais comunitarios especializados, e nomeadamente falamos da área de menores, porque a xestión desta é sistematicamente derivada, os seus programas son sistematicamente derivados a facelos a través de entidades sociais. Nós queremos os servizos públicos totalmente dignos, totalmente profesionalizados, e por iso aí vai unha serie das nosas medidas desta moción.

Igual ocorre co ensino, co ensino público. Outro dos ataques recibidos polas políticas involucionistas provocadas por esta crise —non provocadas pola crise, senón políticas que se decidiron facer por parte dos poderes por esta crise— foi contra o ensino público. E por iso nós consideramos esta área de investimento fundamental para garantir a igualdade de oportunidades.

En fin, as nosas medidas poden seguramente acadar un amplo consenso, algunhas delas, pero considerámolas nun conxunto porque non imos cambiar políticas de esmolos por políticas de xustiza social. Cremos na xustiza social e este é un dos nosos programas mínimos para acadala. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señoras e señores deputados.

Permítanme que, en primeiro lugar, hoxe transmita todo o apoio do Grupo Socialista a todas aquelas persoas que estiveron hoxe pola mañá manifestándose en Ourense a prol do noso medio rural, a prol dunhas axudas dignas contra as xeadas que tiveron lugar hai tres semanas. (*Aplausos.*) O noso recoñecemento para eles. Aínda que mañá o meu compañeiro, o señor Quiroga, desgranará unha iniciativa neste senso, parecíanos importante facer hoxe unha mención aos mesmos.

Decía a señora Vázquez Verao que o importante, ante os problemas, é, primeiro, recoñecelos. Sobre o papel —ou sobre o ordenador, como queiran velo— parece que hoxe o Goberno de España, e concretamente o Instituto Nacional de Estadística, si o recoñece. Leo unha nota de prensa publicada hoxe mesmo: «Ao 30,9 % dos fogares teríalles gustado utilizar os servizos de centros de coidado infantil. O motivo principal de que non o fixeran máis da metade deles é que non tiñan recursos para poder facelo.». Isto, señorías do Partido Popular, aínda que non o queiran ver, é a realidade que está aí fóra.

Se seguimos afondando nestes datos, vemos que, por tipo de fogar, os fogares que están formados por un adulto e polo menos un neno ou nena foron os que tiveron maiores necesidades non cubertas. Xusto, ¡que casualidade!, unha iniciativa que traía o Grupo Parlamentario Socialista, no anterior pleno, de familias monomarentais foi pisoteada —como suele ser habitual— polo Partido Popular cos seus votos en contra; un colectivo que necesita axuda e que necesita actuacións de maneira urxente ante o que o Goberno da Xunta de Galicia se nega a actuar.

Ben, indo á iniciativa de En Marea, o primeiro que queremos dicir é que parece que o punto 1 é unha especie de resumo do que pretende ser non sei se un programa electoral pero si un plan de choque, feito de maneira transversal, que nós apoiamos en case todos os seus puntos, como así o temos amosado ao longo desta lexislatura presentando iniciativas concretas a respecto de cada tema.

O problema non é soamente que os nenos e nenas que están sufrindo a pobreza agora mesmo sexan, sendo rigorosos, pobres no sentido estrito, é dicir, non teñan moitos momentos para facer todas as comidas do día. É que hai un factor que os socialistas consideramos aínda máis importante e que inclúe un número maior de nenos e nenas, que é o da exclusión social. Son aqueles rapaces e rapazas que non poden facer cousas que ata hai pouco eran tan normais como pagar unha excursión de fin de curso ou poder desfrutar de actividades extraescolares. Estas cuestións que parecen extras son importantísimas tamén para o desenvolvemento dos nosos menores. Non é soamente cuestión da crise, é cuestión tamén dunhas políticas que se perpetuaron, dun modelo político, económico e social que se instaurou neste país e que nós consideramos que é inxusto. Iso leva a que España sexa o segundo país no que máis se incrementou a desigualdade nestes últimos anos. É dicir, pasamos

de ser o segundo no ano 2012 a ser o primeiro agora mesmo, e estouno dicindo con datos de Eurostat, non con datos do Partido Socialista. Isto vén propiciado en moitos casos pola precariedade laboral; é dicir, señorías, trabállase menos horas e con menor salario, o que está levando a unha pobreza de menores. E corremos o risco, ademais, de que sexan pobres no presente e de que esa pobreza se transmita de xeración en xeración, cronificándose esa desigualdade. E para iso hai que actuar de maneira urxente.

A respecto da nosa emenda —e vou xa porque o tempo é bastante escaso para o longa que é a iniciativa— hai dous puntos fundamentais dos vinte e catro que creo que non podemos aceptar tal como están redactados. Un deles é ese tan mencionado artigo 135 da Constitución española. É un artigo respecto do que o Partido Socialista respecta aquela decisión que se puxo en marcha naquel momento polo goberno socialista do señor Zapatero, unha iniciativa nun momento de extraordinaria complexidade económica. E, ao mesmo tempo que respectamos aquela iniciativa, o que queremos facer a partir de agora é, como autores desa reforma, ter a responsabilidade de volver reformar e de incidir na necesidade dunha reforma para incorporar o nivel axeitado e suficiente para o financiamento dos servizos sociais, algo que nos parece esencial.

Hai tamén un punto no que non podemos estar ao cen por cento de acordo, que é o dos comedores escolares. Non queremos entrar agora mesmo no tema da xestión, pois consideramos que debe ser un debate que debemos tratar máis polo miúdo noutra ocasión. Pero si cremos que é necesario e imprescindible que haxa o número de prazas suficiente para que os pais e as nais poidan levar os seus fillos a este servizo, que é tan importante para toda a cidadanía pero en especial para aqueles nenos e nenas que están pasando especiais circunstancias de dificultade nos seus fogares. Co cal, señora Vázquez Verao, a nosa emenda, como pode comprobar, é para retocar, non para dinamitar, como outras que vimos a respecto desta iniciativa. Espero que poidamos chegar a un acordo ao respecto.

E máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular.

Señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señora Vázquez Verao, dende o Grupo Parlamentario Popular o que queremos é aportar o noso traballo a esa fronte común contra a exclusión e a pobreza infantil.

No pasado pleno era o conselleiro, en resposta a unha interpelación presentada polo seu grupo, o que explicaba as medidas que ten postas en marcha a Xunta de Galicia. E hoxe, dende logo, non será o noso grupo o que veña aquí dinamitar unha iniciativa do seu grupo

para tentar loitar contra a pobreza infantil. Nós o que imos tentar é sumar esforzos a esa fronte común para loitar contra a pobreza e a exclusión social. Xa o fan dende a Xunta de Galicia cos concellos e as entidades sociais, e neste Parlamento de Galicia en moitas ocasións así o tentamos, un acordo de todos os grupos desta Cámara. Pero entenderá vostede que, para chegar a un acordo, non é absolutamente imprescindible que un grupo desta Cámara —o grupo maioritario— estea de acordo ao cen por cento con esa iniciativa de 25 puntos que presenta hoxe o seu grupo. Pero si lle adiantamos que nós, independentemente de que a nosa emenda sexa aceptada ou non —esperemos que sexa aceptada, ou polo menos que nos invite a negociar con vostede—, solicitaremos a votación por puntos e votaremos a favor os puntos 2, 15 e 18 do apartado a), e o punto 5 do apartado b). Ademais, o noso grupo presenta unha emenda para facer algunhas concrecións aos puntos 6, 11, 14 e 16 do apartado a) —nos que estariamos en disposición de acordar con vostede un texto transaccionado—; e ao punto 4 do apartado b).

En relación con algunhas das propostas que fai na súa iniciativa e que nós, por suposto, non poderíamos apoiar porque non compartimos algunha delas está a cuestión dese plan de choque contra a pobreza infantil que vostede pide nesta iniciativa. Sobre todo porque a Xunta de Galicia está a traballar —como dixen antes— cos concellos e coas entidades sociais no desenvolvemento da Estratexia de inclusión social de Galicia e da nova Axenda Social de Galicia. Estamos a falar de que están a traballar conxuntamente Xunta, concellos e entidades sociais para loitar contra a pobreza infantil en Galicia. E, concretamente, no ano 2017 destínanse 107 millóns de euros para atender as persoas en risco de exclusión social en Galicia. Isto supón un incremento de 9 millóns de euros en relación co ano 2016 e un incremento de 73 millóns de euros en relación co ano 2009.

E vostede tamén solicita elevar a dotación da Risga. Nós aquí queríamos aclarar que as contías da Risga están definidas na Lei de inclusión social de Galicia, que a entrada en vigor dos novos tramos elevará os importes que perciban os beneficiarios e que, ademais, este ano se destinan 57,5 millóns de euros á Risga. Estamos a falar dun incremento importantísimo de 5 millóns de euros en relación co ano 2016 e de 65 millóns de euros máis que no ano 2009. E vostedes piden unha transición para pasar da Risga a esa renda básica da cidadanía. Nós isto non o imos compartir, porque, bueno, temos exemplos en Galicia, como pode ser a renda básica da cidadanía do Concello da Coruña, e non compartimos os éxitos que se podían esperar desa renda e os resultados efectivos que na realidade está a dar.

E, dende logo, hai medidas postas en marcha xa relativas á vivenda —do que vostede fala na súa iniciativa—: temos o Programa Reconduce para as familias en risco de execución hipotecaria da súa vivenda habitual. —estase a tramitar a incorporación das persoas afectadas polo impago—; o Programa Realoxo, o programa do bono alugueiro social, o programa de vivendas baleiras... Polo tanto, hai moitas medidas relativas á vivenda.

En relación cos orzamentos dos servizos comunitarios, hai que dicir que no marco do plan concertado se incrementou o orzamento do persoal dos servizos sociais comunitarios, concretamente un 22,40 %; que no ano 2016 son 60 novos postos de traballo de persoal técnico que en 2017 continuarán a incrementarse; que existe xa unha estratexia de inclusión social da poboación xitana 2014-2020 que prevé accións específicas dirixidas a acadar unha in-

clusión social plena —algo que vostede tamén reclama na súa iniciativa—. E, ademais, gustaríame rematar informando que no 2017 —como vostede ben sabe— os orzamentos destinan 123 millóns de euros á infancia e á adolescencia, 10 millóns de euros máis que no ano 2016 e o 126 % máis que no ano 2009. Ademais, ampliouse o bono coidado e ampliouse a tarxeta benvida.

Polo tanto, nós esperamos que, nesa oferta que vostede fai de chegar a un acordo e facer unha fronte común neste Parlamento hoxe contra a pobreza, a exclusión social e contra a pobreza infantil, poidamos chegar a un acordo con vostede con base na nosa emenda. Porque só coa suma do esforzo de todos poderemos poñer fin á exclusión social, e co desenvolvemento de políticas integrais, como as que acabamos de explicar, que permitan paliar os efectos da exclusión e da pobreza e atacar as causas que a provocan. Polo tanto, esperamos poder chegar a un acordo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

O BNG tamén vai apoiar esta iniciativa, e non tanto pola concreción de cada un dos seus moitos puntos, porque, efectivamente, pode interpretarse case como un programa electoral, un programa de goberno, e aborda moitas cuestións, cuestións de preocupación, é dicir, en conxunto a situación de pobreza, de vulnerabilidade, de exclusión, desde aspectos sociais, do ensino, sanitarios..., porque a pobreza é transversal en si mesma. En suma, fala esta iniciativa de desigualdade, de falta de equidade, dos sectores máis vulnerables e da situación estrutural.

Eu de entrada vou facer unha referencia a como rematou a deputada do Partido Popular esta intervención, a ese enfoque de que é unha responsabilidade de todos e de todas loitar contra a pobreza, de que sumemos esforzos, como se a situación de pobreza fora inevitable, como se se producira por espontaneidade e os responsables son as persoas que a padecen, como se esa situación non fora consecuencia das medidas que se foron tomando desde os diferentes gobernos directamente, ou polos gobernos ás ordes de quen realmente ostenta o poder, medidas lexislativas, medidas de recortes orzamentarios e medidas de exclusión. Entón, eu, nese escenario de que todos e todas estamos polo mesmo, pois, dende logo, non vou coincidir. Porque hai responsables da situación e hai que sinalar eses responsables da situación.

E a realidade é que as políticas de austeridade, de recortes, ditadas polos poderes que realmente mandan —chamémoslle Fondo Monetario Internacional, chamémoslle Bruxelas, chamémoslle «poder con maiúscula»— e logo aplicadas polos gobernos de Raxoi en España ou de Feixóo en Galiza pois potencian unha insultante concentración da riqueza; unha concentración da riqueza agravada por esa submisión dos gobernos aos ditados do poder,

que nos queren instalar no mantra de que, por exemplo, Galiza non é capaz de estar nunha situación diferente no plano económico, no plano do desenvolvemento dos nosos sectores produtivos, no plano de xerar riqueza e emprego de calidade para que os galegos e galegas poidan traballar e vivir dignamente do seu traballo. E logo, pois, claro, hai datos como que cada vez a riqueza está concentrada en menos mans e o dato de que Galiza é a quinta comunidade con máis ricos de España. É dicir, isto evidencia que non estamos diante dunha cuestión inevitable senón que estamos diante dun sistema e duns mecanismos que o que fan é que haxa concentración da riqueza e que logo haxa unha situación de exclusión da maioría.

Nos últimos anos saqueouse a máis do 90 % da poboación rebaixando os salarios, as pensións, as prestacións sociais, a atención sanitaria ou a educación dos fillos e das fillas. Entre tanto, os recursos públicos si foron para rescatar os bancos, e ningún deses miles de millóns cos que se endebedaron os diferentes gobernos foi para salvar as persoas en situación de exclusión, en situación de vulnerabilidade, senón que todo ese endebedamento foi para salvar os que xa o teñen todo.

E no BNG cremos que, efectivamente, hai que darlle volta a esa situación, que é posible darlle volta. É cuestión de vontade política e de cambiar, evidentemente, as prioridades. Porque estamos diante da pobreza en sentido amplo como a consolidación dun problema estrutural. Un número demasiado alto de persoas, de xeito individual ou en unidades familiares, non cobren as súas necesidades básicas: persoas desempregadas, persoas que teñen esgotado o dereito ás prestacións, persoas en situación de precariedade laboral, de temporalidade, de baixos salarios... Hai unha importante porcentaxe de poboación que depende das aportacións públicas, dos entornos familiares ou das achegas das ONG, persoas pobres, persoas empobrecidas, con carencias de carácter material, con trastornos psicosociais e con patoloxías... É dicir, situacións en moitos casos ocultas, porque hai unha situación tamén de vergonza, de que moitas desas persoas non queren que se saiba cal é a situación. Porque, se non fora así, esa visibilización da realidade tiña que ser moito máis evidente.

E por iso, dende logo, apoiamos esta iniciativa polo que dixen ao principio, porque, aínda sendo moi transversal e moi ampla, coidamos que o que fai é visibilizar a situación de pobreza, poñela en axenda, o que é tan importante. Porque son precisas solucións inmediatas para atender o inmediato, pero tamén son precisas solucións estruturais, é preciso garantir un sistema máis xusto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...redistribuír a riqueza, unha saída da crise que non sexa como a que está sendo neste momento, unha saída da crise cada vez máis desigual onde os que máis teñen seguen acaparando máis e onde os que menos teñen seguen repartindo menos cantidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da moción.

Señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, gústame particularmente —non sei que grupo foi, ou se foron varios— que entenderan esta iniciativa como unha fronte común contra a exclusión social. Creo que, polo menos, o Partido Popular o entendeu así. Pero ¿que sucede? Que nós a fronte común contra a exclusión social a entendemos dende a xustiza social, non só con medidas puntuais. Polo tanto, nese sentido as medidas presentámolas como un conxunto. Fálouse tamén de programa electoral, de programa de goberno. É que é un programa de mínimos, é un programa de mínimos que entendemos que é necesario para poder atallar esta situación. Só con aprobar algunha das medidas, pódese, si, paliar a situación dalgunhas persoas. Por iso non o menosprezamos e por iso valoraremos a votación por puntos, sobre todo se vostedes se comprometen a sacar adiante ese decreto que me dixó que ían apoiar, ese punto, sacar adiante ese decreto que regule a Lei de inclusión social. Porque é que eu teño aquí, por exemplo —podía traer moitos exemplos máis—, unha carta que se lle remite dende a Defensora del Pueblo á Plataforma Stop Desafiuzamentos da Barbanza, que xa en 2014 se queixaban de que a Xunta non desenvolvía esa lei. Pois en 2016 séguenlle indicando dende a Dirección Xeral de Inclusión Social que se dispón xa dun primeiro borrador inicial xa elaborado que está en proceso de análise. Levamos anos en proceso de análise, se vostedes se comprometen a sacar ese decreto, quédalles un mes para poder aprobar o que deriva desta moción, porque se trata neste período de sesións. Valoraremos a votación por puntos, polo menos neste punto. Pero nós entendemos todas estas iniciativas como un programa, como un conxunto, moi ben o definiron ambos grupos, o do BNG e o do PSdeG, aos que lles agradecemos o apoio a esta iniciativa aínda que seguramente, se baixamos a desgranar cada un dos puntos, terían matices. Por iso estamos tamén dispostas a transaccionar co Partido Socialista as dúas emendas, aínda que a primeira xa lles digo que seguramente non a aceptaremos —ao mellor podemos chegar a un punto—, e a segunda, transaccionala. Porque nós, aínda que nós non respectamos o que se fixo en 2010 nin estamos de acordo coa involución política que se produciu, cremos que neste momento é a nosa responsabilidade —e, dende logo, dende En Marea imos pór toda a carne no asador para iso— ter un programa de mínimos para facer un rescate social, ter un programa de mínimos, que significa trasladar esa maioría social que cremos que hai, e así está evidenciado nas Cortes Xerais, cunha maioría parlamentaria que permitiría un goberno de progreso que, polo menos, deteña as políticas máis lesivas contra a cidadanía.

E así presentamos esta segunda parte da iniciativa. Porque ten un apartado referido ás políticas que se poden impulsar dende a Xunta de Galicia e outro no que instamos o Goberno de España, no que, entre outras cuestións, se pide derrogar, evidentemente, a reforma laboral de 2012, que foi un dos factores principais da precarización do noso mercado de traballo e que é un dos factores fundamentais da vulnerabilidade e do risco de pobreza da infancia.

Polo tanto, medidas de mínimos, rescate social. Poñámonos de acordo, é posible. Por En Marea non vai quedar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

¿Necesitarán un tempo para a transacción? (*Pausa.*)

Necesitan un tempo para a transacción, imaxino, porque a cousa parece que é un pouco complexa. Hai 19 puntos. (*Pausa.*)

Podemos facer unha cousa se lles parece. Ao mellor podémola votar mañá. ¿Parécelles mellor que a votemos mañá? ¿Están todos de acordo en que votemos mañá esta moción? ¿Están de acordo os portavoces? ¿Votamos mañá esta moción coas PNL? Vostedes dirán se o podemos facer hoxe ou se o deixamos para mañá. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Para mañá? (*Afirmación.*) Vale, grazas.

Entón, debatemos agora as proposicións non de lei. Comezamos coa do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Encarnación Amigo.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e catro deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da mellora e clarificación da regulación da publicidade sanitaria, no relativo a centros, establecementos, bens e servizos, para evitar anuncios enganosos

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a través do Instituto Galego de Consumo e Competencia, garanta os dereitos cidadáns en termos de consumo de publicidade sobre centros, bens, establecementos e servizos sanitarios, desenvolvendo as accións de control e difusión que sexan precisas, e dotando orzamentariamente ao ente na medida necesaria para desenvolver ese labor.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

— Que mellore e clarifique a regulación da publicidade sanitaria no relativo a centros, establecementos, bens e servizos, para evitar anuncios enganosos, limitando especialmente todo aquilo que poida constituír un risco para a saúde, e contando para elo cos colexios profesionais, de acordo co que establece o artigo 27 do Estatuto que di que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva da publicidade.

— Que realice todas as actuacións precisas para evitar o intrusismo laboral en profesións que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias para a saúde, en especial:

— Realizar os labores de revisión e inspección para detectar o exercicio de servizos sanitarios sen a existencia da debida habilitación e capacitación profesional mediante a titulación correspondente.

— Non respaldar economicamente ningunha actividade que non conte con estes requisitos.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para que, nas normas ditadas polo Estado, mellore e clarifique a regulación da publicidade sanitaria.”)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Carmen Santos Queiruga e Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte emenda a esta proposición non de lei

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que esta inste o Goberno central a que, no ámbito das súas competencias, procedan a clarificar e mellorar a regulación da publicidade sanitaria, contando cos colexios profesionais, sindicatos e colectivos de persoas afectadas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boas tardes.

Hoxe traemos a este salón plenario un tema de interese xeral no que espero o acordo e apoio de todos os grupos parlamentarios. Quero comezar a miña intervención citando o artigo 37.1 do capítulo IX do Código de deontoloxía médica, de 1990. Este dispón: «A publicidade deberá ser obxectiva e veraz, non pode levantar falsas esperanzas nin propagar conceptos infundados.» En principio, a fronteira entre a información e a publicidade é bastante clara. Con todo, na práctica son dous conceptos que tenden a presentarse de xeito confuso e, moitas veces, camuflados. Citando a Martín García, di que «a obxectividade é característica propia da información, mentres que a suxestión, a tendenciosidade e a subxectividade o son da publicidade».

O ben máis prezado que ten o ser humano é a saúde, un aspecto da nosa vida que con demasiada frecuencia infravaloramos. Non nos damos conta da importancia que ten ata que a

perdemos, ben nós mesmos ou alguén próximo na nosa contorna. Só entón somos conscientes da vital importancia de coidar e protexer todo o referente á nosa saúde.

Nas últimas décadas, as empresas e os profesionais veñen investindo en campañas publicitarias coa finalidade de mover os consumidores e usuarios a elixir e consumir os seus produtos ou servizos, nun sector onde a competencia abunda e crece cada día. Todos estamos de acordo en que a publicidade é unha fonte valiosa de información para o consumidor, axudado a tomar unha decisión máis ponderada sobre aquel produto ou servizo que mellor se axusta ás súas necesidades.

Hoxe a medicina exerce de modo moi diferente a hai algúns anos, fundamentalmente no ámbito da medicina privada. Nas consultas médicas clásicas ás que estabamos acostumados o habitual era que o profesional atendese na súa casa, e a relación era directa, médico-paciente. A contratación e fidelización do paciente-cliente dependía da publicidade máis convencional, é dicir, o boca-orella, a propia experiencia e a posterior confianza.

Aínda que este tipo de relación non desapareceu, cada vez é máis frecuente atopar no mercado empresas ou sociedades que ofrecen servizos sanitarios a particulares. Estas empresas sanitarias moitas veces están conformadas por persoal non sanitario. Unha vez constituídas contratan os servizos de profesionais sanitarios cos que crean unha oferta que fan chegar a través da publicidade ao seu público obxectivo. Moitas veces a finalidade destas empresas non se basea tanto en ofrecer a mellor atención médica senón en recibir os mellores beneficios financeiros e atraer máis clientes.

Desde esta perspectiva, analizando o usuario dun servizo sanitario en sentido amplo como consumidor, non debemos esquecer que os poderes públicos han de despreñar unha actividade protectora dos dereitos dos consumidores e usuarios, prioritariamente no ámbito dos bens ou servizos de uso ou consumo común, e entre eles están incluídos os medicamentos, produtos sanitarios e os servizos sanitarios propiamente ditos, como odontólogos, médicos, servizos de enfermería, podoloxía, servizos hospitalarios, farmacéuticos ou veterinarios, entre outros.

A publicidade no ámbito sanitario exige, ademais, por estar en xogo non só os intereses económicos dos consumidores senón tamén o seu dereito á saúde, unha atención especial por parte dos poderes públicos. Se o principio de veracidade constitúe unha das bases do dereito da publicidade, cando se refire a produtos ou servizos médicos esta exixencia debe ser levada ao seu extremo. Nunha sociedade que busca con avidez noticias médicas que anuncian fórmulas case máxicas na curación e aínda na prevención das enfermidades, e que ten tendencia a crer cegamente nelas, a protección dos poderes públicos debe acentuarse desde a fase publicitaria.

Debemos amparar o consumidor e o usuario con normas que persigan a publicidade enganosa, que se manifesta neste ámbito como un dos principais riscos para a saúde dos cidadáns. No sector sanitario debería potenciarse o valor informativo da publicidade en detrimento do da suxestión ou da persuasión. En moitos anuncios de servizos ou actividades sanitarias apélase directamente a sentimentos humanos para convencer na contratación,

sen unha información completa e veraz sobre a súa utilidade ou aplicación, xogando así coa saúde das persoas e, en moitos casos, poñendo en risco a súa vida.

O impacto que pode ter, por exemplo, hoxe unha páxina de prensa escrita, unha imaxe de televisión ou un anuncio radiofónico desborda o imaxinable, á marxe do acceso á internet ou ás redes sociais, onde abundan estafas en forma de páxinas e perfís orientados a captar o usuario con solución para calquera tipo de desorde clínica, desde un crecepelo máxico ata noticias como a que tristemente coñecemos hai unhas semanas sobre un falso tratamento oncolóxico fornecido desde unha universidade do noso país.

E non quero pasar sen facer unha mención especial a determinadas terapias autodenominadas «homeopáticas» ou «naturais». Eu son reumatóloga de profesión e, desde logo, vin moitos casos de pacientes con enfermidades autoinmunes que teñen tratamento pero que son enfermidades crónicas e onde ás veces as terapias son agresivas e non están exentas de riscos secundarios. E os pacientes, ante a desesperación e a non aceptación da cronicidade, acoden en ocasións á medicina natural, onde se lles ofrece toda sorte de milagres —por suposto, sen efectos secundarios aparentes— e, por suposto, a curación. O único que obtén este paciente é o atraso do inicio do tratamento adecuado, que no caso destas patoloxías é vital cara á evolución e ao comportamento da enfermidade. Quero recordar que a cicuta é unha planta e é natural, pero mata.

¿Temos normativas sobre publicidade? Si, normativa comunitaria, relativa a prácticas comerciais desleais, pasando por normativa estatal —e non me vou poñer a nomear todas as normativas estatais que temos— e, por suposto, a nivel autonómico temos un decreto de hai case vinte anos polo que se regula a publicidade sanitaria na nosa comunidade autónoma. Aínda así, con toda esta lexislación, tanto europea como estatal como autonómica, algo está fallando.

E existen extremos conflictivos que deberían ser analizados antes de autorizar unha campaña publicitaria. É fundamental a transparencia e a veracidade da información e da publicidade sanitaria, e, por suposto, isto está regulado no Real decreto 1907/96, no artigo 7, no punto 1. A erradicación de actos de engano na publicidade sanitaria ten que ser primordial en calquera normativa. Tamén está recollido na Lei 29/2009. Tamén hai normativas sobre a utilización de persoas famosas en publicidade sanitaria. A publicidade sanitaria debería contar en cada caso coa información necesaria na oferta, toda a información necesaria. É importante a identificación do persoal sanitario que presta o servizo, como tamén é fundamental a obrigatoriedade da autorización administrativa previa de calquera tipo de publicidade que se faga neste sentido, coa finalidade de lograr un cumprimento exhaustivo da normativa. E, por suposto, é fundamental contar co apoio dos colexios profesionais.

En definitiva, temos leis, temos decretos sobre publicidade e promoción comercial de produtos, actividades e servizos, e o seu obxecto é regular estas situacións. Pero pensamos que, pola transformación e promoción publicitaria, nas últimas décadas esta regulación específica relativa á publicidade de centros, establecementos e servizos sanitarios precisa desenvolverse, e tamén delimitar de forma clara as competencias do Goberno central e do Goberno autonómico.

Por todo o exposto anteriormente, desde o Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que mellore e clarifique a regulación de publicidade sanitaria no relativo a centros, establecementos, bens e servizos para evitar anuncios enganosos, limitando especialmente todo aquilo que poida constituír un risco para a saúde e contando para isto cos colexios profesionais».

É todo por agora. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: A preocupación pola situación de publicidade enganosa, de intrusismo, de malas prácticas en actividades directamente profesionais, directamente sanitarias ou pseudosanitarias é patente en moitos colectivos. Algúns deles téñense posto en contacto cos grupos parlamentarios de aquí, neste Parlamento, para trasladarnos a súa preocupación ao respecto da mesma: fisioterapeutas, podólogos, odontólogos... Son algúns dos profesionais e das profesionais que se puxeron en contacto para, entre outras reivindicacións, trasladarnos esta situación; unha situación que ten consecuencias para os propios profesionais, que ven como se ofertan produtos que non se corresponden logo co ofertado, ou para profesionais que non teñen a habilitación nin a capacitación para desempeñar esas prácticas que ofertan. Entón, ten consecuencias para os profesionais en canto á competencia desleal e en canto á inxerencia, ao intrusismo, mais tamén e fundamentalmente para a poboación que recibe eses servizos, cando un dos obxectivos fundamentais ten que ser protexer a poboación deste tipo de prácticas. É relativamente fácil encontrar nas *webs* contidos pseudo-científicos, non acreditados, na maioría dos casos incluso perigosos, agochados por detrás de publicidades enganosas, de dobre sentido, co cal, como dicía antes, a salvagarda da saúde e da seguridade dos pacientes e cidadáns queda en entredito.

Preocúpanos que se estean usando tamén falsas terapias, produtos milagre, técnicas enganosas e que non teñen un substrato científico, experimentado, e efectividade recoñecida ou probada. Vemos como hai moitas destas cuestións que están proliferando ultimamente, en moitos casos cunha permisividade incluso eu podería chegar a dicir que pasmosa.

Estas pseudociencias, produtos milagre, falsas terapias e intrusismo, incluso, baixo, nalgúns casos, aspectos de medio misterio, incluso de seitas, deben, desde o noso punto de vista, ser combatidas. Co cal, estamos de acordo en que esta cuestión debe ser obxecto de preocupación e de ocupación, mais, como noutras ocasións, co que si xa non imos coincidir é co enfoque que lle dá o Partido Popular á hora de presentar aquí esta iniciativa; un enfoque do Partido Popular onde o que demanda é que o Goberno español tome medidas e clarifique o relativo aos anuncios enganosos.

O artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galiza —estatuto insuficiente, anémico e que non responde ás necesidades do noso país, mais hai algunhas cousas que contempla— di que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva da publicidade, máis

alá das cuestións que poida o Goberno do Estado desenvolver. Co cal, é evidente que non se poden botar balóns fóra e dicir que sexa o Goberno de Madrid quen tome medidas ao respecto. Temos competencias en Galiza e o BNG presenta unha iniciativa precisamente nesa dirección, na dirección de que este Parlamento inste a Xunta de Galiza a que mellore e clarifique a regulación da publicidade sanitaria no relativo a centros, establecementos, bens, servizos, tal como indica a iniciativa do Partido Popular, xa que o Estatuto establece que ten competencias en materia de sanidade. E ao mesmo tempo que se realicen todas as actuacións precisas para evitar o intrusismo laboral en profesións que directa ou indirectamente poidan ter consecuencias para a saúde, en especial realizar os labores de revisión e inspección para tentar o exercicio de servizos sanitarios sen existencia da debida habilitación ou capacitación profesional mediante a titulación correspondente, e non respaldar economicamente ningunha actividade que non conte con estes requisitos. Facemos esta petición porque tamén nos fixeron chegar, por exemplo o Colexio de Fisioterapia, unha denuncia dun centro anunciando actividades de pseudociencia, onde se ten demostrado que as persoas que están á fronte non teñen capacitación, habilitación, para desempeñar esa función...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato—, que foi obxecto de apoio económico por parte do Igape e que incluso o conselleiro de Economía louvou entusiasticamente esta acción de emprendemento.

Cremos que..., cremos non, é unha obriga da Administración pública e do Goberno galego loitar contra estas prácticas e, dende logo, non soamente loitar, senón non apoiar as que non se ateen á legalidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde. Hoxe non saio de aquí.

O Premio Nobel, Daniel Kahneman, falaba do exceso de confianza e dicía que moitas veces se dá porque somos pouco conscientes da información que temos da realidade, e que sempre cremos saber máis do que sabemos. En realidade, Kahneman probablemente non falaba especificamente de publicidade enganosa, pero vén bastante apropiado ao caso porque probablemente se dá ese efecto de creer que sabemos sempre moito e de que somos quen de xulgar moito a publicidade que recibimos, cando non é así, e probablemente por iso se producen moitas veces enganos e situacións como as que se pretende describir.

En todo caso, lendo a iniciativa, un pode chegar aquí e dicir que está de acordo e xa está, porque non dá para moito máis o debate. A pregunta é: ¿con que está de acordo un? Entón,

se un vai ler a iniciativa, a parte resolutiva: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que mellore e clarifique a regulación da publicidade», di: ¿mellore que?, ¿onde?, ¿como?, ¿mediante que ferramentas?, ¿con que medidas? ¿Que é o que hai que mellorar?, ¿todo?, ¿unha parte? Dirixirse ao Goberno de España para que mellore e clarifique... Regular a publicidade enganosa está xa na Lei 14/1986, que fala do control de publicidade e propaganda comerciais para que se axusten a criterios de veracidade. E cítase, ademais aquí, nesta iniciativa, o Real decreto 1907, do 1996, que di no artigo 1.2: «Os colexios profesionais no ámbito das súas competencias poderán participar e colaborar no cumprimento do establecido neste real decreto». Polo tanto, todo o que vén aquí nesta iniciativa é lexislación que ten vinte, trinta ou case trinta e cinco anos en vigor. ¿Que é o que hai que mellorar? Porque pode ser que haxa que mellorar algunha cousa, seguramente, pero ¿que?, ¿como?, porque facer unha iniciativa para dicir que hai que mellorar e non dicir nin que nin como pois é un pouco complicado. ¿Que é o que se plantexa? ¿Que é o que se pide?

Claro que un afronta ultimamente... Xa sei que ao señor voceiro, o señor Núñez Centeno, antes non lle gustou que o citara, pero crean vostedes un historial de iniciativas ultimamente en sanidade que... Señor presidente... Igual podemos volver cambiar o nome do hospital outra vez, pasamos o da Mariña ao da Costa, e logo o da Costa ao da Mariña. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor TORRADO QUINTELA: Se estou acostumbrado... (*Murmurios.*) Non... Grazas en todo caso, presidente; agradézollo.

Pero, dada esta iniciativa... O que é curioso é que non o mencionei pero vostede xa sabía que ía por vostede. Non tiña a conciencia moi tranquila coa iniciativa do outro día. Estivo ben.

En todo caso, iniciativas para impulsar o que se fai, iniciativas para mellorar pero non se di o que, iniciativas para cambiar o nome... Estou esperando polo informe do custo do cambio de nome, a sinalética, xa sabe.

Loitar contra o enganoso está ben e está ben loitar contra a publicidade que anuncia unhas cousas e logo fai outras... ¡Ai, se o aplicáramos aos gobernos! ¡Ai, se nas campañas electorais pasáramos todos por esa publicidade enganosa! ¡Ai! En fin, non vaia ser que despois... A min gustárame que vostedes acudiran ás campañas electorais anunciando que van cambiar o nome a un hospital..., (*Aplausos.*) que está ben, ¡eh!, que me parece ben.

En todo caso, sigo esperando. E por iso nós plantexamos unha emenda a esta iniciativa na que, ademais de solicitar ao Goberno de España, que a Xunta asuma algunhas competencias que ten e que pode exercer a través do Instituto Galego de Consumo e Competencia. A través deste organismo pódense basicamente garantir, como dicimos na emenda, certos dereitos cidadáns e, se é posible que existan cousas que mellorar —que, en certa medida, nós cremos que é posible e é certo que este problema da publicidade enganosa no eido sanitario ten algunhas cuestións que seguramente son axustables—, aínda que só sexa polo paso do tempo e as novas especialidades reais e as pseudoespecialidades ou pseudociencias que se achegan

— pois é posible que non estiveran reguladas no seu momento porque nin sequera existían —, agora seguramente poden ser incorporadas. Pero xa que iso é posible facelo, que se defina concretamente, que se garantan eses dereitos e que a Xunta o faga tamén, ademais de solicitar ao Goberno de España — que está ben — que o faga a través dos seus propios organismos: o Instituto Galego de Consumo e Competencia, como dicimos, e, no caso de ser necesario, que se dote orzamentariamente, se a situación exige que as medidas sexan dun implemento amplo de recursos ou se se necesitan intervencións grandes.

En todo caso, cremos que a emenda non aporta nada máis que o feito de que a Xunta se comprometa a facer o mesmo que se plantexa na iniciativa, no que nós estamos de acordo, pero estaremos dispostos a votar a favor se se acepta a emenda, porque o único que pide é que, ademais de pedirlle ao Goberno de España, que o fagamos nós tamén, porque temos competencias para iso como autonomía; é máis, no ámbito da publicidade temos probablemente bastantes máis.

Polo tanto, cremos que a emenda complementa, e, agardando que poida ser aceptada, esperamos a posición do Partido Popular para decidir o noso voto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Grazas, señor presidente.

Boas a todas.

O que máis nos sorprende ao Grupo de En Marea é como a través desta iniciativa intentan argumentar algo que non ten ningunha xustificación. A verdade é que léndoa así á primeira vista incluso nos podería parecer ben, salvo cando profundamos no trasfondo desta iniciativa, que non ten nin explicación nin lóxica.

Afirman que hai vinte anos que se publicou o Real decreto 1907/1996, do 2 de agosto; non obstante, segundo o PP de Galicia, a regulación específica relativa á publicidade de centros, establecementos e servizos sanitarios aínda precisa desenvolvemento. E tamén procede delimitar de xeito claro as competencias do Goberno central e as comunidades autónomas.

Como xa se apuntou e, polo tanto, non vou repetir, o Estatuto de autonomía de Galicia xa recolle claramente que temos competencia nisto; iso si, mete unha muletilla que pode servir como escusa para non legislar de xeito efectivo nesta cuestión. Pero como é sobradamente coñecido, dende En Marea non estamos de acordo con estas limitacións trampa ao noso autogoberno, que debe ser reforzado, non limitado, e que incluso aspiramos a incrementar.

Tendo en conta que o presidente da Xunta, o señor Feijóo, se autodefine sempre como militante de Galicia, con discursos e afirmacións grandilocuentes e vostedes tamén, pois estaría

ben que comezasen a practicar a dita militancia sen escusas nestas cuestións e en moitas outras cuestións, e máis nun ámbito tan sensible e delicado como é a información sobre as cuestións da saúde.

Esta PNL pensamos que realmente é unha cortina de fume, unha cortina de fume para non mollarse. Déixanos pasmadas que propoñan que o Goberno de España sexa quen clarifique de xeito unilateral a regulación da publicidade sanitaria galega, deixando a Galicia sen influencia directa nisto, con este tema tan grave, como vostedes mesmos acaban de expoñer.

Hai moitas galegas e galegos que non queremos delegar estas cuestións nin estamos de acordo na falla de compromiso e valentía á hora de executar as nosas competencias por parte do Goberno da Xunta. De feito, contamos coa nosa propia norma, que regula publicidade sanitaria en Galicia, o Decreto 97/1998, unha norma que, por certo, é do Goberno do señor Fraga e que imaxino que a persoa que expuxo esta iniciativa coñecerá, sobre todo resaltando o artigo 5, que, por falla de tempo, non vou citar.

Se as competencias da normativa estatal non están claras, tal e como din vostedes, deberían potenciar e fortalecer normas como esta para avanzar no autogoberno e para seguir potenciando as normativas galegas para regular a publicidade sanitaria en Galicia e evitar as estafas, por exemplo, como fixeron en lugares como Asturias, Murcia ou Aragón; co cal, non seríamos os primeiros.

Tamén nos resulta curioso o interese do Partido Popular sobre a regulación da publicidade sanitaria, que non é, sen embargo, proporcional á súa falla de interese e de entusiasmo para regular, por exemplo, a publicidade institucional. Por exemplo, o señor Feijóo comprometeuse a impulsar unha lei de publicidade institucional, unha lei que nunca viu a luz. Claro, aprobaron a Lei de transparencia e bo goberno, unha lei sen dotación orzamentaria que citan pero que nunca executan, máis alá de falar dela no seu aparato de propaganda. Pero ¡vaia!, que é algo que non nos sorprende, e o cal non significa que vaíamos normalizar, por exemplo, a corrupción, como fan vostedes. Algo que me apena ver nesa bancada é moitas persoas —que non vou citar por respecto a elas— que considero que a título individual son persoas honradas e que son os verdadeiros casos illados do PP, partido imputado 2.0.

Como nos dicía un compañeiro esta fin de semana, falando da moción de censura a Rajoy presentada polo noso grupo confederal, Pedro Honrubia: *«La corrupción no es una cuestión ética, pero el discurso contra la corrupción y sus efectos en la vida cotidiana de las personas si tiene que serlo. Nuestro pueblo es digno; ellos, indecentes,»* —por vostedes, claro— *«no nos representan porque no se parecen en nada a nosotros. Nos hacen sentir verguenza de la imagen que dan de nuestro Estado al mundo, de sus prácticas y de su falta de empatía con el sufrimiento de la gente común. La corrupción no es una cuestión ética, pero echarlos, la necesidad de echarlos, si lo es»*.

Cito isto porque a comezos do ano pasado o seu goberno, o do partido imputado, e Rajoy —sucursal Feijóo—, adxudicou máis de 341.000 euros a oito medios de comunicación sen pasar polo trámite de contratación regrada, transparente e que permitise a libre concorrência. Da dirección da TVG e da Radio Galega, da súa ausencia e rigor e da independencia na información mellor nin falar. Hoxe parece que houbo unha purga nos seus órganos de

dirección. A ver como nos vai, aínda que medo nos dá, e mais tendo as eleccións municipais por diante. Xa sabemos que son expertos en facer [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.)*

O relevante é que queremos que non exista...

O señor PRESIDENTE: Esa expresión non é correcta...

A señora SANTOS QUEIRUGA: Bueno, pois presuntamente.

O señor PRESIDENTE: Non, non, nin presuntamente.

Esa expresión non é correcta. Afortunadamente, este é un sistema democrático validado xa.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Pois presuntamente na campaña...

O señor PRESIDENTE: Non, non, esa expresión non é correcta, señora Santos; polo tanto, queda retirada.

A señora SANTOS QUEIRUGA: O relevante —e xa vou rematando— ...

O señor PRESIDENTE: Si, remate xa.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...é que queremos que non exista nin publicidade nin información enganosa en ningún asunto, ¡en ningún!, que se mollen e que fagan uso das súas competencias, que se cumpran as leis, as leis e os principios éticos, que moitas veces non son regulados nos parlamentos pero que non deixan de, por iso, existir na cidadanía e que son de consenso na maioría social. Non podemos asumir unha vez máis a deixadez de funcións do Partido Popular de Galicia pasando a pelota ao Goberno central con esta iniciativa e que contén con máis profesionais e con colectivos de persoas afectadas.

Preguntámonos que interese teñen nisto de non legislar e de executar a súa competencia. Agora ben, en mostra da nosa boa vontade e de que si que nos interesa esta cuestión..., *(Murmurios.)* —si, si porque, ademais, estamos preparando iniciativas sobre isto— solicitamos a seguinte emenda... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Por favor, ¿pode mandarlle calar ao seu grupo?

O señor PRESIDENTE: Si, si. Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...de modificación... —eu entendo que hai dor na situación—, xa que para o Grupo Parlamentario de En Marea se debe substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte: O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia e o Goberno central a que, no ámbito das súas competencias, procedan a clarificar e a mellorar a regulación da publicidade sanitaria, contando cos colexios profesionais, sindicatos e colectivos das persoas afectadas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Se se produce esta substitución, apoiarémola. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Agradezo a todos os grupos o interese que puxeron nesta iniciativa e as achegas que fixeron en forma de emenda.

Anúnciolles que lles farán chegar unha proposta de transacción porque creo que, en materia de sanidade, temos que ir da man; é o único xeito de ir avanzando.

Con respecto aos señores das Mareas de Podemos, pídolles que falen en serio se vostedes queren que nós os tomemos en serio. *(Aplausos.)*

Señor Torrado, falando de publicidade, recoméndolle esta publicidade enganosa do seu grupo político na que pedían o voto e dicían que lles iamos cobrar por ir ao médico: unha consulta 67 euros, ou unha ecografía. Está aquí, remítome aos feitos, e a publicidade está aquí. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Vou seguir. Desde logo, desde o Partido Popular... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...estamos moi orgullosos da sanidade que temos.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Coñezo ben ese cartel. Que non volva planear outra vez.

Silencio, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Os esforzos económicos e a blindaxe que fixo o Goberno galego durante os últimos anos en política sanitaria contribuíron a que hoxe en Galicia teñamos unha sanidade pública de primeira orde, preparada para afrontar os retos do século XXI, cunha planificación de futuro á que tanto os seus recursos humanos como técnicos lle dan soporte.

Durante os anos de crise económica, Galicia non escatimou nin un só euro para mellorar a sanidade, construíndo e modernizando hospitais e centros de saúde por todo o territorio, dotándoos da mellor e máis moderna tecnoloxía e aparataxe, e aumentando en todas as áreas sanitarias a carteira de servizos.

En sanidade non se pode parar, cada vez aparecen máis e mellores tecnoloxías, máis e mellores terapias, e os gobernos nunca se poden conformar cos logros, teñen que ser ambiciosos e estar sempre á vangarda do coñecemento, da investigación e da tecnoloxía. Todo isto o Goberno de Alberto Núñez Feijóo soubo velo e púxoo en práctica durante os seus mandatos,

e así a Galicia mírana con envexa dende outras comunidades autónomas pola boa xestión que se practicou nos últimos anos. Os logros en hospitais e centros de saúde novos ou renovados en equipamentos tecnolóxicos, en redución de listas de espera, en rendemento cirúrxico ou en novos dereitos dos pacientes fan insostible o discurso dalgúns que queren deteriorar a sanidade pública. Dende o PP demostramos que cremos na sanidade pública, pero tamén cremos que a sanidade privada é un elemento complementario positivo, sempre que, tal e como propoñemos hoxe, actúe dentro duns límites regulados.

Estamos nunha sociedade libre. O cidadán pode elixir entre unha excelente sanidade pública e, se é a súa decisión, tamén pode optar por servizos de empresas de sanidade privada, e tamén pode optar por todo tipo de produtos. A nosa misión non pode ser limitar; nunca podemos limitar a liberdade do cidadán. A nosa misión é garantir que esas eleccións que fai as faga convenientemente informado de cales son as características reais do produto ou do servizo que está adquirindo e tamén dos seus potenciais riscos.

Repito, o Goberno está para velar polos intereses dos cidadáns e ha de protexelos, independentemente de que tipo de sanidade elixan. Como dicía na miña primeira intervención, a saúde é o ben máis prezado que temos. Sería unha mágoa que non a protexeramos en temas como o que hoxe traemos a esta Cámara, a publicidade enganosa, e que persoas desaprensivas, sen ética ou sociedades que carecen de principios fixesen mella nela.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Mañá, ou á tarde, non sei, xa nos fará chegar a proposta de transacción.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre o mantemento e promoción pola Xunta de Galicia das axudas na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago, como mínimo, ata o ano 2020

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a manter e aumentar as axudas nas Áreas de Habilitación, con especial atención á dos Camiños de Santiago e aos ámbitos específicos do rural, así

como a elaborar un informe no que se avalíe o impacto e se establezan melloras para incrementar o seu impacto.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir dous parágrafos na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedarán redactados co seguinte contido:

«Duplicar o orzamento previsto para as axudas da Área de Rehabilitación do Camiño de Santiago.»

«Avaliar mediante informe que será redactado anualmente, os resultados acadados polo Programa “Vivendas no Camiño”, dando traslado do mesmo á Cámara galega.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha as medidas que sexan precisas para incrementar o nivel de execución orzamentaria dos plans de rehabilitación de vivendas».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Ninguén dubida hoxe en día de que o Camiño de Santiago é un recurso fundamental para Galicia. É un recurso que ten unha dobre vertente: unha vertente externa como imaxe de Galicia, como recurso turístico, cultural e patrimonial; pero tamén unha vertente interna, de país, como elemento vertebrador, integrador de territorios e xentes, das catro provincias, de núcleos de todos os tamaños, propiciando un equilibrio entre o rural e o urbano, entre a costa e o interior. A traza terrestre das rutas xacobeas da nosa comunidade autónoma afecta 107 concellos; é dicir, un terzo dos concellos de Galicia están afectados por algún dos camiños de Santiago. O Camiño de Santiago, na nosa opinión, ten que ser un recurso económico e social para as poboacións polas que transita e, sobre todo, para a veciñanza do Camiño de Santiago, que debe sentir que as administracións públicas tamén teñen como obxectivo mellorar a súa calidade de vida, ao tempo que se contribúe a valorizar a ruta xacobeá, o seu patrimonio e a súa contorna.

Unha das medidas pensadas, precisamente para a preservación do Camiño, da súa identidade e da súa paisaxe construída, é a declaración de Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago en Galicia. A chamada ARI dos Camiños de Santiago en Galicia foi declarada pola Comisión Bilateral de Vivenda o 17 de decembro de 2010, no marco do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012, asinando un acordo para estes efectos o Ministerio de Fomento do Goberno de España e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas daquel momento. Este acordo ampliaba a ARI do Camiño francés, declarada con anterioridade, ao resto dos camiños de Santiago en Galicia, polo que suporía unha maior marxe de dotación en todo o territorio galego.

Esta ampliación non implica a existencia de sete ARI, senón que se trata dunha única ARI que comprende todas as rutas, e esta singularidade supón que sexa o IGVS quen xestione directamente as devanditas axudas. A declaración da ARI do Camiño de Santiago é unha aposta do Goberno galego pola valorización da ruta xacobeá, pero sobre todo é unha aposta pola veciñanza das parroquias, vilas e cidades que forman parte desta importante ruta de peregrinación, no sentido de ofrecerlles unha liña específica para axudalas a conservar o seu patrimonio máis importante, a vivenda.

Deste xeito, a Administración quere contribuír a axudar os veciños e as veciñas na tarefa da conservación, mantemento e rehabilitación das súas vivendas, xa sexan de carácter unifamiliar ou edificios de vivendas. Por iso, os destinatarios destas axudas, como xa saben todos vostedes, poden ser persoas propietarias únicas de edificios ou de vivendas, tamén as comunidades de propietarios ou as agrupacións de comunidades de propietarios de vivendas.

Territorialmente son 445 parroquias destes 107 concellos as que se poden beneficiar das axudas desta área de rehabilitación. Segundo a propia normativa, nos concellos rurais as axudas son aplicables na totalidade da parroquia pola que discorren as rutas do Camiño de Santiago, mentres que nas zonas urbanas a área de rehabilitación límitase á traza do Camiño. En ambos os dous casos non se incluírán as vivendas que xa están afectadas por outra ARI xa declarada, que, como tamén saben vostedes, son 70 en total en Galicia.

Desde que se realizou a declaración da Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago asináronse tres acordos co Ministerio de Fomento para financiar actuacións na referida área de rehabilitación nos anos 2011, 2012 e 2015. Grazas a estes acordos, puidéronse realizar dúas convocatorias de axudas: unha primeira convocatoria no ano 2011, con cargo á que se rehabilitaron 130 vivendas, cun investimento de 900.000 euros, e unha segunda convocatoria no ano 2016, con cargo á cal se rehabilitaron 125 vivendas, cun investimento de preto de 600.000 euros, e outras 235 están en trámite por un importe de máis de 1,1 millóns de euros.

Sabemos que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten preparada xa unha terceira convocatoria, tal e como explicou a conselleira na súa comparecencia ante esta Cámara no pasado mes de abril. Esta convocatoria ten unha previsión de investimento de máis de 2,1 millóns de euros e incardínase na prórroga do Plan estatal de vivenda 2013-2016, efectuada polo Goberno para este ano 2017.

Desde a nosa opinión, o programa Vivendas no Camiño ten un potencial maior do xa amosado ata o de agora. Por iso, hoxe traemos a esta Cámara o noso interese para que este programa perdure máis alá da xa anunciada convocatoria deste ano.

Non podemos esquecer que a ruta xacobeá ten un carácter eminentemente rural, xa que a maioría deses 107 concellos que a conforman son pequenas vilas e pobos. Máis da metade dos concellos teñen menos de 6.000 habitantes, polo que contribuír á rehabilitación das vivendas e axudar os seus habitantes é contribuír á fixación da poboación no medio rural de Galicia, un obxectivo que debe ser participado por todos os grupos políticos, na nosa opinión.

Ademais, a cultura da rehabilitación debe calar entre o pobo galego como unha forma de manter o noso patrimonio, pero tamén como unha medida sustentable cara a preservar o medio ambiente. Rehabilitar non significa quedar ancorados no pasado, senón, precisamente, utilizar a rehabilitación para dotar o parque construído dos avances e medios actuais para dar maior comodidade e eficiencia á vivenda.

As diferentes actuacións protexibles contempladas no programa Vivendas no Camiño refrenda esta idea, xa que van destinadas a aspectos distintos, pero complementarios entre si, tales como as destinadas a garantir a seguridade, a salubridade, a envolvente para protexelas da auga e da humidade, o aforro enerxético, a accesibilidade, e mesmo as condicións de adecuación ao contorno e á protección do patrimonio cultural e paisaxístico.

Temos, pois, un instrumento moi importante para contribuír a mellorar as condicións da habitabilidade das vivendas afectadas polo Camiño de Santiago, e debemos de ser quen de sacarlle o maior proveito posible. Por iso, tamén debemos de ser capaces de sensibilizar os posibles beneficiarios para que utilicen estas axudas e as administracións implicadas para que sexan áxiles na súa tramitación, xa que o procedemento administrativo non pode ser un freo á hora de facer efectivo o programa.

Con estes obxectivos e o reto do próximo Xacobeo 2021 non podemos perder a oportunidade de seguir mellorando Galicia a través do Camiño de Santiago.

E, por todo o exposto, o Grupo Popular trae a esta Cámara esta proposición non de lei para que o Parlamento de Galicia inste a Xunta de Galicia a manter e promover as axudas na Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago nos próximos anos, e, como mínimo, ata o ano 2020.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, boa tarde a todos e a todas.

Ao fío desta iniciativa, a verdade é que desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos unha dúbida, ou máis ben un temor, e é se, señorías do Partido Popular, van

botar os tres próximos anos, e despois un ano máis, até 2021, facendo esas iniciativas, que, con todo o respecto e acuñando algo que comentou ao fío doutra semellante o meu compañeiro Luís Bará, son «iniciativas botafumeiro», porque, mirenen, nós fomos moi construtivos cando vostedes presentaron unha iniciativa ao fío da necesidade dunha tarxeta para peregrinos e peregrinas e cando falamos nesta Cámara dos itinerarios culturais, pero é un pouco cansino, porque temos agora diante nosa unha iniciativa, unha proposta, que sae dos propios plans de goberno, en concreto do Plan RehaVita 2015-2020, case de forma literal. Está ben, pero non negarán que é un pouco preocupante que o propio Grupo Parlamentario do Partido Popular teña que instar o Goberno do Partido Popular a facer os seus deberes, e que teñan que recordarllo. E neste caso é máis hilarante aínda, porque é algo continuamente reiterado vía notas de prensa. Sen ir máis lonxe, teño aquí unha nota de prensa de Turismo.gal do 29 de decembro de 2016, e aparece non só o contido desta iniciativa, senón que é máis ambiciosa, e é máis ambiciosa porque tamén nos anuncian unha campaña de publicidade para estender a cultura da rehabilitación e difundir neses 107 concellos aos que vostede facía referencia exposicións e xornadas técnicas para a rehabilitación. Entón, é unha magoa que rebaixen o nivel de ambición.

É máis, na iniciativa só faltan das axudas ás ARI do Camiño de Santiago, e non falan dalgũa outra. De feito, tamén sorprende que se limiten a 2020. Sexan un pouco ambiciosos, teñan esa ambición que tiveron para prorrogar as axudas aos colexios privados e transcendan a lexislatura; total, neste asunto, seguro que atopabamos moita máis vontade de consenso —esperemos— en futuros gobernos alternativos que no caso do ensino privado.

En todo caso, tamén nesa nota de prensa, tamén en anuncios posteriores, falaban de 3,2 millóns xa reservados para o 2017 e demais, pero se imos ao Plan RehaVita tamén, á súa versión longa, non á versión resumida, que tamén está dispoñíbel para o seu acceso, dise literalmente: «O Instituto Galego de Vivenda e Solo ten previsto destinar ás políticas de rehabilitación e renovación urbana no período 2015-2020 preto de 134 millóns, etc., dos que 109 van destinados ás axudas de rehabilitación, etc.» E fai mención específica aos dos Camiños. ¡Vaia!, que é algo que xa saben que van facer, e aínda poñen a venda antes que a ferida, non vaian non cumprir todo o que din no seu plan.

En fin, con todo, nós entendemos que as ARI son unha cuestión necesaria. Son importantes especialmente en territorios como os que abrangue o Camiño de Santiago, pero entendemos que a Xunta ten que facer algo máis. Por iso, propoñemos que se elabore tamén vía emenda un informe no que se avalíe tanto o impacto que están a ter este tipo de axudas na sociedade, como que se establezan melloras, tanto de protocolos como de contías nas axudas, para aumentar ese impacto, porque aínda que no Plan RehaVita se fai mención a diversos datos e demais, o certo é que non se fai unha análise rigorosa de cal foi ese impacto por niveis e perfís económicos, por ser primeiras ou segundas vivendas, por estar en determinados territorios, por ver se é desigual ese impacto ou non e demais ou por ver algo tan elemental e que sería tan interesante como o tipo de obra que se acaba axudando a facer. Como vostede dixo, contempla actuacións de múltiple índole que poden ir desde algo tan elemental como as canalizacións a algo xa máis ambicioso como avanzar na eficiencia enerxética, ou ser destinadas simplemente a cumprir con aquelas imposicións que por parte de Patrimonio se fan para o exterior das vivendas.

Entón, xulgamos que sería interesante avaliar iso, porque nós, polo noso contacto co territorio, temos recibido moitas queixas a respecto da idoneidade da xestión, da tramitación dos prazos e de cuestións que desincentivan para moitos usuarios e usuarias potenciais.

Tamén entendemos que é fundamental enfrontar o aumento das contías, e iso tamén se recolle na nosa proposta. Esta consellería é unha das que máis recortes acumula desde 2009, e nós entendemos que moitas das axudas non alcanzan de forma suficiente as necesarias melloras que habería que facer a través destas axudas.

E todo isto xa sen entrar no fondo político de que deberíamos falar tamén doutras cuestións pendentes que hai no Camiño en materia de axuda, como, por exemplo, ese anuncio que fixo o señor Feijóo, cando veu o señor Méndez de Vigo por estas terras, de que implementarían axudas para protexer os BIC, que si que sería unha novidade e que agardamos que tamén se vexan verificadas nalgunha iniciativa, e que exixamos á Xunta e ao Estado algo tan elemental como iso, ou algo tan elemental, como temos reclamado e como recentemente teñen anunciado algunhas asociacións de patrimonio, como que denunciarán diante da Unesco esas agresións ao Camiño Primitivo e ao seu desmantelamento pola vía da praxe e pola vía da inoperancia por parte da Xunta de Galiza.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Voltamos atoparnos unha vez máis cunha iniciativa das que enchen de sentido este Parlamento, e, por suposto, dígoo con ironía. *(Aplausos.)* Son xa tres as ocasións durante esta lexislatura nas que anuncian a existencia deste programa de rehabilitación e nos falan das súas intencións de seguir apostando por el.

Permítanme que lles adique, con todo o cariño, o texto daquela canción dos Celtas Cortos que di: «*Cuéntame un cuento y verás qué contento, me voy a la cama y tengo lindos sueños*». Esta é a sensación que nos dá esta e outras iniciativas que traen aquí unha e outra vez, anunciando como novidoso o que non é máis que unha política continuísta. E o certo é que lles gusta contarnos contos. A diferenza entre vostedes e nós é que vostedes, tras contalos, marchan para a cama e dormen tranquilos, pero nós e os cidadáns, non. ¿E por que falo de contos? Porque todo o relato ten un pouco de mensaxe e un pouco de ficción, e ambas as dúas cousas non llas vou demostrar eu, senón os números que están detrás deste programa e que xa medio confirmou a señora Antón.

Teño que repetirlles o xa dito nesta Cámara: non vemos mal a existencia dos plans que están en vigor en materia de rehabilitación, nin sequera este programa de Vivendas no Ca-

miño, pero, sexamos claros, as cifras que os preceden, o éxito da súa execución durante o pasado ano, falan por si mesmos. Estamos a falar dunha política de rehabilitación que supón un 0,024 % do total do orzamento da Xunta de Galicia. O pasado ano destináronse, segundo as ordes que acompañaron as axudas do programa Vivendas no Camiño, un total de 2.700.000 euros. Dado que a contía máxima de axuda é de 11.000 euros por vivenda, dedúcese que o número de beneficiarios que optan á subvención máxima é dun total de 245. Gustaríanos saber cal foi realmente —xa medio o comentou vostede— o número de beneficiarios do pasado ano, tendo en conta que o grao de execución do orzamento en rehabilitación do total da Consellería foi dese 15,8 %. ¿Cantos galegos e galegas se viron beneficiarios por este programa? Vostede apuntaba uns cento e pico. ¿Por que contía? ¿Canto se executou realmente?

Como estes datos non os temos, falemos daqueles que si coñecemos. No tramo do Camiño Francés, ao redor dun 60 % do patrimonio residencial construído son vivendas principais, unhas 48.000. As axudas están pensadas só para vivendas principais; polo tanto, deixan fóra entre un 30 % e un 40 % das vivendas situadas no ámbito dos Camiños de Santiago. Centrémonos, pois, nas vivendas principais. Desas, as que optarían a unha axuda máxima de 11.000 euros son, como xa dixemos antes, un total de 245, o que significa que por cada trazado do Camiño serían unhas 35 as vivendas beneficiarias das axudas —digamos por cada Camiño, neste caso do Portugués—. Visualicemos isto e vexamos o impacto en quilómetros. A suma de todos os trazados dos Camiños de Santiago dá un total de 1.100 quilómetros. 35 vivendas sería falar da rehabilitación dun tramo duns 175 metros lineais, tendo en conta as medias de parcelas en situacións acaroadas en tramo urbano e con vivendas a ambos os lados. O Camiño da Prata ten 194 quilómetros de trazado; polo tanto, se as axudas afectan un tramo duns 175 metros lineais nun trazado de 194 quilómetros, falamos dunha incidencia en quilometraxe de 0,09 %. ¿Danse conta do ridículo desta cifra? De verdade, ¿non se dan conta?

No caso do Camiño Francés, segundo os datos que se teñen de vivendas principais, hai preto dunhas 48.000; polo tanto, 35 vivendas beneficiarias de 48.000 é un 0,07 % do impacto das axudas sobre o total edificado. E se atendemos a que o grao de execución do orzamento do pasado ano foi do 15,8 % para a Consellería, ¿de que estamos a falar?, ¿de seis vivendas en cada tramo do Camiño? ¿dun 0,1 % de impacto? ¿Non me dirán, de verdade, que as cifras non son ridículas?

¿Entenden agora por que lles digo que o que vostedes traen aquí é un conto? ¿Como poden pensar que isto pode ter algún tipo de impacto na política de rehabilitación de Galicia? Para poder contestar todas estas preguntas, hoxe aquí pedímoslles, primeiro, a redacción dun informe anual que permita coñecer a verdadeira incidencia destas axudas no parque de vivendas do ámbito dos Camiños de Santiago. É preciso coñecer o tipo de actuacións que se están a levar a cabo, as que, sendo solicitadas, son desestimadas, e o porqué, e os tempos entre o inicio do trámite, a consecución da cualificación definitiva e a adxudicación da axuda.

E, segundo, para abandonar ese grao de ficción, incrementen seriamente o orzamento. A realidade é que esta cuestión é complicada de taxar a día de hoxe porque nos orzamentos deste ano á partida prevista para o programa Vivendas no Camiño non lle asignan unha cifra

concreta. Nós propoñemos que o concreten duplicando as cifras dos 2.700.000 que o pasado ano destinaron a este fin.

Pedímoslles, polo tanto, e dado que xa teñen claro coa iniciativa de hoxe que queren seguir apostando por este programa, que tomen decisións e deixen de improvisar finais para este conto.

Se queren que hoxe todos durmamos felices, poñan os medios necesarios para que todo o que soñen para o rural e para as melloras dos ámbitos do Camiño de Santiago sexa unha realidade e non ficcións, que, por repetidas ata a saciedade, asegúrolles que non se tornarán por si soas en reais.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe temos que posicionarnos ante outra desas PNL que o PP trae ao Parlamento para cubrir a ficha. Xa comentei noutra intervención que o Partido Popular converteu as PNL nun xénero literario; de ficción, evidentemente. Trae as PNL para que pareza que fan sen facer nada e para instar o Goberno da Xunta a que continúe cun plan que é claramente insuficiente, que non resolve as dificultades dos galegos e das galegas para acceder a unha vivenda digna e, como vén acontecendo, son plans aos que poden acceder moi poucas persoas e deixando gran parte dos orzamentos sen executar.

No ano 2016, Programa 451A, de fomento da rehabilitación, orzamento adicado, 13.598.352, dos cales se executaron 2.157.577; un 15,8 % de execución. Este creo que é un dato que será suficiente para xustificar a nosa emenda e creo que claramente reflicte o compromiso que ten o Partido Popular coas políticas de rehabilitación de vivenda.

Por este motivo propoñemos unha emenda de substitución para que en vez de instar a Xunta a manter e promover as axudas na Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago nos próximos anos, instemos a Xunta para que poña en marcha as medidas que sexan precisas para incrementar o nivel de execución orzamentaria dos plans de rehabilitación de vivenda, porque manter e promover entendemos que é a obriga da Xunta de Galicia cando anuncia un plan. E, dada a situación coa vivenda, se traemos unha proposta a este pleno, que sexa para mellorar o que temos e non para dar palmadiñas na espalda a unha institución que non está á altura das necesidades da cidadanía en materia de vivenda.

O motivo polo que o Partido Popular non toma en serio as políticas de rehabilitación de vivenda é por unha cuestión ideolóxica, porque vostedes non cren nestas políticas. Vostedes

non queren facer plans de rehabilitación, e fano por dar resposta ás directivas estatais e para cubrir a ficha e que pareza que fan cando non fan. A política de vivenda da Xunta de Galicia é puramente cosmética e superficial, que non ataca a estrutura dun modelo que focaliza a vivenda como un negocio e non como un dereito. Non existe unha política de vivenda que garanta o dereito a unha vivenda digna para todos os galegos e as galegas. Tanto a lexislación como os orzamentos son insuficientes para afrontar con éxito a solución a este drama que viven centos de familias ano tras ano. Os resultados demostran a ineficiencia e a falta de vontade por parte da Xunta de Galicia.

O balance dos programas de prevención e realoxo das persoas desafiuzadas é desolador e, ante isto, o PP presentou mínimos cambios para este exercicio; nula avaliación crítica sobre os resultados das políticas aplicadas nos últimos anos e unha aposta orzamentaria moi tímida, cun baixo nivel de execución. Incrementouse o orzamento do Programa de rehabilitación de vivenda, que, de pouco serve se non se executa, mentres se estancou o esforzo para o Programa de acceso á vivenda.

Os datos de execución destes programas e o descenso da actividade de rehabilitación nestes anos son moi evidentes e as actuacións de rehabilitación incluso nas vivendas propiedade da Xunta de Galicia brillan pola ausencia. Os datos oficiais do IGE mostran un brusco descenso dende o ano 2009.

As políticas do Partido Popular en materia de vivenda son políticas que entenden a vivenda como un ben co que facer negocio. E é por iso que as políticas do Partido Popular en materia de rehabilitación son as da insuficiencia: plans que soan ben, pero que ou contan con orzamentos moi insuficientes e estes non se executan ou o acceso ás ditas axudas é unha carreira de obstáculos que fai que sexan moi poucas as persoas as que poden acceder ás ditas axudas. O que están a facer hoxe con esta iniciativa é que pareza que fan mentres non fan, cubrir a ficha e que nada mude.

En Galicia hai máis de 300.000 vivendas baleiras, mentres se executan cinco desafiuzamentos diarios. Estamos moi por debaixo da media europea en canto á cota do mercado do alugueiro social e en canto a investimento en políticas de vivenda con respecto ao PIB. Non estamos a dar resposta ao dereito á vivenda, unha das materias pendentes do Partido Popular de Galicia. E o que se lle ocorre ao Grupo Parlamentario do Partido Popular para colaborar en materia de vivenda é traer unha PNL para instar a Xunta de Galicia a que manteña o rumbo, a que cumpra co seu plan da insuficiencia.

A garantía do acceso á vivenda segue sendo unha materia pendente en Galicia, un fracaso que está a producir un gran sufrimento. Só se tomaron medidas de maquillaxe que son incapaces de facer fronte a un problema de enorme magnitude. O dereito á vivenda e o recoñecemento desta como ben de primeira necesidade recóllese na Declaración universal dos dereitos humanos desde hai máis de cincuenta anos; sen embargo, o acceso á vivenda digna en Galicia segue sendo un problema.

Polo tanto, non imos apoiar a súa PNL de mentira. Nós si tomamos moi en serio o traballo institucional; parécenos que as dificultades que teñen moitas familias para acceder a unha

vivenda digna é un drama que se merece algo máis de seriedade pola súa parte. E pedimos que acepten a nosa emenda para que, cando menos, a Xunta de Galicia execute os orzamentos dos plans de rehabilitación de vivenda cos que se compromete.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Antón.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Eu non vou entrar en se era necesaria ou non necesaria esta proposición non de lei porque, como ben teñen dito moitas veces nesta Cámara vostedes, cada grupo trae as proposicións que considera necesario.

Pero si vou recordar a comparecencia da conselleira de Infraestruturas e Vivenda do pasado 24 de abril, a petición propia, nesta Cámara, para explicar as liñas de actuación dos programas en materia de rehabilitación de vivenda. Parece que vostedes non estaban aquí ou, polo menos, estaban ausentes, ou non escoitaban —non o sei moi ben—, porque esa comparecencia —da que eu quero destacar dúas cousas— vai servir para que explique por que rexeitamos as emendas presentadas a esta proposición non de lei. Unha, os orzamentos, porque todos os grupos presentaron nas súas emendas unha referencia á necesidade de duplicar os orzamentos, así, en xenérico. E, entón, así, en xenérico, explicou a conselleira que o orzamento para a rehabilitación en 2017 se incrementou un 19 % con respecto ao 2016, destinando a este fin máis de 29 millóns de euros, aos que hai que engadir 10 millóns de euros do Fondo de Cooperación cos concellos. E no que atinxe ao programa específico das áreas de rehabilitación —como dixen antes, 70 en Galicia—, destínanse 12 millóns de euros; é dicir, un 30 % máis de fondos que o ano pasado.

A señora Presas tamén quere facer —non sei se por simulación— emendas botafumeiro, e entón a emenda botafumeiro que ela presenta tamén é para facer que fai. Presenta unha emenda para dicir: bueno, xa fixen o meu traballo, presento unha emenda ao que é a proposición non de lei. Pero realmente —como dicía antes— non debía de estar vostede moi atenta cando a conselleira nesa intervención comentaba que é certo que as axudas para a potenciación de vivenda no rural van máis alá da propia ARI do Camiño de Santiago, existindo axudas para infravivenda, para a rehabilitación rural en conxuntos históricos, axudas para concellos para a recuperación das antigas escolas de mestres, ademais doutras medidas como o Programa de impostos cero para a compra de vivenda habitual no rural, unha iniciativa que afecta o 94 % do territorio galego e un total de 3.452 parroquias. Señora Presas, estas non son iniciativas botafumeiro, son realidades. (*Aplausos.*)

Para todos vostedes, que tamén estaban moi preocupados polo índice de execución dos fondos, hai que dicir que no ano 2015 os fondos FCA, os fondos da comunidade autónoma destinados a rehabilitación, foron executados nun 91 %. Señora Pierres, eu non sei que números manexa vostede, pero está claro que estes números son uns números reais.

En canto ao que estaba comentando vostede desa enxeñería de tramo-quilómetro-Camiño, a realidade é que hai 460 beneficiarios do programa, da convocatoria do ano 2016.

A segunda cuestión que quixera subliñar da intervención da conselleira é o Observatorio da Vivenda, un organismo que será creado como un instrumento que facilite o acceso á información e ao coñecemento en materia de vivenda e sirva de apoio ao proceso de toma de decisións do ámbito público e, por suposto, tamén da área da rehabilitación. Este observatorio é o punto de partida para recoñecer as necesidades e actuacións da rehabilitación, cuxa información estará dispoñible para as administracións públicas, para os axentes sociais, para todos os cidadáns, e, por suposto tamén, para as súas señorías, se teñen a ben consultar o portal cando se abra. Este observatorio será o que realice os informes de avaliación que teñan carácter plurianual; non anual, señora Pierres, porque vostede sabe que o propio programa é plurianual. Polo tanto, facer informes anuais dunha cousa que é plurianual, pois, evidentemente, como vostede coñecerá, terá un sesgo que non se pode permitir.

E, finalmente —pero non por menos importante—, para finalizar, quero lembrarlles o anuncio que realizou a propia conselleira da creación dun novo instrumento normativo, como é a Lei de rehabilitación de Galicia, na que xa se está traballando entre a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Instituto Galego da Vivenda e Solo. Será a primeira lei galega de rehabilitación, cuxo principal cometido será impulsar e axilizar as actuacións en materia de rehabilitación e renovación urbana, facilitando as intervencións dos particulares e coordinando as políticas públicas nesta materia.

Como o tempo se está esgotando, simplemente quero dicirlle ao señor Cal que hoxe non falabamos de política de vivenda —se quere, traia unha iniciativa e falamos en xeral de política de vivenda—, falabamos dunha parte moi parcial, que son as ARI dos Camiños de Santiago, polas que nós apostamos.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contratar ou trasladar os seus clientes ao mercado libre da enerxía eléctrica

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse engadir un novo punto na parte resolutiva que pasaría a ser o 4:

«4. Elaborar un informe sobre as deficiencias e opacidades na fixación do prezo da electricidade no oligopolio eléctrico que sirva como base para demandar unha modificación do marco regulatorio da lei 24/2013 do sector eléctrico na procura de garantir unha maior transparencia e seguridade para as persoas consumidoras e evitar a especulación cunha enerxía de primeira necesidade».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«1.- Promover unha campaña de información a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia que advirta aos consumidores das prácticas que están a desenvolver as compañías distribuidoras de electricidade para trasladar aos seus clientes ao mercado libre».

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«2.- Establecer puntos de información específicos en tódalas comarcas de Galicia, coas dotacións orzamentarias suficientes, nos que a cidadanía poida ser asesorada por expertos sobre a mellor tarifa e potencia contratada para o seu caso particular.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto que quedará redactado co seguinte contido:

«3 bis.- Que se realice un estudo comparativo entre o mercado libre e o mercado a tarifa regulada, identificando que persoas consumidoras sexan susceptibles de acudir ao mercado libre, e en que casos lles compensa permanecer na tarifa regulada (Prezos Voluntarios do Pequeno Consumidor), segundo as súas condicións socio-económicas individuais».

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto que quedará redactado co seguinte contido:

«3 ter.- Que demande a Inspección de Traballo e ao Consello Galego de Relacións Laborais un programa específico de control sobre as condicións laborais das persoas que están traballando (especialmente de forma indirecta) para as comercializadoras de enerxía, asegurándose que se cumpre a normativa laboral en vigor».

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto que quedará redactado co seguinte contido:

«3 quater.- Esixir ás empresas comercializadoras un protocolo para as súas contratacións laborais, esixindo que as persoas que realizan esta actividade teñan uns coñecementos mínimos sobre a materia obxecto da venda».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas.

Boa tarde a todos.

Reclamo a súa atención porque imos falar dunha das maiores estafas que se están a producir de maneira silenciosa en Galicia nestes momentos. Máis de 500.000 fogares en Galicia están sendo estafados literalmente polas compañías eléctricas. Eu xa levaba varios meses preparando a documentación para esta proposición non de lei, pero hai mes e medio —cando a rexistrei— incentivoume máis aínda o feito de encontrar unha señora que coñezo, do meu barrio, de case 90 anos que me contou a súa experiencia do día anterior. Chamáronlle á porta da casa, abaixo, dicindo: «Somos de Fenosa». Ela abriu e chegou un señor, arriba, que lle dixo textualmente: «Somos de Fenosa, e vímoslle cambiar o contrato a Endesa». A señora dixo: «Pero, iso, ¿a min que...?» E contestoulle: «Non, a vostede vaille supoñer un aforro moi importante e ademais, como é pensionista, ímoslle dar unha oferta de non sei que...» Os comerciais entraron na súa casa, colleron o teléfono, marcaron e empezaron a dicirlle á señora que dixeran: si, si...: Diga si: «Si»; diga si: «Si» —textual—. Contoume, e díxome: «¿E isto que me vai supoñer?». Eu díxenlle: «¡Home!, isto vaiche supoñer pagar, como mínimo, entre 5 e 10 euros máis ao mes pola electricidade, porque che trasladaron o contrato ao mercado libre, e, no teu caso, coa túa potencia consumida e coa túa potencia contratada, vas pagar moito máis..., bueno, non moito máis pero si entre un 15 % e un 20 % máis». E díxome se era posible solucionalo. Escribinlle un papel de como podía ir ao día seguinte «*a la Fenosa*» —como dicía ela— para que lle retrotraeran o contrato. Ademais, foi moi divertido porque me dixo: «Non me van facer caso porque lles vou dicir...» —ela traballou moitos anos en Cataluña, aínda que leva xa xubilada máis de vinte e cinco anos e volveu para Galicia— «...que teño un amigo na Generalitat de Galicia». Bueno, pois esa é a realidade masiva nos últimos dous anos. De feito, ela díxome que había moita xente maior na oficina de Fenosa exactamente co mesmo problema.

Nos dous últimos anos estanse a producir agresivas campañas —como todos coñecemos— de publicidade tanto en medios como mediante chamadas telefónicas e visitas domiciliarias por parte das principais comercializadoras que operan no mercado libre da electricidade. O obxectivo é conseguir que os consumidores renuncien á tarifa PVPC —a de prezo voluntario para o pequeno consumidor—, que, como todos vostedes saben, é o prezo regulado, pasándoos ao mercado libre con ofertas de tarifas que na maioría dos casos supoñen aceptar revisións de prezos mensuais previo aviso, con criterios non especificados no contrato, a renuncia á facturación por horas e a renuncia tamén á posibilidade de optar ao bono social,

que, de acordo co Real decreto 6/2009, está ligado a dispor dun contrato con tarifa PVPC. E o máis grave é que na maioría dos casos o consumidor non é consciente do que está a asinar, de feito, moita da xente — e hai datos que agora vou dar— que está no mercado libre nin sequera o sabe.

Algúns dos usuarios poderían ser conscientes de que contrataron a luz nunha comercializadora do mercado libre —sobre todo porque teñen o mesmo nome, unha é Gas Natural Fenosa S.U.R., e a outra é Unión Fenosa Comercializadora, S. L.; ou sexa, para a xente normal, a diferenza é difícil de escrutar. A maioría cámbianse, ou cámbianos, sen sabelo, como denuncian as organizacións de consumidores. A CNMC realiza cada seis meses unha enquisa entre os consumidores para examinalos, e a última de novembro pasado revela que o 44 % dos consultados non sabía que tipo de tarifa eléctrica tiña contratada e que un cuarto deles tampouco coñecía que potencia eléctrica tiña dispoñible no fogar.

A CNMC tamén constatou estas prácticas de engano, e hai unhas semanas comunicou unha multa a Gas Natural Fenosa, Iberdrola, Endesa e Viesgo por cambiar o contrato de clientes para pasalos ao mercado libre sen o seu consentimento expreso.

De acordo coa información máis recente publicada pola CNMC no seu comparador de ofertas, unicamente teñen prezos inferiores ao PVPC ofertas con información contractual escasa ou inexistente ou aquelas que inclúen cláusulas de revisións mensuais, trimestrais ou previo aviso; é dicir, ofrécense prezos enganosos que poden incrementarse en cuestión de meses ou semanas. Ademais, outro tipo de ofertas ofrecen a oportunidade de abonar un prezo fixo cada mes, pero non explican que esa estabilidade se paga e que a factura engorda a final de ano.

Ademais, ao pasar ao mercado libre aos consumidores, as comercializadoras non están obrigadas a cumprir as normativas do regulado polo Ministerio de Industria e Enerxía e poden pactar libremente os prezos e, o máis importante, as condicións do contrato. Desta maneira, os consumidores renuncian expresamente a dereitos que se inclúen na tarifa PVPC, dos que en moitos casos as persoas que cambian o contrato non son conscientes, e que nunca lles son advertidos, entre outros, podemos citar a regulación sobre os cortes de subministración por falta de pagamento de facturas. No PVPC actualmente as comercializadoras deben dar unha marxe de tempo de catro meses aos clientes nesa situación antes de deixalos sen luz. No libre, a interrupción pode ser instantánea cos contadores intelixentes. E a posibilidade de acollerse ao bono social, que só existe cando se ten un contrato con tarifa PVPC.

Ata hai pouco tempo a inmensa maioría de consumidores galegos estaba na tarifa PVPC, pero as agresivas e enganosas campañas mencionadas están a reverter esta situación, o que constitúe unha estafa de enormes magnitudes. Mesmo se deu o caso de que en novas contratacións nin sequera se ofrece —e ocúltase ao consumidor— a posibilidade de contratar a PVPC.

É verdade que a tarifa libre do mercado libre podería ser vantaxosa para algúns fogares cunha alta potencia contratada e alto consumo, e aínda así poderían ter dereito á tarifa PVPC, pero son os mínimos e con condicións moi especiais, polo que resulta imprescindible que a renuncia á tarifa PVPC se realice co debido asesoramento.

A situación actual en Galicia é a seguinte: Gas Natural Fenosa ten 1.100.000 abonados en PVPC e 300.000 en mercado libre; Iberdrola, 3.000 abonados en PVPC, 94.000 en mercado libre; Viesgo, 37.000 abonados en PVPC e 54.500 en mercado libre; Endesa, 1.600 abonados en PVPC e 68.200 en mercado libre. É dicir, en Galicia hai un total de 516.700 consumidores, fogares, no mercado libre. Estimamos que ao 90 % deles non lles compensa estar nesta tarifa, que lles supón, como mínimo, entre 50 e 100 euros máis de custo anual polo seu consumo eléctrico, ademais de renunciar aos dereitos xa comentados. Esta hipótese levaríanos a estimar que a estafa que se está producindo supón un extracusto para as cidadás e os cidadáns de Galicia que pode superar os 50 millóns de euros ao ano.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta ten que actuar de maneira urxente ante un asunto de tan vital importancia como é a subministración de enerxía eléctrica para que de maneira voluntaria e con coñecemento de causa a xente poida exercer os seus dereitos.

E por iso e con este fin propoñemos a seguinte proposta non de lei. Agradecemos as emendas do Grupo Socialista e do Grupo do BNG, que realmente completan e melloran realmente o que propoñiamos na parte resolutiva.

E para iso plantexamos que a Xunta de Galicia promova unha campaña de información, a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, que advirta os consumidores das prácticas que están a desenvolver as compañías distribuidoras de electricidade para trasladar os seus clientes ao mercado libre.

Que se establezan puntos de información en todas as comarcas de Galicia, con actos informativos en cidades e vilas de Galicia, en coordinación cos concellos, nos que as cidadás poidan ser asesoradas por expertos sobre a mellor tarifa e potencia contratada para o seu caso particular, sobre todo porque ese tipo de asesoramento se produce, pode darse, en escasos cinco minutos.

Que se lles exixa ás comercializadoras que os consumidores que renuncien á tarifa PVPC dispoñan dun protocolo regulado onde, por unha banda, se confirme a idoneidade dos mesmos para tomar esta decisión, tendo en conta elementos tales como a idade, ingresos, etc. para que, no seu caso, sexa obrigatoria a intervención dos servizos sociais ou dunha persoa cualificada debidamente autorizada e, por outra, se explicita con detalle cada un dos dereitos aos que se renuncia e as obrigacións máis relevantes do novo contrato, como revisión dos prezos, cortes de subministración, recargas ou reducións de subministración por falta de pagamento e unha comparación en euros/ano, considerando o consumo medio do consumidor para o ano en curso entre o PVPC e o contrato que se lles ofrece e eliminando todas as promocións temporais.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde de novo.

Desde o BNG imos dar o noso apoio a esta proposición non de lei de En Marea por entender que é prioritaria a blindaxe das persoas consumidoras, tal e como temos defendido en iniciativas propias e ao fío doutros debates que teñen a ver tamén coa cuestión da electricidade ou con outros asuntos de consumo. Agora imos aproveitar esta intervención para matizar algunha que outra cuestión.

A respecto do primeiro punto, a experiencia demóstranos o pouco interese que ten o Goberno galego por exercitar as súas competencias en materia de consumo e por desenvolvelas ao máximo, polo que nos gustaría insistir, aínda que somos conscientes de que o grupo proponente e tamén o outro grupo emendante son conscientes de que é fundamental dar o salto de ter campañas publicitarias na teoría, de levalas á praxe, de dotar de maiores recursos o Instituto Galego de Consumo e de facer un esforzo en que esas campañas cheguen realmente á sociedade.

A respecto do segundo punto, non nos opoñemos, pero temos que ser conscientes de que os nosos concellos teñen moitas limitacións, sobre todo os máis pequenos neste ámbito, tanto por capacidade económica como por dispersión xeográfica e demais, aínda que tamén hai que poñer en valor que, precisamente grazas ao traballo de moitos concellos e grazas ao traballo de moitas asociacións de consumidores, moitas das denuncias da CNMC que coñecemos no último mes partiron de oficinas municipais. Pero, jollo!, que teñamos conciencia arredor de que esta cuestión é fundamental, tamén na vida municipal, e de que nós mesmos, as organizacións políticas, favorezamos esas actuacións nesas institucións non debe levarnos a deixar de exixir que realmente a última responsable é a Xunta de Galiza e que é ela a quen ten que cubrir esas necesidades e non os concellos, con pequenos parches alá onde son capaces.

E, por último, en terceiro lugar, referido ao último punto, parécenos ben. Entendemos que actualizar e mellorar os protocolos é unha necesidade, porque os que hai, desde logo, non existen e non garanten a protección da persoa usuaria coa súa existencia. Pero si que nos gustaría pararnos neste momento un pouco e reflexionar máis en cuestións de fondo: ¿por que non funcionan eses protocolos?, ¿por que non funciona esa regulamentación? Nós entendemos que hai dúas causas estruturais, de fondo, que son fundamentais e que, en canto non se atallen, o problema vai seguir mutando como un camaleón, de forma, pero vai acabar estando detrás: en primeiro lugar, as condicións de moitos traballadores e traballadoras e, en segundo lugar, o gran sistema eléctrico por detrás.

En primeiro lugar, pois si, as condicións de moitos traballadores e traballadoras do sector, porque fala, por exemplo, a proposición do PSOE —e parécenos interesante— da necesidade de formación, pero jollo!, non esquezamos que na realidade diaria de moitos traballadores e traballadoras, comerciais, en persoa ou vía telefónica, seguramente hai xente que ten moita máis formación en dereito, en consumo ou en sistema eléctrico que, por poñer un exemplo, o señor Fernández de Mesa, e seguramente entre toda a plantilla desa empresa non cobran o mesmo que cobra ese señor todos os meses. Pero son traballadores e traballadoras sometidos moitas veces a unhas condicións laborais de auténtico escravismo, vendidos a cambio de obxectivos que teñen que conseguir e que acaban levando a malas praxes,

seguramente, en moitos casos, por unha conduta individual reprochable, pero en moitos outros por unha presión enriba brutal que leva a que acontezan cuestións como as que refería o señor Casal, ou a cuestións que eu tamén coñezo, como roubos de facturas, falsificación da identidade e demais. Pero en canto esta situación laboral sexa así —e non está en vías de mellora, senón, seguramente, no caso do telemárketing, que a profesión comercial é cada vez máis vía telefónica e menos vía presencial, e vai empeorar coa aprobación do convenio estatal, a espaldas do que defende a maioría social deste colectivo en Galiza— sentan un mal precedente, e continuará a pasar coa electricidade, coas compañías de teléfono, cos contratos de seguros e demais das entidades bancarias e con outros calotes dos que temos debatido aquí.

En segundo lugar —e sobre iso céntrase a nosa emenda—, para pedir a solicitude dun informe de cara a que é necesario transformar o monstro desde as súas entrañas e abordar a reforma dese oligopolio absolutamente escuro e opaco que seguen a ser as empresas eléctricas, coa complicidade dos grandes partidos. Vimos as multas e condenas tanto da CMNC como dos tribunais, ao tempo que algunhas das caras que vemos nos últimos titulares, denuncias e imputacións, vímolas anteriormente paseando e inaugurando centrais co señor Feijóo. Non é de estrañar, pois, por exemplo, esta última empresa, Iberdrola, tamén temos que recordar que ten entre os seus traballadores o imputado Acebes, e así, etc., etc.

Poderíamos seguir dando un longo etcétera e poderíamos falar tamén moito de como se configura a tarifa eléctrica con base nese gran calote que é o déficit tarifario, e que iso en última instancia se alimenta do gran monstro que é a opacidade das eléctricas, que teñen o seu peor engano nestas malas praxes cos consumidores, e que se suma a toda esa estafa, que é o sistema tarifario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señora e señores deputados, imos falar, en realidade, de mercados e de competencia en boa medida, e esta mañá unha conspicua voceira do Partido Popular falou tamén das primarias do meu partido e falou de «amiguítos». Entón, vou retomar o tema, porque entendo que... (*Murmurios.*) —si, si— se cando se falaba da transparencia neste Parlamento se podía falar das primarias do Partido Socialista, agora tamén.

Polo tanto, o que si quero dicir é que a min, desde logo, me serviron para unha cousa, para saber que os sobres, ademais de para cobrar en B, serven para votar, un pequeno detalle sen importancia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Vaíamos á cuestión.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou ao tema, si, si.

Os «amiguítos» teñen moito que ver coa transparencia e coa competencia; os «amiguítos», que, desde unha perspectiva teolóxica, pois son *del alma* —eu, como son laico, voulle chamar do sobre en B—, son os que forman parte simultaneamente da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia e do Comité directivo do Partido Popular, cando a lei di que os membros da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia...

O señor PRESIDENTE: Electricidade, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...teñen que ser apolíticos...

Señor presidente, está directamente relacionado....

O señor PRESIDENTE: Si, electricidade.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non, non...

O señor PRESIDENTE: Si, eu percibo. De momento, doume conta das cousas. Non fai falta que me diga que... Sei como vai.

Prégolle que vaia á cuestión.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pois, polo tanto, a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia é a máxima autoridade sobre a política eléctrica deste país.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E na Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, que ten que ter membros apolíticos, había un señor que o Partido Popular nomeou para a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia no ano 2013 e que no ano 2017 nomeou para o seu comité de dirección. E isto é así, con amiguítos, sen amiguítos ou mediopensionistas. (*Aplausos.*)

Polo tanto, é disto do que imos falar.

Eu comprendo, señor Moreira, que non lle guste o enfoque metodolóxico, pero, lamentablemente, é así.

É verdade que logo dixeron, exactamente igual que co pago en diferido, que era un erro técnico. A verdade é que teñen uns problemas de loxística «organizacional» brutais, porque entre non saber quen paga os cumpreanos, non saber quen paga os Jaguar, non saber en que traballan os militantes do seu consello nacional... ¡Oia!, de verdade...

O señor PRESIDENTE: Iso xa non ten que ver coas eléctricas.

Señor Losada, por favor, á cuestión.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Continúo na cuestión, porque o presidente da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia estivo hoxe en Santiago de Compostela; estivo hoxe en Santiago de Compostela. En Santiago de Compostela no ano 2012 o Partido Popular votou en contra das iniciativas que presentaban os grupos da oposición, o Grupo Socialista e outros grupos, sobre o prezo da enerxía, e especialmente sobre o prezo dos combustibles. Votaron sistematicamente que non. Hoxe contáronnos que no ano 2014... Tardaron dous anos en facer o informe —vese que utilizaron algunha modificación orzamentaria de restos de fondos que non utilizaron para a pobreza enerxética tamén nese caso—, en trasladar ese informe, esa petición ao Goberno central. Díxoo hoxe o señor presidente do Consello Nacional dos Mercados e a Competencia. O ano 2014. Desde o ano 2014 pasaron tres anos, e —hai membros da Comisión 6ª— eu creo que hai escasamente tres semanas o director xeral de Enerxía e Industria dixo que, efectivamente, era un problema enormemente complexo e que non sabemos moi ben como abordalo, ademais de dicirnos que practicamente era culpa do Bipartito o prezo do gasóleo no ano 2017.

Polo tanto, eu creo que é moi importante que os órganos reguladores —e estou plenamente no tema, señor presidente— funcionen axeitadamente. E, como ben dicía o autor da iniciativa, no caso de auténticas estafas en relación coa subministración ou coas tarifas da subministración eléctrica, eu creo que é imprescindible ter en conta unha serie de características. Por favor, non tarden dous anos en facer un informe para enviar á Comisión Nacional do Mercado e a Competencia, salvo que estean esperando que se reúna o Comité Nacional do Partido Popular e aproveiten a viaxe. Imos intentar que se faga ese informe rápido.

Hai unha serie de características sociodemográficas que deberían de terse en conta para estas políticas de absoluta estafa premeditada. Por unha parte, a idade, o envellecemento; por outra parte, a propia dispersión da poboación, que evita ou que dificulta polo menos o establecemento de intercambio de información e de redes sociais entre os cidadáns; por outra parte, o nivel de ingresos, basicamente pensións daquilo que se chamaba agraria, que todos sabemos que son das máis baixas do Estado; por outra parte, o nivel educativo medio, e tamén todos sabemos que, lamentablemente, aínda que aquí efectivamente o sur da Península se atopa nunha situación peor —dígoo xa, porque alguén me vai falar de Andalucía, xa o digo eu antes—, a taxa de estudos non formalizados —por dicilo dalgunha maneira—, poboación sen estudos formais, segue sendo moi alta, especialmente na poboación maior de 65 e de 75 anos; e, por outra parte, tamén o acceso ás TIC.

Este é o panorama de boa parte desa poboación, que eu non sei se o exemplo que puña o voceiro de En Marea entraría neste exemplo. Pero ese conxunto de poboación, que é poboación cuantitativamente importante nesta comunidade autónoma, lamentablemente sitúase nunha posición de absoluta vulnerabilidade fronte a estas comercializadoras...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— non reguladas nesa Comisión Nacional de Mercados e a Competencia, que ten membros despistados que tamén son membros do consello nacional do partido que goberna.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señor Losada, non sei que pasaría esta fin de semana, pero véxoo moi axitado, jeh! A verdade é que non sei o que puido pasar. *(Aplausos.)* En fin. Vou á cuestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A verdade, señor...

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade, tranquilidade. Vostede non estaba no debate. Silencio, por favor. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, xa está, xa está. Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: A verdade, señor Casal, é que de verdade que me sorprenden as iniciativas que traen a esta Cámara, sobre todo porque onde teñen a máxima aplicación votan en contra polo simple feito de que non lles gusta quen as propón ou o goberno que as vai poñer en marcha.

Mire, señoría, para este grupo parlamentario e para o Goberno da Xunta a subministración eléctrica é un ámbito prioritario, pola súa relevancia no benestar e na economía dos consumidores. Si que somos conscientes da complicación da comprensión da factura da luz, de se estamos no mercado libre ou no regulado, de se pagamos por máis potencia da que precisamos ou se nos compensaría optar pola discriminación horaria; en definitiva, se o contrato que temos é o máis axeitado.

Por iso, dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria decidiuse, dende 2013 xa, dar resposta a estas tres claves fundamentais e lanzar unha nova edición da campaña *Dálle luz á túa factura*, unha iniciativa para facilitar a comprensión da factura e informar de como reducir o gasto, a través da cal se fai tamén fincapé no aforro e na eficiencia enerxética, na que se achega información sobre como realizar os diferentes trámites ou como presentar reclamacións ante as eléctricas.

Mire, realizáronse xa xornadas informativas en 74 concellos galegos, apoiadas nunha nova aplicación web á que accederon xa preto de tres mil persoas e que se distribuíu tamén por todos os concellos de Galicia. Editouse unha guía rápida cos principais aspectos a ter en conta para entender a factura e aforrar no consumo de electricidade, ademais de achegar información e asesoramento a través das redes sociais e dun teléfono gratuito. Esta, señoría, é unha acción coordinada entre o Inega e o Instituto Galego de Consumo que leva xa funcionando, como dixeran antes, dende finais de 2013.

Mire, o Goberno da Xunta de Galicia non queda atrás, senón que é pioneiro tanto en formar, en informar o consumidor e tamén en defendelo. De feito, nos últimos seis anos o Instituto Galego de Consumo e da Competencia tramitou preto de vinte mil reclamacións relaciona-

das coa enerxía eléctrica, un dos sectores que ano tras ano acapara máis reclamacións. E preto do 80 % destas reclamacións foron xa resoltas de xeito favorable para o consumidor. Ademais, tanto dende a área de enerxía como da de consumo dende 2009 abríronse case dous mil catrocentos expedientes sancionadores ás compañías eléctricas, por valor de 24 millóns de euros, cando no período 2005-2009 tan só nove expedientes, señoría, nove, por un valor de 97.000 euros. Esa é a diferenza entre este goberno e outros que nos precederon, señoría.

Mire, si que se actúa con contundencia contra os abusos que afectan o consumidor e ademais se achegan tamén as claves para que poidan aforrar e exercitar os seus dereitos.

Señor Casal, recórdolle que no Decreto lei do bono social aprobado polo Congreso dos Deputados a finais de 2016 xa se estableceu un novo marco máis beneficioso que incluírá máis transparencia na contratación, e que se fará efectivo no regulamento que se está a redactar neste momento e que foi enviado ás comunidades autónomas, tras recompilar todas as aportacións dos distintos grupos parlamentarios.

Pero, claro, vostedes, señoría, votaron que non a este real decreto. Entón, vostedes poden falar de todo, vir aquí, mesturar temas, como vén de facer vostede. Pero mire, esta é unha mostra máis de que as Mareas de Podemos non queren solucións para a xente de Galicia nin para a xente do resto de España, porque cando no Congreso se aproba unha iniciativa tan importante como é a reformulación do bono social, con todas as melloras que conleva, a vostedes iso non lles importa, votan que non e agora vén vostede aquí e pide que instemos o Goberno galego ¿a que?, ¿a que exixamos ás comercializadoras o que, o que xa se está a facer? Mire, a verdade é que vostede xa non me sorprende nada. O seu grupo pide unha cousa aquí e rexeita a mesma en Madrid.

En canto ás emendas presentadas polos grupos do BNG e do PSOE, insistir en que, ademais da campaña citada anteriormente da web dos servizos de asesoramento que fai o Instituto Galego de Consumo, deberían saber que a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia xa ten un comparador de ofertas de enerxía, tamén para o sector do gas, ademais de distintas guías informativas.

E sobre a transparencia da contratación, volvo recordar que no borrador de desenrolo do Real decreto do bono social aprobado no Congreso xa están incluídas estas medidas.

Señor Losada, na nosa opinión non deberían presupoñer que as empresas non forman os seus traballadores no correcto desempeño das súas funcións. Deberían saber que a Inspección de Traballo non hai que instala, señoría, a Inspección de Traballo non hai que instala para que vele polo cumprimento da lei en materia de contratación; xa fai esa función a Inspección de Traballo.

Miren, señores de En Marea, esperamos que teñan un pouco máis de altura de miras e na tramitación da iniciativa lexislativa popular sobre a pobreza enerxética non fagan aquí o que fixeron en Madrid co rexeitamento do bono social e sexamos capaces de chegar a un acordo unánime para as persoas máis vulnerables.

Todo o que pide na súa iniciativa xa está en marcha. Por iso, dende este grupo parlamentario imos rexeitar a súa proposición non de lei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Xa vemos que o Grupo Popular non quere evitar que se siga a producir a estafa que se está a producir.

E fala vostede de mesturar. ¿Que ten que ver o debate do bono social co que estamos a tratar? Non, non ten nada que ver. E non é verdade que o Grupo de En Marea estea en contra do bono social. Non, o que está en contra é da chapuza que vostedes presentaron. (*Aplausos.*) Se quere ver un bo decreto sobre o bono social, lea o aprobado no Parlamento de Aragón, por exemplo, e verá o que é un bono social e o que é unha tachuela social. Porque o que se aprobou en Madrid de bono social non ten nada. De feito, no que máis insistiron vostedes foi en manter o bono social ás familias numerosas independentemente dos seus ingresos. Iso é moi social, iso é moi social. Iso o que beneficia é un tipo de familias que teñen moitos fillos, aínda que teñan moitos millóns na conta corrente. Ese é o bono social que vostedes aprobaron. Iso é mesturar, porque non queren falar.

Di que tres mil persoas accederon á páxina web e que iso dá resposta ao problema. ¡Carallo, vaia resposta! —Perdón, presidente—. ¡Vaia resposta! Tres mil persoas cando en dous anos pasaron ao mercado libre quiñentos mil fogares. ¿Iso é dar resposta? ¿De verdade? ¿Díó vostede en serio? Pensaba que as propostas que ía vir facer eran un pouco máis serias.

Porque é unha estafa real. Isto é igual que o das preferentes, exactamente igual que o das preferentes, de vender produtos a xente que non ten capacidade para analízalo. Evidentemente, o importe da estafa é moi diferente. Pero para estas persoas 100 euros ao ano é moito diñeiro, ¿sabe? E, ademais, todos os dereitos aos que renuncian para eles poden ser moi graves. Porque a esa señora, cando a pasaron ao mercado libre, e un mes, polo que sexa, non ten diñeiro na conta, pódennlle cortar instantaneamente a luz no mercado libre, e vostede sábeo. E non deberían de pasar por encima deste tipo de cousas tan importantes, tan importantes para a cidadanía e para a seguridade das persoas. Porque moi probablemente toda esta xente maior ten aparatos de atención remota, de tal, que se se vai a luz se van descargar as baterías e non van poder usalos.

Por iso vinte mil reclamacións e 24.000 millóns de euros de multa. Pero as multas non foron pola comercialización, maioritariamente, e vostede sábeo; ou sexa, que non hai que mesturar; son por outras cousas. Son fundamentalmente por outro tipo de incidencias, e vostede sábeo. Ou sexa, que non fagamos filibusterismo parlamentario.

A realidade é que hai unha cousa que si se pode facer moi facilmente, e é que a Xunta de Galicia lexisle, a través do Instituto de Consumo, que cando se quere cambiar a alguén de con-

trato se lle explique explicitamente. E non se fai, non se fai en ningún caso, non está lexislado, e por iso neste momento hai quiñentas mil persoas en Galicia que están sendo estafadas, e vostedes non queren facer nada.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Señor Casal, xa dixo antes que aceptaba as emendas. (O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) Aceptábaas. Pero, entón, ¿acepta as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, que son de modificación dos seus dous primeiros puntos? (O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) Entón, modifica. E a do Bloque é de adición. E acepta tamén as de adición do PSOE. (O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) Perfecto.

Grazas.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre o traslado pola Xunta de Galicia ao Congreso dos Deputados da solicitude de constitución dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego acorda como resolución:

1. A creación, previo o trámite estipulado no Regulamento do Parlamento de Galiza, dunha comisión de investigación sobre o accidente de Angrois, coa finalidade de que se diriman as responsabilidades políticas e se tomen as medidas necesarias para garantir a seguridade máxima nas liñas ferroviarias galegas.

2. Instar á Xunta de Galiza a que traslade ao Congreso dos Deputados a solicitude de que se constituía unha Comisión de Investigación parlamentaria sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o pasado 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade, e a creación dunha investigación independente tal e como reclaman as asociacións de vítimas e a propia Axencia ferroviaria europea.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno central para que lle demande:

1º) Realizar unha nova investigación independente seguindo as recomendacións da Axencia Ferroviaria Europea relativa ao accidente do Alvia 04155 en Angrois.

2º) Promover, de acordo co artigo 52.1 do Regulamento do Congreso dos Deputados, unha comisión de investigación dentro da Cámara baixa, que teña por obxecto investigar as responsabilidades no accidente do Alvia 04155 en Angrois.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

É alucinante —antes de empezar con esta cuestión, pero é que ten relación— ver como algúns voceiros e voceiras do Partido Popular veñen aquí dicir sen complexos o que altera os membros doutros partidos dos seus partidos. Eu non sei se a vostedes algo do que pasou nos últimos tempos no Partido Popular os altera. Non sei se os feitos acontecidos con Ignacio González, Esperanza Aguirre, Conde Roa, etc., etc., a vostedes os altera ou lles causa algún tipo de vergoña. Parece que non, parece que aínda por riba aquí veñen provocar os demais. É alucinante, é alucinante. Que vostedes tiñan que estar aquí eu creo que con outra actitude algo máis humilde e respectuosa coas opinións dos demais. *(Murmurios.)* Si, señor, vostedes teñen moito que calar. A miña capacidade de asombro aínda ten límites.

Ben, a historia do accidente de Angrois xa a coñecemos, temos falado moitas veces neste Parlamento dela. A iniciativa que presentamos hoxe é un intento máis de que se coñeza a verdade, fronte á obstrución dos aparatos do Estado, do Partido Socialista, do Partido Popular. É un intento máis para establecer un espazo no que determinar responsabilidades políticas, é un intento máis de que democraticamente se revise un sistema para melloralo e para tratar de que non volva acontecer nada semellante.

Non falamos de calquera cousa, falamos dun accidente con 81 vítimas mortais, o accidente ferroviario máis importante da nosa historia. Pero falamos tamén do que aconteceu nun tramo onde se tiña mudado o proxecto orixinal, onde se tiña retirado o sistema ERTMS, que, segundo todos os informes e autos, de ter estado funcionando, non tería acontecido o accidente.

Falamos de dúbidas máis que razoables, de que non se avaliaron correctamente os riscos de tal decisión e de que non se implementaron medidas substitutivas que reduciran o risco, nunha

zona onde se ten que facer unha transición brusca de velocidade que supón pasar de 200 quilómetros por hora a 80 en segundos. Creo que é suficiente ler un fragmento do auto no que se imputa o xefe de seguridade de Adif, o señor Cortabitarte, que di: *«Es decir, como resulta indiciariamente de los informes, no se realizó una evaluación integral del riesgo que tuviera en cuenta no solo que se había decidido, aplicando las reglas de ingeniería, que fuera el factor humano el que determinase la seguridad de la circulación en la curva, sino que la interacción de los criterios anteriores, que eran los que para cada una de esas situaciones específicas aplicaba de forma general Adif, generaban una situación en la que esta eventualidad de fallo humano no era reducida ni mitigada ni evitada por la señalización y se producía en un punto concreto de reducción acusada de la velocidad.»*

Ou o que dixo o director xeral da Axencia Ferroviaria Europea, o señor Doppelbauer: non se investigaron as causas do problema, non se deron resposta, non atopamos referencias á avaliación de riscos e non hai probas da aplicación da directiva de interoperabilidade; o accidente non foi obxecto dunha investigación a fondo, como exige a directiva —sentenciou el—.

Ademais de modificar o proxecto orixinal eliminando a instalación de ERMTS na curva, tamén se tiña desconectado o ERMTS no resto do traxecto, que, segundo estudos de peritos, tería reducido á metade a probabilidade de ter acontecido o accidente. Non se avaliou correctamente o risco que todo isto supuña.

Anunciouse, ademais, un tren de alta velocidade o día da inauguración e aos poucos días do accidente saíron os responsables do Goberno, entre eles o señor Catalá, a dicir que ese accidente non ocorrera nun tramo de alta velocidade, para salvar os contratos das empresas de alta velocidade no estranxeiro, e a dicir que isto era unha campaña contra as empresas que construían alta velocidade. Tamén o dixo o señor Feijóo, que saíu a defender o conglomerado empresarial de alta velocidade.

Desoíronse tamén durante os anos anteriores as advertencias que alertaban da perigosidade dese tipo de transicións bruscas de velocidade, como a advertencia do xefe de maquinistas de Ourense. Non se lles prestou atención aos informes, xa do ano 2003, sobre a curva de Puertollano, onde tiña ocorrido un grave accidente tamén e onde posteriormente se tomaron medidas de seguridade paliativas.

Na fase de investigación, vítimas e forzas políticas denunciámos a actitude obstrucionista do Goberno do Estado, pero, claro, eramos a oposición, que politizaba, que quería sacar rédito político. Pero isto, o que dicía esta oposición tendenciosa, pasou a ser un informe demoledor da Axencia Ferroviaria Europea onde se constataba esta actuación vergoñenta do Partido Popular, do Goberno central, de obstrucionismo á investigación. Dise claramente que a CIAF, a comisión técnica creada para a investigación do accidente, non era independente, non investigou correctamente nin con intención de esclarecer o que aconteceu. A investigación independente tense que levar a cabo coa supervisión da Comisión Europea. Volvan cos resultados, é a súa obrigaón tomar en serio este tema —foi o que dixo a presidenta da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo—.

Durante todo este tempo o Partido Popular e o Partido Socialista bloquearon a posibilidade de crear unha comisión de investigación no Parlamento galego. Baseáronse principalmente

en que este Parlamento non tiña competencias para facelo. Aquí dicían que non, pero en Madrid tamén dixeron que non, e agora bloquéaa o Partido Popular na Mesa do Congreso nunha actitude antidemocrática para que non se debata nun Congreso dos Deputados onde non teñen maioría e teñen medo a que se aprobe.

Ata o de agora, pois, nin nun sitio nin noutro. Nós cremos que é falso que o Parlamento galego non poida crear esta comisión de investigación; non só que non poida; cremos que é necesario que nun accidente ocorrido en territorio galego o Parlamento, onde reside a soberanía do pobo galego, cree esa comisión. Pero, claro, esta petición de comisión no Parlamento galego foi rexeitada en numerosas ocasións e nada ten cambiado e cremos que nada vai cambiar para que neste Parlamento poida haber unha maioría que a respalde.

E, polo tanto, na busca, a pesar de todo, de sermos útiles ao coñecemento da verdade e da xustiza, buscamos outros xeitos de contribuír a isto, de contribuír a que se coñeza a verdade, de contribuír a que se faga xustiza e a que isto non volva acontecer. E, por iso, presentamos esta iniciativa, para ver se somos capaces como Parlamento de lanzar unha clara mensaxe, de que queremos que se constituía unha comisión de investigación parlamentaria no Congreso dos Deputados, no senso do aprobado recentemente nas Cortes de Castela e León, co voto favorable do Partido Socialista e coa abstención do Partido Popular, e así poderemos tamén falar, señora Nóvoa, de votar aquí unha cousa e en Madrid outra, ou aquí unha cousa e en León outra ou ser coherentes.

É dicir, queremos que saia esa mensaxe, porque esta mensaxe non será nada definitivo, pero si que será, se sae de aquí ese acordo, un paso moi importante nesta loita. Créanme que, se o Parlamento galego apoia esta iniciativa, non sería cousa menor e axudaría moito a que se rache co muro de incompreensión do Goberno do señor Rajoy e do señor Catalá.

Agardamos a coherencia e agardamos empatía, agardamos que se poñan na pel das vítimas e dunha cidadanía que simplemente quere coñecer para que non volva suceder e para que saibamos quen e como se toman as decisións e que saibamos onde se fallou, para modificar o que haxa que modificar e para saber se hai responsables políticos que non estiveron á altura e que non poden continuar sendo responsables políticos. É ese o obxectivo que pretendemos e por iso traemos esta iniciativa.

E, sinceramente, a pesar de todo, a pesar da miña avaliación totalmente negativa do acontecido ata o de agora tanto polo Partido Popular como polo Partido Socialista, a pesar diso, a vontade é que hoxe rectificemos e saia de aquí este acordo. Creo que é importante e creo que sería un paso decisivo para que cada vez teñan menos saída os que queiran obstruír a verdade, os que non queiran rexenerar a democracia e os que non queiran loitar pola dignidade das vítimas e da cidadanía en xeral.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

O 24 de xullo de 2013 na curva de Angrois descarrilou un tren Alvia, provocando unha xigantesca traxedia con 80 vítimas mortais, 144 feridas e vítimas con secuelas permanentes. E despois, nos catro anos seguintes, podemos dicir que houbo outro descarrilamento, polo drama que significa atravesar para as vítimas esta situación que ten que ver coas zonas de sombra do Estado, cos intereses ocultos que se trenzan no que podemos chamar os sotos, os sumidoiros do sistema político e xudicial, con moitas complicidades, con moitas conivencias para que sexa iso posíbel, co obxectivo de tapar, de ocultar e de vetar o coñecemento da verdade.

Nós dicímoslles aos defensores, aos pregoeiros da transparencia que a mellor maneira de que haxa transparencia é creando comisións de investigación, que non lles hai que ter medo ás comisións de investigación e ás investigacións independentes. Porque estamos a falar, a fin de contas, de dereitos fundamentais, polos que están a loitar as asociacións de vítimas: o dereito á verdade, a saber o que pasou, sen límites e sen censuras; o dereito á xustiza, a que se diriman responsabilidades políticas por estes feitos tan graves; o dereito á reparación, que é un dereito tamén fundamental que teñen as vítimas; e tamén a garantía de non repetición. E para iso serven as comisións de investigación e as investigacións independentes, para corrixir o que haxa que corrixir, para que non se volva producir este tipo de feitos.

Estamos a falar, a fin de contas, tamén dun combate simbólico pola dignidade colectiva, que é o que están levando a cabo as asociacións de vítimas.

E, para facer realidade estes dereitos, son imprescindíbeis tres vías de actuación e de investigación, son necesarias e complementarias a vía xudicial, a vía técnica e a vía política. Na vía xudicial agora deuse un paso adiante co auto da Audiencia Provincial para a reapertura da instrución, coa imputación do xefe de seguridade de Adif e co anuncio do fiscal de que podería haber máis imputacións. Na técnica, ante a falta de independencia e obxectividade da CIAF, as asociacións de vítimas tiveron que recorrer ao Parlamento Europeo; aí tiveron acompañamento do BNG, a través da nosa representante en Bruxelas, Ana Miranda, que fixo posíbel esa investigación, ese informe absolutamente demoledor da Axencia Europea de Infraestruturas, que di cousas como que o accidente non foi investigado de forma independente e obvia cuestións esenciais sobre as causas do accidente, que teñen que ver cos fallos no sistema de seguridade tanto da vía como do tren. E, no ámbito político, hai que establecer as responsabilidades políticas, e iso faise nos parlamentos, no Parlamento español e sobre todo no Parlamento galego, que é aquí onde tivo lugar o accidente. *(Aplausos.)*

Por iso o BNG vai apoiar esta iniciativa, pero por iso tamén a queremos complementar, entendemos que mellorar, con achegas, para que sexa realmente máis coherente e máis completa e que teña eses tres pés que entendemos que ten que ter este tema: o pé da investigación parlamentaria no Parlamento galego, o pé da investigación parlamentaria no Parlamento español e tamén o pé da investigación independente sobre o accidente.

E si que consideramos que houbo algún cambio nos últimos tempos —non sei se ten que ver co que ocorreu este domingo coas primarias do PSOE—, pero si que houbo algún cambio,

algún cambio de posición, e eu creo que nestes momentos aquelas forzas política que piden unha comisión de investigación no Parlamento español non teñen ningunha razón para vetar a creación dunha comisión de investigación no Parlamento galego, porque, ademais, é perfectamente posíbel, porque podemos investigar neste parlamento calquera asunto de interese público.

Polo tanto, non entendemos o veto, neste caso, para que se investigue no Parlamento galego. Estamos ante unha cuestión de saúde e de hixiene democrática para acabar coa impunidade, para exercer a transparencia —que se pregoa—, para defender a dignidade tamén desta institución, para o respecto á memoria das vítimas.

A pesar, polo tanto, de todos os vetos, o que lles queremos dicir aquí é que o BNG non vai desistir, vai insistir, vai persistir, porque temos unha débeda, temos unha obriga ética e democrática fundamental, e farémolo alí en todos os foros onde nos toque estar. Chegaremos a onde haxa que chegar, seguiremos acompañando as asociacións de vítimas para que se saiba a verdade, para que se faga xustiza, para que dramas como o de Angrois nunca máis se volvan repetir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes.

Quero ser claro desde o primeiro momento e anunciarlles que imos apoiar esta iniciativa, mellorándoa a ser posible, se así o facilita o grupo propoñente, a través dunha emenda que xustamente ten este sentido.

Diciamos en febreiro e agora repetimos: hai que dar unha explicación técnica, xudicial e política ao accidente de Angrois, que ten unha gravidade única nos últimos tempos no noso país. Cómpre esclarecer a verdade e cómpre facer xustiza. Hai unha investigación pendente, de carácter técnico, que garanta a independencia, xa que a precedente foi posta en cuestión, desde varias instancias, entre elas a Axencia Europea de Ferrocarrís. Esta peritaxe técnica é unha condición previa para a investigación política, e atreveríame a dicir, sen entrar demasiado nos temas xudiciais, que tamén para a xudicial, porque doutro xeito, sobre todo no ámbito político, estaríamos operando a cegas, sobre a base —digamos— de intuicións ou de prexuízos.

Por iso, presentamos na nosa emenda un primeiro punto no que insistimos na necesidade de promover esta investigación de carácter técnico independente, e consideramos que desta maneira favorecemos o esclarecemento dos feitos e, por tanto, que se coñeza a verdade e se poida facer xustiza.

En segundo lugar, na investigación xudicial en marcha, en fase de instrución, hai que tomar nota do pronunciamento da Audiencia Provincial, para, alén da actuación do ma-

quinista, determinar a existencia de responsabilidades, se as houber, en relación coa ausencia do sistema de freado automático, que xa foi citado nesta tribuna, así como a inexistencia dunha avaliación sistemática dos riscos no conxunto da liña. E parécenos indispensable facilitar que dende o ámbito xudicial se poida chegar ata o fondo da investigación e esclarecer as responsabilidades penais, se as houber, máis alá das que xa foron postas de manifesto.

E, en terceiro lugar, é precisa unha comisión de investigación política que, partindo da investigación técnica, da investigación xudicial, permita determinar se houbo outras responsabilidades máis alá das penais, porque as penais as determina a Administración de xustiza. Se as hai, deben ser depuradas convenientemente.

Dixemos en febreiro, e así o repetimos, que non era o Parlamento galego o ámbito adecuado. Hai outras organizacións políticas, outros grupos parlamentarios, que me precederon no uso da palabra que teñen unha opinión diferente, que nós respectamos. Antes o meu colega deputado —non sei onde está— citaba a Daniel Kahneman, que é psicólogo, como el, pero que é premio Nobel de economía, e ten moitas aprendizaxes que ofrecernos aos demais, pero permítanme citar unha frase del: «Podemos estar cegos para o evidente e ademais estar cegos para a nosa cegueira».

E eu creo que algo disto —permítanme dicilo con cariño— ocorre na posición do BNG, sobre todo cando estamos os que estamos no ámbito doutras comisións de investigación padecendo cada día as dificultades que ten este Parlamento para que organismos que non están en Galicia, pero que teñen unha intervención central nalgúns acontecementos, nos ofrezan información necesaria.

E isto é o que pasa; é dicir, o Parlamento de Galicia non ten competencias sobre este tema, tería incapacidade para mandar directivos e técnicos a prestar os testemuños necesarios para esclarecer os feitos. O ámbito adecuado é o Congreso dos Deputados. Nas Cortes de Castela-León teñen apoiado recentemente unha iniciativa como a que nós reflectimos na nosa emenda, co apoio de Podemos, que foi o promotor da iniciativa, do Partido Socialista e de Ciudadanos e a abstención do Partido Popular. Eu espero que hoxe haxa aquí unha maioría suficiente como para que esta iniciativa poida saír adiante, apoiando a investigación técnica independente e apoiando que o Congreso dos Deputados poida facer a investigación política necesaria a través da correspondente comisión de investigación.

A aprobación no Parlamento de Galicia non ten un valor executivo, ten un valor simbólico, pero un valor simbólico relevante. Sumado ao da Cámara de Castela-León, podería ser a chave que abra as portas da creación desa comisión de investigación no Congreso dos Deputados, nunha situación política fluída e cunha evolución favorable a que esta decisión poida tomarse no seu seo. O noso grupo desexaría que fose así, con sinceridade e sen ningunha clase de reservas mentais.

Por iso xa anuncio: planteamos esta emenda, pero, en todo caso, votariamos tamén, se esta emenda non fose aceptada, a favor da proposta que nos fai o Grupo de En Marea, que consideramos positiva.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Señor presidente, señorías, boas tardes.

Antes de entrar no contido, permítanme que, en nome do Grupo Popular, manifeste unha vez máis a súa solidariedade coas vítimas e coas familias das vítimas deste accidente do tren Alvia. Somos moitos os galegos que temos relación familiar ou amizade con vítimas deste dramático accidente e entendemos a súa dor. Quixera trasladarlles tamén o noso respecto, cariño e comprensión. Todos cantos temos perdido nun accidente trágico un dos nosos seres queridos sabemos que non atopamos ese consolo. O lento paso do tempo e a verdade, tamén a verdade, sei que axudan, e diso sei porque o sei en primeira persoa, eu, que levo anos sen coñecer a realidade do accidente no que morreron meus pais. Sei que esa necesidade de saber o que pasa é real e a dor que produce non sabelo sei que tamén é real. Por iso, e porque sabemos que a verdade axuda as vítimas e os seus familiares, quero trasladarlles e reiterar o interese claro deste Grupo Popular de que se esclarezan completamente as causas deste accidente, coa maior profundidade e rapidez posible. Cremos que é unha demanda xusta das vítimas, dos familiares das vítimas e do conxunto dos galegos, que queren saber que pasou e que queren, como consecuencia desa investigación, que se tomen as medidas oportunas para que non volva pasar.

Pero, para acadar este coñecemento, creo que é necesario que se faga con profundidade e rigorosidade, fuxindo de usos demagóxicos e partidistas. E traer aquí a este Parlamento esta proposición na semana en que se discutiu nas Cortes Xerais creo que é máis por intereses partidistas, por certo, tamén co voto negativo do PSOE, onde o PP no Parlamento non ten nin maiorías, nin na Mesa nin no Parlamento.

Falan dese informe elaborado pola Axencia Europea Ferroviaria e das demandas que realiza a Eurocámara, leron varias delas. Quero recordarlles que por cuarta vez lles ofrecemos que poidamos facer unha declaración pedindo que se faga ese informe con criterios de independencia proposto polos organismos europeos. E tamén quero recordarlles que o presidente do noso partido, da Xunta, ao coñecer a opinión da Axencia Ferroviaria Europea, foi o primeiro que demandou rapidamente que se realizase un informe independente, incontrovertido e incuestionable sobre o accidente. Creo que está claro que temos a vontade de que se faga a maior investigación técnica posible.

Polo tanto, se aceptan a emenda do PSdeG-PSOE, apoiaremos ese punto 1 da emenda que pide esa investigación independente. Esperamos que acepten a emenda e esperamos poder votala. Iso significaría que si están dispostos a que se siga avanzando e non só a utilizalo con outros intereses.

Por certo, dentro da súa proposición de En Marea, a segunda solicitude, que é crear unha comisión sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade, esta xa

se fixo no Congreso, nunha subcomisión específica, na lexislatura 2011-2015. Entendemos que isto xa está feito e que é redundante.

O segundo ámbito de investigación, como falaron anteriormente —e que para nós, na miña modesta opinión, é o máis efectivo—, entendemos que é o xudicial; é aí onde se están dirimindo as posibles responsabilidades penais do accidente. Estas investigacións entendemos que son o lugar onde máis profundamente se poden facer e onde se pode chegar con máis acerto á realidade do que pasou. Ademais, os xuíces poden pedir cantos informes consideren oportunos e chamar, na condición que consideren tamén oportuna, a todos os axentes que interveñen. A experiencia dos casos coñecidos é que estas investigacións xudiciais son sempre máis produtivas e sempre chegan moito máis lonxe que calquera comisión de investigación parlamentaria.

Permítanme que recolla unhas palabras que dixo esta semana o fiscal encargado do tema, o señor Antonio Roma. El dicía que dalgún xeito ten a alma partida —e entendo por que—, porque entende —e eu secundo estas palabras— que as vítimas e os cidadáns queremos saber se hai algunha responsabilidade política, pero ao mesmo tempo sabemos que unha comisión parlamentaria, mentres se está xulgando, podería ter interferencias neste xuízo e neste proceso, e que as interferencias dun xuízo paralelo dunha comisión parlamentaria non axudarían a esclarecelo, como dixo o fiscal estes días.

Polo tanto, cremos que é bo non interferir na investigación xudicial, aínda que ao mellor sería de interese político, porque a maior parte de todas esas cousas que vostede redactou foron feitas durante gobernos do Partido Socialista.

Por outra banda tamén, permítame que remate dicíndolle que este cauce que plantexa nos parece —déixeme dicir— polo menos pouco ortodoxo, e máis tendo en conta que teñen vostedes grupo parlamentario propio no Congreso, e que sería alí onde deberían presentala. Falaba a súa voceira anteriormente de que hai un rato pedía que non fixeramos exención de responsabilidades. Creo que son vostedes os que están facendo a exención de responsabilidades ou, simplemente, creando barullo político traendo isto a esta Cámara.

Xa comentei tamén noutras ocasións que pasaría se outro Congreso, outro Parlamento, nos indicase...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...—vou rematando, presidente— que tipo de comisións tiñamos que facer neste Parlamento, que pasaría se un Parlamento de Partido Popular en Madrid dixese a un Parlamento de maioría de esquerdas o que tiña que investigar. Estou seguro de que protestarían iradamente.

O Grupo Popular —e remato, presidente— quere deixar claro que comparte esa dor das vítimas, que quere que se chegue ao esclarecemento das causas que provocaron o accidente, que lle gustaría que se fixera ese informe independente, incontrovertido e incuestionable tecnicamente sobre o accidente, e que entendemos que crear interferencias mentres se está *sub judice* non é a mellor forma de axudar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Vaia cinismo, vaia hipocrisía que acaba de demostrar, señor Fernández Prado! Primeiro, con todos os respectos persoais, traer a cuestión persoal aquí como escudo non me parece moi elegante nin lle fai ter máis razón; deixemos iso á parte, ¿verdade? Utilizar iso para xustificar un «non» a unha comisión de investigación paréceme bastante de pouca altura.

Por outro lado, acaba de dicir que temos grupo parlamentario en Madrid. ¡Claro que si! Eu non sei se vostede non se enterou ou non se quere enterar de que xa presentamos na pasada lexislatura a petición da comisión de investigación en Madrid, e non só votaron en contra, senón que o señor Hernando nos tildou de miserables, ¿verdade, señor Fernández Prado?, e non sabe que nesta lexislatura acabamos de solicitala e acaban vostedes de vetala na Mesa do Congreso.

Claro que a pedimos, e perdoen por non ser ortodoxos politicamente, perdoen por buscar os resquicios que puideran vostedes deixar nese muro que queren facer para protexer os seus amigos por encima de todo, a pesar de que veña vostede aquí con *lágrimas de cocodrilo* falar da dor das vítimas. Polo menos non faga iso, non faga iso. Nós estamos buscando todos os camiños posibles para chegar ao mesmo sitio, que vostedes nos están imposibilitando, señor Fernández Prado.

¡Claro que si! Seremos todo o pouco ortodoxos que necesitemos para chegar ao noso obxectivo. Vostedes déixense de comisión técnica. Vostedes xa fixeron, claro que fixeron esa investigación, esa comisión na subcomisión, e foi a que dixo a Axencia Ferroviaria Europea que non era independente, ¡claro que si! Vostedes o que non queren é unha comisión de investigación que depure responsabilidades políticas, porque vostedes están defendendo a mafia, a mafia responsable de todo iso.

Claro que houbo responsabilidades na época do Partido Socialista e do señor Pepe Blanco, pero tamén as houbo no Goberno do Partido Popular. ¿Que máis nos dá a nós iso? Como se foran de En Marea. Non van recoñecer un espazo onde se depuren as responsabilidades políticas para evitar que, por exemplo, señores como o señor Rafael Catalá sexan ascendidos despois de facer o papel que xogou contra das vítimas, maltratando as vítimas e defendendo o conglomerado empresarial da alta velocidade. Ou como o señor Cortabitarte. ¿Por que temos que ter aínda hoxe en día ascendido un señor que puido ser negligente na adopción das súas...? Eu, xa sen entrar na boa ou mala intención, ¿por que temos que ter un incompetente —sendo ben pensado— nun alto cargo do Congreso sen depurar esas responsabilidades? ¿Cre que así se vai mellorar a democracia, señor Fernández Prado? E vostedes son o partido, ademais, que garante a unidade de España, e votan aquí unha cousa, en Madrid outra e en León outra. ¿Son vostedes o partido da seriedade e da boa xestión? Pero ¿que me están contando?, ¿que me están contando?

Vostedes non pediron perdón sequera como Partido Popular polo ridículo que fixeron e polo dano que fixeron. Señor Fernández Prado, mire, ¿vostede leu o informe da Axencia Ferroviaria Europea? ¿Non lle dá vergonza pertencer a un partido que fixo iso? Que llo di a Axencia Ferroviaria Europea, que non é En Marea; non son os comunistas, que queren facer uso partidista diso, non, a Axencia Ferroviaria Europea.

Vostede vén aquí aínda encima descualificar as nosas iniciativas...

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, señor Sánchez, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si.

Vén descualificar as nosas iniciativas porque facemos uso partidista. Mire, o que dixemos nós está recollido nos autos xudiciais. O que dixemos nós dende o primeiro día serviu para imputar o xefe de seguridade de Adif. ¡E que iso é clarísimo! Vostedes queren confundir.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Sobre as emendas, señor Sánchez, por favor, sobre as emendas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, xa remato.

O señor PRESIDENTE: Dígame.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Agradecer ao Partido Socialista sinceramente que apoie esta iniciativa; ao Bloque Nacionalista Galego, tamén agradecerllo. Imos aceptar a emenda do Partido Socialista. Estamos totalmente de acordo coa emenda do Bloque Nacionalista Galego, pero se o noso obxectivo é buscar eses resquicios para, de ser posible, se non unha maioría —polo que vemos— si polo menos incrementar o bloque dos que defendemos a busca da verdade, hoxe non é o momento de introducir esa emenda da comisión de investigación no Parlamento galego, que seguiremos traendo aquí e seguiremos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...apoiando cando vostedes a traian. Pero hoxe creo que non axudaría a lograr o noso obxectivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Tal como se comentou, debatemos agora unha interpelación, en concreto, a do Grupo Parlamentario de En Marea.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política de urxencias médicas e emerxencias

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Rueda.

Hai case un mes preguntámoslle pola folga do 112 e que ían facer vostedes nesta mesma Cámara. E denunciabamos que vostedes non se sentaran cos traballadores e coas traballadoras en folga. E hoxe, un mes despois, logo dun mes e unha semana de que o comité comezase a folga indefinida, vostedes seguen sen sentarse con elas e con eles a negociar absolutamente nada.

Hoxe, un mes despois, señor Rueda, volvo poder dicirlle que, como en abril, me alegro de velo por aquí, porque segue vostede sen acusar recibo da petición de reunión que temos cursada coa súa vicepresidencia e seguimos sen poder visitar as dependencias de Emerxencias. Casualmente xusto onte enviaron un correo xusto antes do pleno para ofrecer unha data e hora moi estrita á que non podíamos acudir. ¡Oh, sorpresa!, dous meses solicitando esa visita e chega xustamente onte. (*Murmurios.*) Menos mal que vostede dixo na anterior intervención que poderíamos visitar a central cando quixésemos.

Os traballadores e as traballadoras, señor Rueda, tampouco saben nada de vostedes —como xa indico—, pero non dende que iniciaron a folga, senón dende hai meses. Precisamente o inicio da folga coincide ou é convocada precisamente porque vostedes se negan a negociar con esa plantilla. A única xuntanza á que foron convocados foi a que lle ofreceu xustamente a empresa o día despois de que tamén preguntáramos nesta Cámara pola súa situación e polo asunto da folga —tamén, ¡oh, sorpresa!, ao día seguinte— para ofrecerlles unhas condicións, unha oferta que era igual que a que levaban meses rexeitando por absolutamente insuficiente.

Nós seguimos sen comprender para que fixeron esa obra megalomaniaca da Estrada do novo edificio das Emerxencias, en vez de dotar precisamente o 112 e o 061 dos medios humanos e materiais que levan moito tempo reclamando; 10 millóns de euros e as obras de ampliación que xa se fixeron antes de inaugurar o centro, cando hai tres anos —lembrámosllo tamén no anterior pleno— estaban investindo na central de Compostela; total, os cartos son de todas as galegas e galegos, non son da Xunta de Galicia.

Pero o que é totalmente incomprendible, señor Rueda, é a imprudencia súa de non sentarse a dialogar, a negociar, cando estamos falando de algo, dun servizo moi sensible como é o da atención ás emerxencias. Como xa lle trasladamos no anterior pleno, cando os traballadores e as traballadoras de Emerxencias deciden ir a unha folga é porque están xa nunha situación de desesperación, de que non existe ningún tipo de diálogo nin hai capacidade de negociar con vostedes, que, independentemente de ter privatizado o servizo, son, dende logo, responsables políticos. De feito, telo privatizado é unha decisión política.

Vostedes mudaron a situación do traballo unilateralmente sen ningún tipo de posibilidade de obxectar por parte desas plantillas, e, non obstante, son elas e eles os que agora teñen que pagar do seu peto ese traslado. Xa o comentamos nalgunha ocasión: 30 quilómetros de distancia cada viaxe, ao redor de tres mil euros anuais de custo en desprazamentos para esas plantillas.

E o peor de todo é que desoíron as advertencias que facían elas e eles en canto á plataforma informática denunciando que non estaba lista. Porque, independentemente do problema a nivel laboral, que está aí e que é moi claro —e ao que vostedes non están atendendo—, hai un problema tamén do funcionamento da propia central. Vostedes querían abrir con premura ese novo edificio cando o sistema informático non estaba listo e os traballadores e as traballadoras levaban advertindo durante meses.

Hai un mes, neste mesmo pleno, xa os acusamos de que nós consideramos que é unha temeridade esa apertura cando o sistema non estaba listo, que os traballadores e as traballadoras tiñan que atender chamadas cos seus teléfonos persoais, que o mesmo día da intervención a plataforma estivera paralizada durante media hora e que se estaban recollendo os avisos de emerxencias con lapis e papel. Contábannos do comité que a xente se ía chorando da tensión do traballo, porque, evidentemente, atender unha emerxencia non é unha broma, e cando non se pode contactar porque o sistema operativo non funciona, xérase unha situación de presión supoño que bastante terrible sobre esas plantillas, sobre eses traballadores e traballadoras, ademais dunha prolongación deses tempos de resposta.

Os bombeiros e o 061 están apoiando tamén a plataforma do 112. Hai un mes desa intervención e vostedes non fixeron absolutamente nada. A plataforma segue dando os mesmos fallos. Estes días enviábannos unha captura de pantalla: está recollendo as incidencias con data de 1970, probablemente a mesma data das políticas do Partido Popular.

E, ademais de todo isto, señor Rueda, o comité de folga ten que estar soportando unha presión externa que está evidentemente adicada —supomos— a que desistan do seu dereito non só a manifestar a folga, senón a reclamar as súas condicións laborais e a reclamar que as emerxencias en Galicia se dean da forma axeitada.

Todos estes días lévannos comentado os problemas que están tendo: non lles permiten entrar en certo horario no seu propio centro de traballo, non lles permiten colocar información nos paneis dedicados para tal fin dentro do seu centro de traballo —o cal incumpre os dereitos dos traballadores e traballadoras á folga—, a partir das 22 horas non poden entrar no edificio. E estes días tamén sucedeu que amoestaron, sancionaron unha traballadora por falar por teléfono con outro compañeiro preguntándolle da folga e como estaba esta situación.

Vostedes, ademais, non están tomando ningún tipo de medida. A situación chega a tal punto que están incluso colocando fotos polo centro con insultos de persoas, incluso da presidenta e doutras persoas do comité de folga. Non se está tomando ningún tipo de medida. E a min paréceme —a verdade—, un mes e unha semana despois do inicio da folga sen ningún tipo de intención pola súa parte de negociar absolutamente nada, que é, dende logo, lamentable que nin sequera se estea respectando o dereito á folga no centro.

Insistimos nisto porque nos parece importante e porque —como xa lle trasladamos o outro día— privatizar ou non é unha decisión política. O comité de folga, apoiado por esa asemblea de traballadores e traballadoras do 112, a Asociación Galega de Técnicos e Técnicas das Emerxencias, a Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias e a Mesa Intersindical de Bombeiros e a Plataforma de Bombeiros Públicos de Galicia teñen feito público un comunicado e

unha rolda de prensa —faltan só dúas semanas— onde trasladan que a realidade é que o problema é realmente toda a falta de recursos humanos e materiais que levaron a esta situación.

E, polo tanto, facían pública a opinión que tiñan sobre como se estaba a asumir a atención das emerxencias no noso país. Debatémolo xa na anterior lexislatura cando se produciu o incendio de Fandicosta e a descoordinación entre os diferentes servizos, que é a súa responsabilidade. Trasladábannos agora que a desfeita non era —ao seu parecer— ningún feito illado, que o 26 de abril eses mesmos elementos volveron manifestarse na maior traxedia dos últimos anos na nosa costa, co naufraxio do pesqueiro *Nuevo Marcos*, que vostede xa coñece. Supoño que coñecerá o contido desta nota de prensa, desa rolda de prensa que trasladaron denunciando a ausencia de coordinación e de medios suficientes para atender as emerxencias no noso país.

Parece evidente que vostedes non teñen ningún tipo de interese en solventar nin a carencia de coordinación de medios humanos e materiais suficientes no 112, nin tan sequera de sentarse con eses traballadores e traballadoras que levan soportando xa como espartanos máis dun mes de folga indefinida sen que vostedes teñan a decencia de sentarse a negociar nin o mínimo aspecto.

E eu preguntolle, señor Rueda —díxeno tamén no anterior pleno—, pois baixo a súa competencia tamén está todo o que ten que ver coa Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia, que tipo de conciliación venden vostedes cun traslado forzoso sen ningún tipo de contra-prestación a traballadores e traballadoras que teñen que facer agora 60 quilómetros diarios para poder desprazarse, ir e vir ao seu centro de traballo. Porque esas tamén son as súas competencias e parece que nin por un lado nin polo outro se están a atender.

Polo tanto, señor Rueda, volvemos traer con esta interpelación as cuestións que xa trasladamos na pregunta e que non foron satisfeitas; tenas por escrito. Agardamos que hoxe por fin dea unha resposta e poidamos saber cando se van dignar a sentarse a negociar a situación de maltrato —ao noso entender— que se está vivindo por parte dos traballadores e traballadoras das emerxencias deste país, que, dende logo, non merecen este tipo de trato non só a nivel laboral senón, evidentemente, polo servizo tan relevante que teñen que prestar.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Señora Solla, efectivamente, estiven aquí hai un mes e hai unha variación: os argumentos que vostede expuxo son exactamente os mesmos que dicía hai un mes; insisto: unha variación. Agora mesmo hai 70.000 chamadas atendidas, máis de 15.000 incidencias corresponden a esas 70.000 chamadas. E con todas as melloras que hai que facer loxicamente nun cambio de sistema, porque non é só un cambio de ubicación —que tamén— para mellorar, é un cambio de plataforma informática, creo que o servizo é moi aceptable. E, dende logo, iso que vostede dicía —teño entendido— nun twitter de que ao haber máis distancia agora tárdase máis en responder as emerxencias, ese disparate, se me permite que llo diga, non se produciu.

Eu lamento moito que non poida visitar o 112. ¡Oia!, efectivamente, dixémoslle que se estaba procedendo a un traslado, que había que facer o traslado, había que dar un tempo lóxico tamén para que ese traslado tivera unha certa estabilidade; un mes parece razoable; joia!, inmediateamente. ¿Dime que coincide con esta interpelación? ¡Oia!, eu o que lle podo dicir é que se lle deu traslado a vostede de que podía visitar o centro tanto este venres como o venres que vén. Comprendo que ao mellor é comezo de fin de semana e a vostede non lle cadra ben, cádralles ben aos profesionais que a teñen que atender, e por iso dixémoslle que podían ser eses días; a vostede, nin este venres nin o que vén. Seguirémolo intentando para dar cumprida resposta ao seu interese e á súa urxencia en coñecer o centro. Seguiremos propoñéndolle datas ata que vostede teña unha na súa axenda política —ou a axenda que sexa— que lle permita visitar o centro. (*Aplausos.*) Polo de pronto ten vostede dúas propostas de data ás que non pode asistir. Eu comprendo perfectamente que as axendas son complicadas, tamén a súa, tamén a dos profesionais que a teñen que atender e que lle teñen que ensinar e responder a todas as dúbidas que vostede plantexe nesa visita, vostede e quen estime oportuno que a teña que acompañar.

Eu alégrome moito de estar aquí un mes despois respostando a esta interpelación, por suposto, é a miña obriga, e alégrome moito, porque —vólvolle dicir— os argumentos que vostede acaba de expoñer son os mesmos, os meus tamén o van ser, coa diferenza —insisto— de 70.000 chamadas atendidas e máis de 15.000 incidencias relacionadas con esas chamadas.

Vostede pode facer demagogia dicindo pois desde que aquilo que lle recordaba de que a distancia do novo centro inflúe na atención de chamadas. Iso ten que explicalo, de verdade, porque non o entende ninguén. ¡Facer demagogia con sucesos tan desgraciados como o naufraxio do *Novo Marcos!*, porque se dixeron tamén, e vostede acaba de dicir aquí cousas que non son verdade e, de verdade, que me alegro moitísimo de poder estar aquí e de expoñerlle como están evolucionando as cousas, cales son as dificultades coas que xa sabiamos que nos íamos atopar, coas que nos estamos atopando, pero cales son tamén as razóns de decidir este traslado e cales son as razóns de interese público que estamos buscando.

Por suposto que é unha decisión política. Ao final os que gobernan teñen que decidir, e, polo tanto, calquera decisión tomada desde un goberno é unha decisión política. Agora, estas decisións tomadas desde un goberno, decisións políticas, son buscando, polo menos son as nosas —supoño que vostede, se algún día ten a oportunidade de gobernar, o buscará tamén—, o interese público; nós, desde logo, buscámolo. Esa foi a razón do traslado, non foi ningún capricho.

¡Oia!, que este traslado xa estaba planificado. É que eu, se quere, vólvolle dicir outra vez que cando chegamos no ano 2009 nos encontramos un traslado decidido, iso si, a outro concello, máis ou menos á mesma distancia que á Estrada. A diferenza era que era moito máis caro e todo contratado polo sistema secreto; todo: a construción do edificio, moito máis cara; a plataforma, que ía quedar desfasada o día que se instalara o sistema informático; todo, todo con ese secretismo co que nos atopamos. Pero era un traslado decidido. Supoño que o Goberno bipartito naquel momento tamén avaliou as condicións nas que se estaba a desenvolver o servizo do 112 e avaliou tamén que era conveniente acadar un traslado a un lugar máis axeitado para atender algo tan importante como as emerxencias. Esa foi a razón, señora Solla; non busque outras, porque non as hai. E creo que vostede o sabe perfectamente.

Pero eu, como creo que aquí o mellor é a total transparencia, explicareille todo o que haxa o día que vostede teña a ben acudir ao 112; tamén llo explicaremos en persoa; pero, mentres, explícollo aquí no Parlamento.

Fai unha serie de preguntas e eu respóndollas sen ningún problema, xa digo, agradecido de poder facelo un mes despois cando xa vimos o centro, o novo centro actuando con chamadas reais.

Dime: ¿que motivos ten a Xunta para ter investido arredor de 12 millóns de euros no novo edificio da Estrada en lugar de dotar de medios os servizos do 112 e o 061, como demandan os traballadores e traballadoras?

Efectivamente, foi un investimento importante, con cartos públicos —insisto, para mellorar—, —insisto outra vez— moito máis barato do que estaba planificado polo Goberno bipartito, entendo que tamén atendendo razóns obxectivas. ¿Vostede cre que investir nun novo edificio, nunha nova plataforma, non é investir nas Emerxencias? ¿A única maneira de investir nas Emerxencias é quedar onde estamos, non plantexarse obxectivos máis ambiciosos, porque ir a un novo edificio cunha nova plataforma, cunha nova formación para os traballadores, iso non é investir nas Emerxencias? Pois eu dígolle que si, que é investir nas Emerxencias.

Polo tanto, o motivo é que cremos que era mellor ese investimento que continuar no sitio onde estabamos. Insisto en que tamén (*Aplausos.*) o creu tanto o Bipartito, composto polo Bloque e o Partido Socialista —algún dos seus membros están hoxe sentados nesta Cámara—. 4.700 metros cadrados, 77 postos iniciais, vaise permitir a integración doutros corpos que tamén atenden as emerxencias. Esas son as razóns para decidir o traslado.

Segunda pregunta. ¿Que pensa facer a Xunta de Galicia en relación co custo que vai ter que soportar o persoal co traslado? ¡Oia!, sabe vostede de sobra que están plantexadas alternativas, outra cousa é que estamos nunha negociación que está aberta. Eu alégrome de que estea aberta. Agora mesmo solicitouse por ambas as dúas partes —entendo; se non, non se tería producido— a mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, e agora mesmo estase intentando chegar a un acordo, ¡oia!, e oxalá que se poida chegar, entre os que teñen que facelo, dito pola propia persoa, polo propio profesional que está facendo a mediación no Consello de Relacións Laborais.

A Xunta non ten que estar mediando, quen ten que estar mediando é a empresa e os traballadores desa empresa, porque esta é unha concesión, como é agora, como foi no Bipartito, que a puido cambiar e non a cambiou, supoño que tamén atendendo razóns obxectivas polas que plantexaron o traslado e como está na inmensa maioría, se non en todas, das comunidades autónomas, de todas as cores políticas; algunhas cambiaron de goberno no ano 2015 e tampouco mudaron a concesión; algunhas gobernadas por partidos afíns ás Mareas de Podemos, e non a cambiaron, supoño que porque cren que é o mellor sistema.

¿Que hai que melloralo? Por suposto, pero que hai que rescatar as concesións porque si, ¡oia!, noutras comunidades autónomas nas que vostedes gobernan ou os seus compañeiros de afinidade política están gobernando non cambiaron tampouco e seguen con este sistema de xestión; supoño que por algo será.

Polo tanto, vénme vostede dicir aquí que o que hai que facer —ou iso lle entendín, e se non é así, espero que mo aclare—, primeiro, é rescatar a concesión. ¡Oia!, non se fixo en ningún sitio, por algo será. Haberá que mellorar as condicións nas que se presta. Por iso decidimos o traslado. Esa é a razón. E, polo tanto, como sabemos que ese é un custo a maiores, por iso están postas proposicións enriba da mesa, para que aqueles aos que realmente lles supón un custo maior o traslado do 112, porque non a todos, vostedes saberá, outra cousa é que o diga, claro, loxicamente cada un vive onde quere, había xente que agora mesmo o centro de traballo lle queda máis cerca na Estrada do que lle quedaba antes. Polo tanto, os prexuízos non son iguais para todos. A aqueles que teñen un prexuízo por suposto que hai que ofrecerlles unha compensación, e iso estase facendo. Outra cousa é que se estea de acordo en que esa compensación é dabondo ou non é dabondo, e iso é obxecto da negociación. E sabe vostede que había plantexada unha indemnización, a posibilidade dun autobús, todo aquilo que se puxo enriba da mesa, e que agora terán que ser os representantes dos traballadores os que acorden se é dabondo ou non é dabondo.

¿Ten pensado a Xunta reconsiderar o traslado? ¡Oia!, non. Fixémolo para mellorar, cremos que se mellora e, polo tanto, como lle dicía, os gobernos están para tomar decisións políticas, e nós tomamos esa decisión. Cremos que ten moitas máis vantaxes que os inconvenientes que poidan derivar.

¿Ten pensado a Xunta sentarse a negociar as condicións de traslado? Creo que llo acabo de respostar.

¿Por que non contestan a solicitude desta deputada para visitar as instalacións? Dúas solicitudes; en fin de semana non puido ser, non en fin de semana, perdón, a principios de fin de semana. Seguiremos intentando algo que poida satisfacer ao mesmo tempo a súa axenda e a súa urxencia, que parece que son cousas un pouco incompatibles.

E, por último, última pregunta: ¿responde este traslado a unha intención de fusionar os servizos? Non. Responde a unha vontade de integralos. O 61 é unha cousa, o 112 é outra. Vostede, por certo, está pedindo visitar as instalacións do 061 na Estrada. É que non está trasladado aínda, é que non funciona. Eu o que lle podo ofrecer —tamén é a miña responsabilidade, como responsable directo das emerxencias que atende o 112— é que visite o 112, que supoño

que é o que lle interesa, que é o que está funcionando. Cando se traslade o 061, supoño que é o momento de ver sobre o terreo as condicións nas que se desenvolve o servizo que presta o 061.

Pero, en todo caso, o que lle podo dicir é que non hai ningunha intención de unificalo, hai a intención de coordinalo, porque así funcionan mellor as Emerxencias, e supoño que niso vostede estará de acordo; eu polo menos o estou e creo que a inmensa maioría dos galegos tamén.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor vicepresidente, eu non lle tolero as faltas de respecto e a miña axenda non é opinable por vostede, igual que eu non vou entrar a opinar sobre a súa axenda. Pregaría, por favor, que vostede se cinguise ao respecto que se agarda dun vicepresidente dunha Xunta como é a nosa. (*Aplausos.*)

E vostede trasladou que eu empregaba os mesmos argumentos, pero vostede emprega os mesmos; de feito, volve utilizar un tuit; recordará que eu xa lle dixen que me alegraba de que me seguise en Twitter, vostede contestoume que non me seguía.

O argumento é o mesmo, e eu, se quere, volvo explicarlle o mesmo. Claro que os tempos de resposta se poden atrasar se hai que mobilizar efectivos que están localizados na súa vivenda —iso é de matemática pura, creo que o pode entender calquera persoa—, porque, evidentemente, se teñen que trasladarse ante unha catástrofe grande do seu domicilio ao centro actual, é obvio que teñen que empregar un tempo, porque o teletransporte aínda non existe, señor Rueda.

Claro que hai chamadas atendidas dende a apertura, porque a xente está traballado. Iso é evidente. Iso non significa que o sistema operativo estea funcionando ben. E preocúpanos moito que vostede se desentenda das súas obrigas. Trasladámoslle hai un mes o que estaba acontecendo, a día de hoxe seguen existindo problemas e a día de hoxe vostede segue sen resolver eses problemas. E digo vostede; evidentemente, hai máis xente traballando en Vicepresidencia, porque a responsabilidade máxima a nivel político é súa.

Por certo, tamén estaría ben que contestase á petición de xuntanza, porque a Consellería de Sanidade si que me contestou sobre o do 061, pero iso é outra cousa.

E chámame bastante a atención que diga que eu traslado aquí cousas que non son certas, ou falacias, porque o que está dicindo é que, polo tanto, vostede afirma que os bombeiros de Galicia, as Emerxencias de Galicia, o 061 en Galicia menten absolutamente todos e só vostede

ten razón cando denuncian os problemas de coordinación na atención das emerxencias. E xa dixen que lía textualmente, e vouno volver facer.

O pasado 26 de abril estes mesmos elementos volveron manifestarse na maior traxedia dos últimos anos na nosa costa. No naufraxio do pesqueiro *Nuevo Marcos*, no que perderon a vida tres mariñeiros, os medios de resposta acuática máis próximos que poderían apoiar Salvamento Marítimo eran os dos bombeiros de Pontevedra, que en ningún momento foron mobilizados, xa que o organismo que os debería ter alertado, o 112, descoñecía que este parque contase con ese tipo de recursos, o que demostra da maneira máis dolorosa o significado práctico de carecer dun mapa de recursos, igual que en Fandicosta.

Aínda máis, o colapso que o persoal do 112 vén denunciando evidenciouse no feito de que á hora de mobilizar outro recurso esencial para aqueles mariñeiros, o helicóptero de rescate *Pesca I*, a plataforma tecnolóxica bloqueou a chamada de alerta, atrasando arredor de 10 minutos a saída dos medios aéreos, un retardo inasumible que ten uns responsables directos ben identificables.

Se a situación xa era de seu alarmante, o traslado do centro de Emerxencias 112 está a entender o colapso a outros organismos: urxencias sanitarias, parques de bombeiros, dispositivos de rescate e salvamento, forzas de seguridade, protección civil, etc., tal e como denunciámos o día 22 de abril nunha rolda de prensa que a Xunta de Galicia decidiu ignorar.

Vostede segue de costas aos traballadores e traballadoras, e o que é peor, segue de costas a todas as galegas e galegos, porque son as Emerxencias do noso país, e se non funcionan ben, a responsabilidade é súa. E se vostede as ten privatizadas, a responsabilidade é súa, e non pode descargar nin nas plantillas nin na empresa a responsabilidade política que vostede ten por ser vicepresidente da Xunta de Galicia. Non sei se eu vou ter responsabilidade tal algunha vez, o que sei é que agora mesmo vostede a ten e debería facerse cargo dela.

Vostede non pode descargar esa responsabilidade na empresa e quedar tan tranquilo. Non é simplemente unha cuestión laboral. Vostedes deciden trasladar a central, pero as consecuencias son para as plantillas, e vostede desenténdese. ¿Que tipo de responsable é vostede? Entendo que isto debería preocupalo, en primeiro lugar, pola situación desas plantillas, e — repito —, en segundo, porque estamos falando das Emerxencias de Galicia.

E, por favor, preferiríamos que isto non tivese acontecido, preferiríamos non ler esta nota de prensa, oxalá funcione ben a partir de agora e non haxa ningún problema e non teñamos que volver traer isto aquí. Pero a realidade é que non é así, a situación é grave e eu considero que o mínimo que pode facer é escoitar esas persoas que lle están dicindo que isto non funciona de maneira axeitada, porque son precisamente os traballadores do 061, do 112, os bombeiros do noso país, os que saben mellor ca vostede, mellor ca min, como funcionan as Emerxencias do país.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche desta interpelación, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Solla, lamento que lle moleste tanto a alusión á axenda, pero é que é certo. Tiña moita urxencia e non puido ser, ímolo seguir intentando ata dar coa data que lles conveña aos profesionais e que lle conveña a vostede tamén. Non é ningunha falta de respecto, é unha realidade que aconteceu e que como vostede a nomeou na súa interpelación, facía a pregunta, e cando falou na primeira intervención díxoo, eu dígoo, nesas datas para vostede non pode ser polas razóns que sexa.

¡Oia!, eu respecto a súa axenda, pero tamén teño que dicir aquí unha realidade que está aí e que agardo, de verdade, e que me interesa moitísimo, que vaia alí e que vexa realmente en que consiste o novo edificio, cales son as melloras, que novas prestacións hai. ¿Que hai problemas? É un traslado, por suposto, e o principal problema é que hai unha folga cunha redución de efectivos que teñen que atender as emerxencias e, polo tanto, iso, ¡oia!, non é un tema que se poida descoñecer.

Pero vólvolle dicir: é que vimos aquí un mes despois con moitísimas chamadas atendidas e creo que cun nivel de atención satisfactorio, e iso empezando porque quen ten o mérito, por suposto, son os profesionais que as atenden. ¡Pero é que ata aquí poderíamos chegar! E os profesionais son os que saben das emerxencias, nin vostede nin eu.

Eu por iso pregunto e lle pregunto a todo o mundo. Vostede eu creo que non lle pregunta a todo o mundo. Fala aquí —dicía, tomei nota— dos bombeiros de Galicia. ¿Todos os bombeiros de Galicia foron os que dixeron isto? Non, unha serie de profesionais, pero hai outros moitos profesionais entre os bombeiros de Galicia. Non diga «os bombeiros de Galicia» e diga «uns bombeiros concretos».

Non fale das Emerxencias de Galicia. ¡Oia!, ¿que son as Emerxencias de Galicia? As Emerxencias de Galicia, afortunadamente, están compostas por moitos profesionais, moitos voluntarios, que non se deixan influenciar nin pola súa opinión nin, seguramente, pola miña tampouco, senón que observan, e todos, todos non, ¡xa me gustaría que foran máis aínda!, tiveron a oportunidade, antes de que estivera funcionando, nalgunhas xornadas que tiveron, de ver aquilo que se estaba construíndo alí, de ver aquilo que se lles planteaba, o que se lles explicou, e todos opinaron que era unha mellora evidente. As Emerxencias de Galicia, das que vostede fala con tanta alegría e arrogando a representación de todos eles, son miles e miles de homes e mulleres que teñen opinión diferente á súa e á miña, non ten por que coincidir con ningunha das dúas, e eu simplemente o que pido é que sexa obxectiva.

O 061. Agora resulta que o 061 critica o 112 e di que todo é un desastre, segundo lle entendín a vostede —supoño—. Vostede falou do 061, dos bombeiros, das Emerxencias. Todo o mundo está de acordo con vostede e dá igual a realidade. Non é así, afortunadamente, e o que hai que facer é que cada vez pase máis tempo, que cada vez a plataforma se acople máis, que

cada vez se normalice máis todo e, por suposto, que se solucione o conflito laboral. Porque estamos falando —e eu estou de acordo— dun conflito laboral.

Isto é o que hai e sobre todo vostede quere mesturar —e xa lle digo que fai demagogia, xa llo dixen na miña primeira intervención e volvo dicilo agora— con que o conflito laboral está directamente relacionado cun desastre nas Emerxencias, porque nada funciona, porque está todo moito peor e porque se evolucionou para unha prestación moito peor da que había antes. Non é certo. É certo que hai un conflito laboral, é certo que se ten que solucionar, é certo, e vólvolle dicir: a mediadora do Consello dixo que quen tiña que estar sentado eran as partes que estaban sentadas. A Xunta de Galicia recibiu os traballadores, en sete ocasións, escoitounos, falou coa empresa para que puxera enriba da mesa propostas, pero, ao final —e iso vostede sábeo de sobra, sábeo igual ca min—, quen ten que chegar a ese acordo, quen ten que pechalo son as partes directamente afectadas, que son, en primeiro lugar, as que negocian, e iso pasa en todos os servizos de xestión indirecta, as empresas concesionarias, neste caso a que ten concesionado o 112, e os traballadores e traballadoras do 112, que oxalá cheguen a un acordo, somos os primeiros interesados.

Pero non diga vostede que isto é o que ten que facer a Xunta de Galicia, porque todos os servizos que funcionan indirectamente —insisto—, moitos en gobernos xestionados agora mesmo por Podemos noutras comunidades autónomas, funcionan exactamente igual, e se houbera un conflito pódolle asegurar, se o poñen en mans da autoridade laboral, que se resolvería exactamente igual.

Polo tanto, señora Solla, eu agardo que o día que poidamos coincidir, que vostede poida asistir ao 112, vexa o que hai alí realmente, vexa o investimento pagado con cartos públicos. Pódémolle explicar tamén por que non o quixemos facer a máis distancia probablemente que o da Estrada, no concello de Oroso, un edificio moito máis caro, contratado polo sistema secreto, contratado con todas as reservas, sen que ninguén coñecera nada. Aquí, luz e taquígrafos, transparencia e que funcionen ben as Emerxencias. Demagogias, as mínimas, e nun tema tan serio, moito menos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións concretas que está a levar a cabo a Unidade de Policía Adscrita no ámbito da protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señor vicepresidente, combater a violencia contra as mulleres é unha responsabilidade de todos, é unha responsabilidade de toda a sociedade e é unha responsabilidade de todos os

poderes públicos. A sociedade manifesta, como sempre, unha actitude de tolerancia cero contra a violencia machista. Temos que impulsar que esa tolerancia cero tamén se traslade aínda á parte da sociedade que non entendeu esa mensaxe, que non entendeu esa necesidade de denunciar cando teñan coñecemento dalgunha situación de violencia machista no seu contorno, e acompañar esas persoas que deciden presentar esas denuncias ou acompañar as vítimas cando deciden denunciar.

Os poderes públicos tamén temos a obriga de poñer en marcha medidas, de poñer en marcha recursos para as vítimas, pero tamén temos unha responsabilidade, que son as nosas manifestacións públicas. Non se pode dicir que non hai recursos, non se pode dicir que non se teñen posto en marcha medidas, porque iso pode provocar o efecto contrario do que se busca, que é que a vítima denuncie ou que a vítima inicie un camiño para a saída da súa situación acompañada por esas medidas, por eses profesionais que están á súa disposición e por eses recursos que todos poñemos en marcha, dun xeito ou doutro, todas as administracións implicadas en combater a violencia de xénero.

Somos conscientes de que a Xunta de Galicia e o Goberno do Partido Popular, dende o ano 2009, que leva gobernando en Galicia, puxo en marcha moitísimos recursos e moitísimas medidas para mellorar a prevención e o tratamento da violencia machista: o asesoramento xurídico *on line*, a gratuidade da asistencia xurídica dende o primeiro momento, así como que a Xunta se persone como acción popular nos asasinatos machistas, a incorporación ao Código penal dos delitos de acoso ou hostigamento, mesmo a difusión das imaxes íntimas, así como a manipulación dos aparellos de control instalados nos agresores, o comedor escolar para os fillos e fillas, a posta en marcha dun servizo de teletradución para as mulleres estranxeiras que non coñecen as nosas linguas, a atención específica para mulleres xordas, a coordinación dos servizos de acollida con outras comunidades autónomas, a prevención, investigación e tratamento de mulleres vítimas de explotación sexual, a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero; no ámbito da educación, o contido transversal, e tamén o incremento dos orzamentos do ano 2017 respecto dos do ano 2009, especialmente nas axudas periódicas.

Tamén sabemos que, ademais destas medidas, se ten posto a Unidade de Policía Adscrita agora no ámbito das vítimas de violencia de xénero. Querémoslle preguntar, señor vicepresidente: ¿en que actuacións se está a concretar a actividade operativa da Unidade de Policía Adscrita no ámbito da protección das vítimas de violencia de xénero?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, pois a verdade é que se teñen feito esforzos en canto á actuación da Unidade de Policía Adscrita, o último recurso incorporado na Xunta de Galicia á loita contra a violencia de xénero. Sen caer en ningún triunfalismo, porque esta é unha tarefa á que lle queda moitísimo traballo por diante e que non admite ningún descanso ata que se erradique —oxalá que isto poida pasar algún día—, o certo é que esta visión transversal integral que permite coordinar toda a Xunta de Galicia e, polo tanto, tamén a Unidade de Policía Adscrita como parte importante do recurso da Vicepresidencia, vai dando froitos a través desa Comisión interdepartamental que reúne dende o ano 2013 —insisto, eu creo que así hai que facelo— os diferentes departamentos da Xunta de Galicia; ou sexa, que en todos os interesados nesta loita se van dando pasos importantes.

E o último foi, no pasado verán, a incorporación da Unidade da Policía Adscrita, da Policía Autonómica, á loita contra a violencia de xénero. ¿Que fixemos primeiro? Asinar, como vén sendo obrigación —recordo—, a dependencia funcional do persoal da UPA ao Ministerio do Interior e, polo tanto, era o Ministerio, a través das forzas e corpos de seguridade en Galicia, quen xa viña desenvolvendo esa tarefa e, polo tanto, tivemos que asinar un protocolo, incorporación a VioGén, para que os funcionarios da Unidade puideran tamén desenvolver esta tarefa. Impartiuse tamén a necesaria formación específica e, por último, creouse, dentro da Unidade de Policía Adscrita, a Unidade de Prevención, Asistencia e Protección ás vítimas de violencia de xénero, que así se chama.

Na segunda parte da réplica dareille estatísticas deste tempo, destes meses que xa van. Creo que xa é tempo dabondo para poder extraer algunha conclusión, polo menos temos cifras que o permiten, pero despois destes tres pasos que lle dixen (asinamento dun protocolo e formación e creación desa unidade específica), o que fixemos estes meses foi colaborar co Corpo de Policía Nacional en todas as chamadas que se producían respecto á probable existencia dun episodio de violencia de xénero, desprazando os medios dos que dispoñía a Unidade, atender de xeito singularizado aquelas vítimas que se nos encomendaron, incluída a achega de información detallada sobre os procedementos legais, as vítimas, institucións de apoio, trámites que tiñan que facer, como había que facer a denuncia; todo iso é algo que hai que facer sempre cando se produce un episodio deste tipo, e, polo tanto, despois desa formación, os funcionarios e funcionarias da Unidade estaban preparados para facelo.

Despois, cando fora necesario, traslado das vítimas ao centro asistencial cando se produce unha agresión, así como á comisaría para poder poñer a denuncia e para poder valorar o risco que, efectivamente, se tiña producido; recoller datos sobre o agresor, sobre o presunto agresor, e posta en marcha das medidas de seguridade oportunas, as que foran necesarias; e adopción das medidas de protección que están establecidas nos correspondentes protocolos en función do nivel de risco que fora o máis axeitado para a vítima.

Estas actuacións iníciense ás veces de oficio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...por suposto a instancia da vítima ou a requirimento

de terceiros e, ás veces, por chamadas dos servizos de emerxencia, tamén ao 112, do que acabamos de falar agora mesmo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, coa súa explicación que nos acaba de facer aquí sobre a actuación que está facendo a Unidade de Policía Adscrita, xunto con algunhas das medidas e recursos que eu acabo de expoñer na miña primeira intervención, vemos como o Goberno do Partido Popular, lonxe de amosar pasividade, como din algúns membros doutras forzas políticas acusando o Partido Popular de que os recortes en materia de violencia machista matan e utilizando a violencia machista como arma arreboladiza política, nós queremos manifestar a nosa repulsa contra esas manifestacións, porque cremos que é unha falta de responsabilidade, que hai que ser responsables á hora de facer este tipo de manifestacións, señor vicepresidente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Este é un tema absolutamente serio no que a responsabilidade política ten que estar por riba de calquera interese partidista e por riba de calquera rédito electoralista que se queira sacar. *(Aplausos.)*

Quero felicitalo, señor vicepresidente, e o Goberno que vostede representa neste momento, contestando a esta pregunta, porque, a pesar de que a algúns lles gustaría que, efectivamente, vostedes, o Goberno do Partido Popular, tiveran investido menos en políticas de igualdade, en prevención e en tratamento de violencia de xénero, a realidade é moi teimuda, e non só no ano 2017 se incrementan os orzamentos destinados a vítimas de violencia machista, senón que tamén outras cuestións, como a que vostede acaba de manifestar, poñendo a Unidade de Policía Adscrita a defender e atender as vítimas de violencia machista, e que non está neses orzamentos, amosan un compromiso absoluto do Partido Popular coa loita contra a violencia machista.

Eu agardo que todos os responsables políticos deixen a un lado esas manifestacións irresponsables que o único que fan é poñer a vítima nunha situación de ao mellor non presentar unha denuncia porque pensan que non hai recursos, que non hai medidas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e que non hai políticas que van acompañalas nese duro camiño de saída da violencia machista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora Prado, como lle dicía na réplica, creo que, contestando á súa pregunta, corresponde dar os datos destes meses, que son os meses iniciais, pero que xa teñen transcorrido nun número creo que dabondo para poder ofrecer datos indicativos do que se está facendo.

Polo tanto, e tendo en conta que, por suposto, a atención, a loita contra a violencia de xénero ten que ser prioritaria para todos e todas as profesionais da Unidade de Policía Adscrita, digo que se creou un grupo específico dentro da Unidade, ademais unha serie de quendas de apoio, que teñen como misión principal, dentro das tarefas de apoio, apoiar este grupo específico. En total, entre o grupo específico e as quendas de apoio, 365 días ao ano, 24 horas, son máis de 70 os profesionais que teñen a atención á loita contra a violencia de xénero, a atención ás vítimas, como unha das súas misións principais; 13 exclusivamente a iso e despois 66 que teñen entre as súas tarefas de apoio esta como a principal.

¿Cales son os datos que arroxa esta adicación? Pois —xa digo— nestes meses 183 mulleres vítimas de violencia de xénero foron atendidas pola Unidade de Policía Adscrita. Por darlle un desglose un pouco máis detallado, 29 en Santiago, correspondendo ao despregamento da Policía Autonómica; na cidade da Coruña, 47, na zona de actuación que teñen na cidade da Coruña; en Lugo, 23; en Ourense, 28; en Pontevedra, 17; en Vigo, 41. En total, como lle dicía, 185, actualizados os datos a día de hoxe.

Por tipos de actuación: 17 detidos; 504 informes de valoración do risco da vítima; contravixilancias, máis de 12.500; identificacións, case 600; colaboración —entendendo como colaboración un abano amplo: acompañamento aos xulgados, aos hospitais e todo o que necesitan as vítimas—, 170; contactos con vítimas, entrevistas, orientacións, 1.500; e atención de requirimentos directos, non por indicación da Policía Nacional, que se teñen producido moitos así —xa digo, sobre todo nestes primeiros meses eles eran os que ata o de agora se encargaban en exclusiva deste servizo—, requirimentos directos, 250.

Polo tanto, xa digo que oxalá houbera que dicir que as cifras foron cero, pero, como non van ser, por desgraza, que se estabilicen cando menos e que despois de cada unha destas cifras saber que está unha muller que necesita das forzas e corpos de seguridade, e é un orgullo dicir que agora mesmo a Unidade de Policía Adscrita, a que está ao servizo de Galicia, tamén participa nesta tarefa fundamental.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. José Manuel Pérez Seco e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posición do Goberno galego respecto do requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia en relación co Decreto 12/2017, polo que se establece

a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Pérez.

O señor PÉREZ SECO: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor vicepresidente, o sector do turismo a día de hoxe é un sector de peso estratéxico e tamén unha das actividades económicas máis importantes para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e a favorecer o reequilibrio territorial. A tendencia a alugar a vivenda habitual por días ou por semanas, tanto por parte dos particulares como por parte dos turistas, pode ser entendida nalgunhas ocasións como competencia desleal, o que vai en contra da realidade dos destinos turísticos. Nada máis lonxe da realidade. Precisamente é por iso polo que existe un gran consenso no sector na necesidade de regular esta nova tendencia.

A oferta da vivenda de uso turístico é unha realidade que responde a unha nova demanda e que non é incompatible con outras ofertas tradicionais. Cumpre un importante papel dentro do turismo, para que os potenciais usuarios non fuxan a outros destinos, e esta oferta debe estar rexida por unha normativa fácil e clara de cumprir. É polo que o Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, regula as vivendas de uso turístico, sempre que cumpran os requisitos, e á vista do recollido nel cabe a dúbida dun diálogo construtivo con concellos e coas asociacións do sector e, ademais, case con certeza, a posibilidade de cumprimento do mesmo nos termos establecidos.

O decreto do que estamos a falar entrou en vigor o pasado 10 de maio, a pesar das queixas dos propietarios e o seu recurso ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e dos requirimentos da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, que considera os seus requisitos demasiado restritivos.

A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia entende, por tanto, que as disposicións afectadas deben suprimirse ou modificarse para favorecer en maior medida o interese xeral, de forma que non supoñan un obstáculo ao desenvolvemento da competencia efectiva. A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia xa actuou polo mesmo motivo contra outras comunidades, como son Canarias e Madrid, onde os tribunais de xustiza apoiaron as súas teses.

Tamén a Comisión Europea comparte o enfoque da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia sobre as restricións que elevan os custos da entrada no mercado, desalentan operadores que xa estaban a participar no mercado con novos modelos de servizos e reducen o número de competidores e incentivos para que haxa prezos máis eficientes e competitivos.

Por iso, o grupo parlamentario faille a seguinte pregunta: ¿cal é a postura do Goberno galego sobre o requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia no relativo ao Decreto 12/2017?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Pérez Seco, dicía vostede —ou entendín— que existe un consenso xeral entre todo o sector na necesidade de regulamentar todos os fenómenos turísticos novos que se van producindo, todos os xeitos novos de prestar servizos turísticos, por suposto, entre eles, as vendas de uso turístico. E a proba e demostración de que había consenso e necesidade é que o Goberno galego decidiu facer esta regulamentación e aprobar o decreto.

¿O máis doado sería non ter feito nada? Probablemente. Non se equivoca quen non fai nada, pero ao mellor equivócase continuamente precisamente por non facer nada, e nós desde logo aquí o que non podíamos é estar de brazos cruzados cando efectivamente era unha demanda do sector. E elaboramos e aprobamos este decreto, con moito debate, con moitas discusións, porque aquí hai moitos intereses, que non teñen por que ser coincidentes, aínda que ao final todos coincidan na defensa do sector turístico, pero, ¡joia!, con moitas aportacións que se recolleron; loxicamente non todos os sectores poden pensar que estaba todo recollido no decreto que finalmente se aprobou, pero creo que si cun grande consenso, e por iso teño que dicilo.

Ao final, cada organismo ten a súa opinión. Efectivamente, a Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia fíxolle un requirimento á Xunta de Galicia. Hoxe mesmo ten estado aquí o seu presidente e podo ler exactamente o que dixo, despois de reunirse co presidente da Xunta: «*La reunión con el presidente ha sido cordial, como no puede ser de otra manera entre una institución independiente*» —por iso, se decide facer un requirimento, está, como non podía ser menos, en perfecto dereito— «*y el Gobierno de una comunidad turística pujante.*».

Eu creo que pouco que engadir despois desta declaración do propio presidente, que recoñeceu tamén que entre todos os decretos que se corresponden a tantas comunidades autónomas con actividade turística puxante que decidiron regulamentar este novo servizo turístico é o menos restritivo de todos. Aínda así, consideran que hai cousas coas que non están de acordo. Están no seu dereito, por suposto —volvo dicir: organismo independente—, a facer un requirimento solicitando correccións e a Xunta de Galicia está en todo o seu dereito a argumentar que cremos que o que reflicte o decreto —insisto: despois de moito diálogo co sector, despois de recoller e incorporar moitas alegacións— responde á realidade que se dá en Galicia.

Polo tanto, cremos que non restrinxe a competencia entre empresas, e iso lle diremos a esta comisión. Cremos que é necesario que quede perfectamente clara a definición de vivenda de

uso turístico, porque é o que estaba reclamando o sector, para diferenciar os outros fenómenos de utilización de vivendas con fins turísticos, pero non as vivendas de uso turístico, que, polo tanto, teñen que quedar definidas para saber como se poden utilizar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e que cousas se poden facer e que non. E tamén creo que se solicitaron unha serie de requisitos mínimos que —insisto— pedía unha gran parte do sector. Iso é o que lle imos dicir á Comisión e despois a Comisión terá, loxicamente, que pronunciarse.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, estamos de acordo en que existe unha gran demanda do sector para regularizar estas vivendas, pero dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que faltou diálogo ou un pouquiño máis de diálogo con todas as asociacións que aportaban algunha cousiña para ese decreto.

Tampouco entendemos que fora só diálogo todo, porque o mesmo día en que entrou en vigor o decreto a Xunta publicou unha instrución interpretativa para tratar de despexar os aspectos que xeran máis polémica do decreto.

Entón, hoxe xa vimos que estivo aquí o presidente da Comisión e que se reuniu, como ben dixo vostede, co presidente da Xunta e que quedaron en citarse para seguir reuníndose máis adiante.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Pois así é, señor Pérez Seco. Nós non podemos pretender que a Comisión retire os seus requirimentos e as súas consideracións porque si, igual que a Comisión non pode pretender que faga o contrario a Xunta de Galicia.

Nós o que imos intentar é expoñer as nosas razóns. Eu creo que é importante deixar claro —e ela tamén, e que en certo modo agradezo a oportunidade— e insistir en que foi un de-

creto moi traballado e moi falado. Diciao na primeira intervención: é que é imposible, nunca hai diálogo dabondo e é imposible que todo o mundo estea de acordo e, ademais, nun tema coma este, onde hai intereses —insisto— non necesariamente coincidentes.

Había tamén axentes que traballan no sector turístico que nos dicían que o que había que facer era non facer ningunha regulación ou prohibir directamente este tipo de vivendas de uso turístico, porque entraban en competencia con outras formas de aproveitamento, outro xeito de explotación. Nós dixemos que non, que era un fenómeno que existía e, polo tanto, era necesario regulalo, e por iso se fixo un procedemento de información pública, por iso despois se publicou despois desa información pública, para que puidera haber —e, de feito, houbo— máis alegacións —e tamén se tiveron en conta moitas delas—, houbo moitas reunións da Administración turística de Galicia con todo aquel que quixo esa reunión, incluída unha asociación que agora mesmo quizais é que estea levando a voz máis crítica, tamén houbo unha reunión con eles cando estiveron constituídos.

Xa digo: reunímonos con xente que non quería que existiran as vivendas de uso turístico, con xente que quería que existiran a toda costa, e, dentro dos que querían que existiran a toda costa, algúns que querían que fora como ao final foi no decreto: unha vivenda única considerada, e outros que dicían que non, que se podía facer un alugueiro por habitacións, e de todas as opinións había e, loxicamente, quen intenta contentar a todo o mundo acaba non contentando a ninguén.

Polo tanto, despois de escoitar a todo o mundo, intentamos facer unha regulamentación o máis obxectiva posible e o máis acaída ás necesidades que hai en Galicia, porque cremos, efectivamente, que o fenómeno, que é un fenómeno global, como moitos dos que se producen no mundo do turismo, ten características específicas en Galicia e, polo tanto, teñen que ser regulamentadas mediante un decreto. Xa digo que o máis fácil sería non ter feito absolutamente nada e agora ao mellor non estaríamos falando nin do requirimento da Comisión nin do que pasou noutras comunidades autónomas que tamén estimaron conveniente facer este regulamento.

Polo tanto, aquí o que se busca é garantir a seguridade no uso deste recurso turístico. A calidade na oferta forma parte da oferta turística; polo tanto, hai que regulamentala para garantir a súa calidade. Creo que iso nos interesa a todos: a satisfacción dos usuarios, que son os mellores propagandistas para que outros usuarios veñan tamén facer uso dos recursos, dos nosos recursos, non molestar os residentes —creo que tamén é importante; o turismo está moi ben, pero os que viven aquí todo o ano tamén teñen os seus dereitos— e loitar contra o intrusismo, que creo que iso nos importa a todos.

En definitiva, todo iso foi o que se buscou. Non todo o mundo —volvo dicir— está satisfeito, pero creo que si a inmensa maioría, e, sinceramente, con independencia do requirimento da Comisión e das consideracións legais, cremos que cumprimos a legalidade e así o defendemos. A maior parte dos interesados no desenvolvemento turístico están de acordo en que había que facer o decreto e que é un bo decreto.


Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e catro minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25